



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 83

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 15 de marzo de 2011

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único:

Debate anual de política xeral: comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 08/DEBA-0002 (58840)

Publicación, BOPG núm. 411-2, do 16.02.2011

Ábrese a sesión as dez da mañá.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 3.)

A señora presidenta suspende a sesión e anuncia que esta se retomará ás catro da tarde. (Páx. 21.)

Suspéndese a sesión ás once e corenta e tres minutos da mañá e retómase ás catro e tres minutos da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 21.), *Sr. Vázquez Fernández (S)* (Páx. 30.) e *Sr. Ruíz Rivas (P)*. (Páx. 38.)

A señora presidenta anuncia unha suspensión da sesión por un tempo máximo de quince minutos. (Páx. 46.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 46.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 56.), *Sr. Vázquez Fernández (S)* (Páx. 59.) e *Sr. Ruíz Rivas (P)*. (Páx. 62.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 65.)

A señora presidenta informa á Cámara do prazo de presentación das propostas de resolución, que será ata mañá, día 16, ás dez trinta horas, así como da posterior cualificación pola Mesa e da distribución aos grupos parlamentarios das propostas admitidas para o seu estudo antes de proseguir coa sesión plenaria ás dezoito horas, seis da tarde. (Páx. 72.)

Suspéndese a sesión ás nove e seis minutos da noite.

Ábrese a sesión as dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede a súa lectura. Non se xustificaron inasistencias.

Señorías, antes de entrar na orde do día, en solidariedade coas vítimas e en xeral con todo o pobo de Xapón pola traxedia que están a vivir, prego un minuto de silencio.

(A Cámara, posta en pé, garda un minuto de silencio.)

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Señorías, entramos na orde do día, que ten un punto único.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para a súa intervención o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Quero dedicar as miñas primeiras verbas a render unha fonda e sentida homenaxe a cantos galegos de onte e de hoxe contribuíron á defensa da identidade de Galicia e a crear as condicións xurídicas, políticas, económicas e sociais para que hoxe exerzamos o autogoberno.

Eles abríronnos un camiño de esperanza e responsabilidade para que, facéndonos hoxe protagonistas desta etapa da historia, academos meirandes cotas de benestar nun marco de convivencia pacífica e democrática.

Deste xeito inauguraba o presidente Xerardo Fernández Albor esta institución baixo o acubillo do Estatuto de auto-

nomía, que cumprirá en mes e medio trinta anos da súa publicación oficial. Imaxino a emoción de calquera deputado da época, que no seu escano era plenamente consciente do momento histórico que vivía. Imaxino a súa ilusión por ser partícipe das primeiras reflexións sobre a autonomía e a súa participación no Estado. E imaxino mesmo a súa inquietudanza ante a ameaza de que aquel autogoberno recentemente estreado se convertese nun intento errado.

Dende entón, neste hemicycle téñense sucedido debates diferentes en diferentes contextos. Malia iso, en todos eles a nosa terra soubo aproveitar a conquista democrática para practicar a súa singularidade no Estado autonómico. Que hoxe esteamos aquí, demostra que Galicia xa conta cunha autonomía e unha democracia madura e consolidada. Pídoles que sexamos conscientes diso.

O modelo que outros, antes ca nós, normalizaron, segue a ser hoxe extraordinario. É extraordinario porque foi ao amparo da autonomía como Galicia conseguiu e exerceu novas competencias. É extraordinario porque Galicia incrementou a súa converxencia económica con España e con Europa. E é extraordinario porque foi como Galicia afrontou tamén retos e dificultades históricas.

Somos afortunados porque, tres décadas despois daquela intervención, o sonho autonómico conta con vimbios fortes e cunha utilidade contrastada, malia a que hoxe, como entón, a nosa responsabilidade de autogoberno chega nun intre de crise económica e política que afecta a toda España, nun contexto mundial nada favorable.

Señoras e señores deputados, certamente este debate celébrase na situación máis difícil posible pero tamén no momento máis necesario e procedente para que teña lugar. É a oportunidade de que, entre todos, poidamos aportar críticas, autocriticas, opinións, ideas, propostas, respostas, decisións e accións para contribuír a despexar as incógnitas, as incertezas e as dúbidas que están hoxe instaladas na sociedade.

Unha sociedade que padece as consecuencias deste contexto económica tan duro. Unha sociedade que, cada vez máis, nos percibe aos políticos como un problema engadido aos que xa padece. E unha sociedade que está a perder a fe nas institucións e na que mesmo se comeza a instalar o deba-

te sobre a idoneidade do modelo de Estado que iniciabamos e celebrabamos hai tres décadas.

España, e Galicia tamén, está aínda nunha crise económica da que Europa comeza a saír. A taxa de paro en España é superior ao 20%, a de Galicia é do 15,4%; pero a da Unión Europea é do 10%. Os mozos desempregados alcanzan o 42,8% en España, en Galicia o 36,2%, pero na Unión Europea son o 20%.

Respecto da evolución do PIB, no pasado ano España segue a decrecer, Galicia creceu timidamente no 0,1%, pero nacións europeas como Suecia, Alemaña e Francia presentaron un crecemento do 5,5%, do 3,6% e do 1,6% respectivamente. E aínda que o número de empresas creceu un 2,2% en España e un 5% en Galicia, en Europa xa se demanda con moita intensidade man de obra cualificada para dar cobertura a un tecido produtivo en crecemento.

Como é lóxico, as consecuencias desta crise son os principais problemas que afectan a sociedade, e así se reflicte en todas as análises demoscópicas. De feito, no último barómetro do CIS, máis cidadáns ca nunca —máis dun 80%— mostran a súa preocupación polo paro e fano tamén pola economía. Pero, neses mesmos indicadores, seguidamente os cidadáns detectan outro problema: os políticos e os partidos. Poderíamos buscar diferentes xustificacións. Poderíamos dicir que é esta difícil situación a que provoca que nos perciban así, pero non é certo. Situacións coma esta son a oportunidade perfecta para demostrar o noso compromiso e a nosa valía. Poderíamos cargarnos os uns aos outros este resultado, pero seguiríamos sen resolver o problema; ao contrario, fariamos que fose aínda máis grave.

Señorías, non hai excusas, os máximos culpables de que os cidadáns perciban os políticos como un problema somos os políticos. (*Aplausos.*) Nós mesmos debemos ser os responsables de volver ser considerados como parte da solución. Facémolo cando falamos do que verdadeiramente interesa ao pobo. Facémolo cando a proposta anula os excesos verbais. Facémolo cando as ideoloxías se poñen a disposición da xente e non se pretenden impoñer. Facémolo cando se busca a coincidencia en lugar de tentar agravar a diferenza. Facémolo cando o país pode máis cá militancia. E facémolo cando somos conscientes de que os datos son moito máis que argumentos políticos para ler dun xeito ou doutro. Son cidadáns

que esperan, por parte de nós, respostas. Sabemos facelo e podemos facelo, hoxe e desde hoxe. (*Aplausos.*)

Ao longo dos seus trinta anos de historia, esta Cámara foi testemuña de grandes iniciativas e acordos que fixeron avanzar o noso país e incrementar as cotas de benestar das galegas e dos galegos. Ignorando todo isto, unha tripla ameaza gravita sobre o modelo do que formamos parte, e creo que neste Parlamento, e máis nun debate coma este, debemos defender e reivindicar a razón de ser pola que hoxe os representantes de Galicia nos podemos reunir aquí, e esa razón de ser é a España das autonomías.

A primeira posición contraria é a de aqueles que senten nostalxia de esquemas centralizados, coa excusa de que serían máis eficaces para contrarrestar a crise económica. Nesta opinión militan os que ven nos mecanismos do Estado autonómico un atranco que obstaculiza ou ralentiza a adopción de medidas, un luxo que soamente sería aceptable en momentos históricos de bonanza.

Discrepo con esta visión. As autonomías non son unha especie de frivolidade pasaxeira, senón unha necesidade permanente que xorde de circunstancias políticas, históricas, culturais, pero tamén económicas. Na cerna da reivindicación autonómica está o anxeio dunha España equilibrada e solidaria. Ese equilibrio e esa solidariedade son necesarios cando o ciclo económico é boiante, pero resultan imprescindibles cando cómpre capear as turbulencias. (*Aplausos.*)

Quero alertar contra a idea de centrar na estrutura autonómica as causas da faciana española da crise, esquecendo quen ten nas súas mans os principais resortes. Os factores que xeran desazón non residen na entraña da España das autonomías, senón en políticas específicas de Gobernos específicos. Dito doutro xeito, non é un cambio restritivo nesa estrutura o que facilitaría as cousas, senón un cambio nas políticas erráticas de quen debe liderala.

A segunda das ameazas ás que antes aludía consiste na suplantación subrepticia do Estado autonómico equilibrado que consagra a Constitución por outro que se desenvolve dando tumbos, con medidas nas que o privilexio substitúe a equidade e a improvisación pode máis que a harmonía, malia que moitas veces afecte a ámbitos tan determinantes como o financiamento autónomo ou a realidade financeira.

Un bo funcionamento da España das autonomías é fundamental para que a crise non xere máis desequilibrios entre os territorios. No caso de Galicia, o autogoberno é e ten que seguir sendo unha salvagarda contra os intereses que queren aproveitar a crise para facer unha relectura nesgada do Estado que define a Constitución.

¿Supón iso que o Goberno galego avoga por unha visión estática do sistema autonómico? Todo o contrario. Entendemos que cómpre seguir dando pasos adiante: perfeccionando as institucións, clarificando ámbitos competenciais, evitando duplicidades ou afondando nos foros comúns. Esta é a razón pola que Galicia se sumou dende o primeiro momento á creación dun foro de Gobernos autonómicos, e seguirá avanzando no camiño da cooperación cunha Conferencia de presidentes autonómicos este ano.

Penso que este camiño é o que nos permitirá facer fronte á terceiro ameaza á que me refería, protagonizada por aqueles que teiman en apartar a autonomía das prioridades reais para centrala en debates minoritarios.

Son galeguista, son autonomista e creo que a lexitimidade da autonomía se basea na súa capacidade para achegarse ao sentir da xente e, desde esa proximidade, tentar resolver os seus problemas. (*Aplausos.*)

Abofé que cando o presidente Albor pronunciaba as verbas coas que hoxe iniciéi a miña intervención tamén viviamos momentos de enormes dificultades sen precedentes. Os cualificativos que definen aquel histórico momento valen para os nosos días. Este tamén é un momento de enormes dificultades e sen precedentes. Parece lóxico, por iso, pensar que tamén habemos de recuperar o espírito daquel primeiro gran debate parlamentario.

Trátase de xerar unha nova esperanza, que sexa común a todos, que sexa capaz de unirnos como a esperanza que uniu os nosos predecesores para crear a autonomía. Eles non o fixeron sobre autoenganos nin sobre utopías nin sobre optimismos baleiros. Eles fixérono con grandes doses de realismo e de pragmatismo. Así habémolo de facer nós.

Señorías, contamos para iso cun pobo sentido e sufrido, pero tamén cun pobo crítico. As galegas e os galegos, como o resto dos españois, padecen hoxe unha depresión social

derivada da crise económica, dunha crise política e dunha crise institucional que minou a súa confianza. Estou convencido de que hai trinta anos moitos miraban tamén os seus gobernantes con escepticismo. E penso que o primeiro que se xerou neste hemicycle non foron propostas, nin sequera institucións, foi a confianza, que traspasou as portas deste Parlamento e chegou ás rúas. Se entón foron capaces, nós tamén podemos.

É certo que a confianza non resolverá por si soa os problemas, como tampouco o fixo daquela; pero constitúe a cimentación necesaria para poder construír a recuperación. Recuperar a confianza debe ser a nosa primeira obriga. Sen dúbida, non é a solución definitiva, pero si a primeira necesidade do noso país. (*Aplausos.*) Por iso é imprescindible dicir a verdade e xestionar a realidade. Boa parte de Europa está a saír xa dunha crise na que aínda estamos instalados, e se isto é así é porque durante demasiado tempo nos mantivemos nunha mentira económica e vivimos nunha irrealidade que agora se paga con máis impostos, con recortes sociais, con incertezas sobre o estado real e o futuro da nosa nación.

Como teño dito en máis dunha ocasión, a crise lévalle a España dous anos de vantaxe. Tal cousa déixanos na situación actual na que, en lugar de empregar todos os nosos recursos e instrumentos en contra dos efectos desta crise, estamos aínda a loitar por corrixir os erros derivados da negación e ausencia de xestión desa realidade.

Aquí, nesta mesma Cámara e neste mesmo debate, poderíamos debater hoxe onde investimos 2.600 millóns de euros nos próximos cinco anos. Sen embargo, esa mesma cantidade é o prezo que Galicia ten que pagar pola negación da crise. A negación dun goberno que, sendo o causante desta situación, é agora o reclamante inflexible; e desoe a maior parte das comunidades, que solicitamos ampliar o prazo a dez anos para diminuír o impacto das facendas autonómicas que fan fronte ao pago da inmensa maioría das políticas sociais.

Non podemos seguir incrementando a desconfianza, e esta Xunta desde o primeiro día tenlles dito a verdade aos cidadáns sobre a situación na que estamos e sobre cal é a realidade das arcas públicas. Estamos nun escenario no que os presupostos autonómicos de Galicia para o ano 2011

experimentan unha diminución próxima ao 11% con respecto ao ano anterior, e, tendo en conta o efecto da inflación, retrotráennos a niveis presupostarios do ano 2006, e malia iso debemos pagar a máis empregados públicos que entón –14.000 máis entre 2005 e 2009–; prestar servizos a unha poboación dependente en aumento e que nada ten que ver coa que estaba prevista na memoria económica estatal da Lei de dependencia; renovar a metade das camas hospitalarias, completar a rede de centros de saúde e seguir prestando unha atención sanitaria a unha poboación cada vez máis envellecida; e seguir mantendo as infraestruturas existentes e as novas creadas desde entón.

Esta é a realidade das contas públicas, unha realidade marcada por dúas dificultades principais. En primeiro lugar, pola xa comentada obriga de devolverlle ao Goberno as liquidacións negativas derivadas das súas malas previsións orzamentarias do ano 2008 e o ano 2009, que teñen suposto 119 millóns de euros negativos este ano e que nos cinco seguintes suporán que, ano tras ano, Galicia parta, na elaboración dos seus orzamentos, con menos 500 millóns de euros anuais. E, en segundo lugar, por unha interpretación interesada do modelo de financiamento autonómico no que respecta a Galicia. Por un lado, retraendo 243 millóns de euros que corresponden ao Fondo de cooperación. Por outro, porque non se respecta a achega de 162 millóns dos recursos adicionais do ano 2010. Tamén porque asistimos a unha diminución de 228 millóns de euros pola regularización que mantén o *status quo*. E, por último, porque se nos negan 171 millóns derivados da revisión tralo incremento dos tipos impositivos do IVE. En total, son 805 millóns aos que Galicia ten dereito, de acordo co modelo de financiamento, e que o Goberno central non nos achega. Señorías, non queremos máis que ninguén, pero tampouco menos; e non queremos un trato preferente, pero tampouco un trato discriminatorio. (*Aplausos.*) En todo caso, e porque creo que debe primar un principio básico de lealdade, buscaremos o entendemento, por iso solicitamos a celebración dunha comisión bilateral, para poder acadar un acordo satisfactorio antes de acudir á vía do recurso ao Tribunal Constitucional.

Gustaríanos contar co apoio de todos os grupos parlamentarios. Confío en que, cando a comisión bilateral teña lugar, poidamos ir non só coa forza da razón, senón tamén coa forza da unión dos partidos galegos en defensa dos intereses deste país. (*Aplausos.*)

Señorías, a crise lévalle dous anos de vantaxe a España; e, moi conscientes disto, é por iso que Galicia leva dous anos traballando con austeridade, con planificación e con rigor. Agora que todas as administracións son conscientes de que é preciso adelgazar o aparato administrativo, reducir os seus custos, investir máis nos cidadáns e menos nos propios gobernos, Galicia segue a avanzar na austeridade que comezou a aplicar hai dous anos. Creamos un goberno cun 30% menos de consellarías, un 50% menos de altos cargos e un 30% menos de asesores. Cada departamento da Xunta forma parte dun plan de aforro de enerxía, de gasto telefónico, de gasto corrente ou de parque móbil. Por primeira vez na historia da Autonomía, adelgazamos a Administración paralela, que é máis pequena que ao inicio da lexislatura, e xa temos eliminados ou reformulados dous de cada tres entes públicos que conforman a Administración paralela. A estas alturas doutra lexislatura, estaríamos a falar de cantos máis teríamos sumado.

Seguiremos no camiño de facer unha Xunta máis pequena e máis barata para os cidadáns, e por iso quero anunciarlles que o próximo mes daremos por rematada a primeira fase do Plan de racionalización da Administración paralela e poñeremos en marcha a segunda, que estudará o futuro do resto dos entes públicos –máis de oitenta–. (*Aplausos.*)

Dixemos que seríamos austeros e cumprimos a palabra dada. Galicia é e seguirá sendo referente de austeridade en toda España. Dende o primeiro día, e ata sempre, buscaremos todo aquilo que é innecesario e, por tanto, do que podemos prescindir. Seguro que podemos facer máis e mellor, e por iso seguiremolo facendo. (*Aplausos.*)

Agora que todos somos conscientes das consecuencias de gobernar sobre a marcha ou, o que é o mesmo, improvisar, Galicia é unha das poucas rexións europeas que ante as institucións comunitarias presenta un plan estratéxico da súa economía. Gobernar un país non significa perderse por ansias de espectacularidade nin deixarse levar polo efectismo nin dar unha falsa imaxe para salvar o curto prazo nin ancorarse na volatilidade permanente. Gobernar un país implica coñecer ese país e saber cara a onde vai, para poder avanzar con firmeza pese as dificultades do camiño.

O Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020, que guía as políticas económicas da Xunta, é precisamente iso. Sitúa-

nos no momento no que estamos e marca os trazos para marcar o momento futuro ao que queremos chegar, e tamén, con realismo, ao que podemos aspirar, con investimentos concretos e con prazos certos.

E agora, que todos somos conscientes de que é imprescindible tomar medidas para reverter o déficit no que incorremos por gastar o que non podíamos pagar, Galicia hai xa dous anos que controla os seus balances e cumpre coa Lei de estabilidade orzamentaria. Unha das dúas únicas CC.AA. que o fixo, xunto coa Comunidade Autónoma de Madrid. (*Aplausos.*) Cumpre, en primeiro lugar, cos seus provedores e paga as súas facturas nun prazo medio de en torno aos trinta días, adiantándose en tres anos ao fixado pola Unión Europea para 2014, que é pagar por debaixo dos 45 días. Cumpre co legado das xeracións pasadas, ao manter, pese ao descenso das arcas autonómicas, o sistema de servizos públicos. E cumpre coas xeracións futuras, ao non comprometer a economía ata o punto de que os nosos fillos e os nosos netos teñan que asumir as débedas que contraemos nós.

Un goberno que xestiona con responsabilidade os cartos que son de todos transmite tranquilidade á cidadanía. Pola contra, un goberno que descontrola o gasto público xera desconfianza. Agora que todos somos conscientes diso, Galicia ten a vontade de adiantarse de novo, por iso imos blindar a solvencia da Comunidade Autónoma e disciplinar a débeda pública a longo prazo. É a nosa intención que ningún Goberno futuro teña que soportar os efectos das alegrías dunha mala presupostación. Alegrías como incrementar o gasto da Xunta por riba do aumento do PIB, porque iso significa deixar unha pesada hipoteca en gasto corrente e en persoal. Ou alegrías como acudir á débeda cando o crecemento autonómico roldaba o 3% e o 4%, en lugar de aproveitar os ingresos extraordinarios para reducir o endebedamento público. Permítanme que lles poña un exemplo: se nas épocas de bonanza se tivese a prudencia de limitar o incremento do gasto estrutural e se evitase acudir ao endebedamento, hoxe teríamos 2.000 millóns menos de débeda, e o que é aínda máis importante, teríamos menos gasto corrente, unha administración máis pequena e, polo tanto, con menor custo para os cidadáns. Por iso nas vindeiras semanas remitiremos a esta Cámara un proxecto de lei de disciplina orzamentaria que blinde a solvencia e a sustentabilidade a longo prazo das contas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. (*Aplausos.*)

Queremos facelo por lei para que naza con vocación de permanencia. Será unha lei que irá máis aló da estabilidade orzamentaria, porque entendemos que hai que garantir tamén a sustentabilidade financeira das administracións públicas ao longo do ciclo económico. Seremos pioneiros, unha vez máis, coa regulación de catro aspectos fundamentais:

Incrementaranse as esixencias ás entidades do sector público cuxo endebedamento consolida no déficit público; estableceremos mecanismos de esixencia de responsabilidades por incumprimentos de obrigas en relación co endebedamento e o déficit; antes da elaboración dos orzamentos, o Parlamento terá que autorizar un teito de gasto non financeiro; e, por último, garantir o rigor orzamentario facendo obrigatorio nos ciclos expansivos que se destine calquera ingreso extraordinario a reducir déficit ou, se fose o caso, a amortizar débeda pública.

En definitiva, blindaremos por lei as boas prácticas orzamentarias que recomendan: en primeiro lugar, non vivir nin gastar nunca por riba das nosas posibilidades e pactar un teito de gasto; e, en segundo lugar, ser previsores. É dicir, limitar a débeda nos bos momentos económicos para evitar que cando veñan mal dadas non teñamos máis marxe de manobra que baixar soldos, conxelar pensións ou recortar dereitos, como se está facendo en España. Galicia comprométese a iso, e comprométese por lei coa sustentabilidade do Estado do benestar e coa solvencia, lealdade e cooperación co Goberno de España; lealdade que esperamos se converta en recíproca. (*Aplausos.*)

Señorías, aspiro a que cada paso que deamos para paliar os efectos da crise económica que sofre España, e por tanto nós, sirva para concluír que o Estado das autonomías segue sendo parte da solución, e non parte do problema. Aqueles que sintan desasosiego polo modelo de convivencia que nos demos, poden comprobar que hai autonomías dispostas a propoñer e practicar políticas alternativas e que hai autonomías capaces de mellorar as contas de resultados da nación.

Galicia é unha comunidade cunhas contas estables, cunha taxa de paro cinco puntos por debaixo da media nacional, cun PIB que superou as taxas negativas e cunhas facturas aboadas na metade do prazo legal. Galicia é unha comunidade que contribúe a mellorar a solvencia e a imaxe

de España. Señorías, o estado da Autonomía que neste momento presenta Galicia é posible que algúns outros gobernos o aceptaran hoxe para si. A nós, evidentemente, non nos satisfai. Nós non o queremos para a nosa Comunidade, pese que mellora considerablemente, pese a que mellora considerablemente o estado actual do conxunto da nación.

España non lle é allea a Galicia. Non nos é alleo o seu descrédito internacional nos mercados ou foros comunitarios, inflúenos que presente, autonomía por autonomía, a maior cantidade de parados da súa historia, e é decisivo no noso comercio que o noso principal cliente, que é o resto do Estado, se atope nunha situación de contracción no consumo que incide nas nosas vendas.

España non lle é allea a Galicia, con todas as consecuencias que isto supón, pero tampouco queremos que nolo sexa. (*Aplausos.*) Somos parte deste Estado autonómico, sabemos que o progreso e o benestar de España éo das galegas e dos galegos, e por iso participamos activamente e con lealdade e compromiso cada vez que se nos convoca ou se nos recibe para buscar solucións aos problemas que nos son comúns.

Pero Galicia non é correspondida coa lealdade institucional nin no financiamento autonómico nin no catálogo de fármacos nin no asunto das caixas de aforros. Cando antes das eleccións autonómicas de Cataluña o Goberno de España quixo modificar o acordo de financiamento autonómico, Galicia mostrou esa lealdade e ese compromiso participando activamente nese debate. Propuxemos que o cambio significara melloras e, por tanto, nel se contemplaran os cidadáns de comunidades como a nosa, que viven dispersos en pequenas aldeas, ou tamén os emigrantes, cos que temos a obriga legal e moral de prestarlles servizos públicos.

A reacción do Goberno foi desprezar as nosas contribucións e substituír un acordo entre 17 comunidades por un pacto con dous partidos dunha autonomía concreta. Galicia non votou en contra dese novo modelo porque tería perdido aínda máis, e pola estabilidade da nosa nación. E a nova resposta do Goberno é agora deixar de abonar 800 millóns de euros do seu propio compromiso. Malo foi romper o acordo, peor era o novo modelo, pero nefasto é incumprilo. (*Aplausos.*)

Cando o Goberno de España... Cando o Goberno de España, advertido polas autoridades europeas, entendeu que había que corrixir o descontrol e o déficit público estatal, que tiña no propio Goberno o maior responsable deste, Galicia cumpriu con lealdade o compromiso da Lei de estabilidade orzamentaria e ten tomado desde entón decisións na liña da eficiencia dos recursos públicos. Con todo, hai ben pouco que temos comprobado a resposta do Goberno: un recurso para tentar suspender, paralizar e anular unha lei deste Parlamento, como é a do catálogo priorizado de medicamentos, sen tan sequera fundamentarse en razóns económicas ou sanitarias, soamente en diferenzas de militancia política.

E, señoras e señores deputados, cando o Goberno a través do Banco de España fomentou, promoveu e alentou unha reordenación do sistema financeiro español mediante a concentración das entidades, o traballo que dende entón se desenvolveu nesta Cámara é unha boa mostra de que a inmensa maioría de Galicia actuou co máximo compromiso e a máxima lealdade aos intereses xerais.

As dúas entidades coas que contabamos, sindicatos, empresarios e representantes políticos deste país traballamos conxuntamente e superamos as dificultades que o contexto económico provocaba, e tamén as que se quixeron interpoñer desde a conveniencia particular. Non sen esforzo, obtivemos o resultado dunha nova caixa de aforros que se axeitaba ás necesidades que entendiamos que nos eran comúns: solvencia primeiro e galeguidade a continuación. Unha solvencia recoñecida expresamente polo propio Banco de España, quen a finais do ano deu o visto e praxe á fusión, destacando literalmente: *Solvencia, rentabilidad y liquidez de la nueva entidad. Fecha, 8 de noviembre de 2010. El criterio del Banco de España será siempre un criterio profesional y es lo que debería aceptar todo el mundo.* Data, 26 de decembro de 2009, asina José Blanco López.

Novacaixagalicia está a cumprir punto por punto todas as esixencias do Banco de España, incluíndo a dotación de provisións por posibles perdas esperadas para os próximos cinco anos por valor superior a 3.000 millóns de euros. Co fin de sanear o balance da entidade, esta dotación foi imputada contra as reservas da caixa, o que evidentemente supuxo unha baixada da ratio de capital principal de cerca de catro puntos, asumidos e impulsados en todo momento polo

regulador. Pois ben, escasamente un mes máis tarde, o Goberno central, nunha improvisación histórica, plantexa un bandazo normativo sen precedentes. En primeiro lugar, establece como criterio de solvencia unhas ratios de capital principal que superan con creces as esixencias en toda Europa que establece Basilea III para os países europeos no ano 2019; un 7% no ano 2019 de *core capital*, fronte a 11% de *core capital* en España. É dicir, sitúanos en peor posición competitiva cás entidades dos países da Unión Europea.

En segundo lugar, demostra ben ás claras a súa intención de acabar coas caixas de aforros na súa configuración actual, fixando uns requisitos discriminatorios fronte aos bancos: 10% para as caixas de aforro, 8% para os bancos.

En terceiro lugar, comete o erro de obrigar a unha capitalización urxente das entidades, cando o problema prioritario do sistema financeiro non é o capital, senón o saneamento dos seus activos de risco. Unha capitalización urxente e alocada que supón unha extraordinaria dificultade e que pon as entidades nunha débil situación negociadora con potenciais investidores.

E, en cuarto lugar, decide non computar como capital as provisións realizadas para sanear o balance ás que obrigou o Banco de España, cando non hai mellor mostra de solvencia que ter reservadas provisións para facer fronte ás obrigas da entidade.

É dicir, a Novacaixagalicia primeiro obrigóuselle a priorizar o saneamento e despois penalízase por priorizar o saneamento. De computarse as provisións, hoxe o seu *core capital* roldaría o 8,7%, é dicir, 7 décimas máis ca o esixido para toda a banca española.

Hai algo que, pese aos anuncios do Goberno, non admite dúbida. O efecto inmediato deste real decreto será aínda un risco maior de contracción de crédito no conxunto de España e tamén de Galicia. A esa conclusión chega o propio Banco Central Europeo. Polo tanto, risco de menos crédito, menos actividade económica e máis paro en toda España. Eses serán, en todo caso, os riscos desta nova normativa.

Seguiremos traballando con rigor e profesionalidade, con alternativas realistas, por unha entidade solvente e vinculada a Galicia que teña como obxectivo prioritario os sectores estratéxicos do país e evitar a exclusión financeira das familias galegas. Dentro das novas condicións do Goberno

hai marxe para que Galicia poida contar cunha caixa evolucionada, capitalizada a través dun banco. Hai marxe... (*Aplausos.*) Hai marxe para que a caixa galega poida captar os 1.500 millóns de euros que se lle requiren. Hai marxe se o equipo directivo da caixa é xeneroso e mantén a súa implicación co país. Hai marxe se a inmensa maioría dos políticos, empresarios e sindicatos de Galicia nos mantemos, como hai tres meses, nos mesmos principios de solvencia e de galeguidade. Hai marxe se o Banco de España é coherente e consecuente cos seus propios actos. E hai marxe se o Goberno de España trata as comunidades autónomas dun xeito igualitario. (*Aplausos.*)

Cando o Goberno incumpre os seus propios compromisos coas comunidades, cando as trata de xeito desigual, cando non respecta as decisións leais e responsables que con amplas maiorías se toman en cámaras coma esta, o único que acada o Goberno é tirar pedras contra o seu propio tellado, porque o seu tellado é o Estado autonómico. (*Aplausos.*)

Nós, a Xunta, somos leais co Estado autonómico e sómolos tamén co seu Goberno, mesmo cos seus erros e coas nosas discrepancias, e así o quixemos mostrar desde o primeiro día. No único encontro que tiveron oportunidade de ter co presidente do Goberno de España asumimos o histórico incumprimento coa alta velocidade galega co compromiso de que non se volvесе repetir. No pasado decembro mesmo aceptamos que o ministerio cambiara o sistema de pago previsto e solicitara licitar todo o AVE pendente, o que estaba comprometido para o ano 2010, no primeiro trimestre do ano 2011. Galicia fixo un exercicio de realismo e lealdade e aceptou que terá AVE case vinte e cinco anos despois de que empezara a funcionar en Andalucía; aceptou que durante anos que se nos dixese aquilo de que xa estaría funcionando en 2012 mentres o que se facía era insuficiente, escaso ou nada.

Co Pacto do Obradoiro mostramos desde o primeiro día a actitude que queríamos que presidise as nosas relacións co Goberno de España. E, sen embargo, nos restantes asuntos o Goberno ten preferido outra: o trato arbitrario, os recursos, as suspensións ás leis galegas, a falla de compromiso e incluso a ausencia de resposta.

Nin comparto nin podo chegar a entender ese rancor partidista que non beneficia a ninguén e nos prexudica a todos. Durante dous anos –Ano Xacobeo incluído–, o presidente do

Goberno non veu a Galicia. Por dúas veces nin tan sequera respondeu as cartas que este presidente en nome dos galegos e das súas preocupacións lle enviou. Pero, iso si, o que si ten feito é asinar decisións en contra dos intereses deste país. Fíxoo coa suspensión da Lei de caixas aprobada por 2/3 deste Parlamento, fíxoo coa suspensión do catálogo de xenéricos aprobado por 2/3 deste Parlamento e fíxoo tamén coa posta en vigor dun Decreto do carbón que pon en risco o traballo de 3.500 galegos que viven deste sector, en contra de 2/3 deste Parlamento.

Sen lugar a dúbidas, urxe abrir unha nova etapa na relación do Goberno central coas autonomías, unha nova etapa na que se pase da tensión sistemática á cooperación ordinaria. Isto non soamente axudaría a afianzar o modelo territorial que nos demos, senón que para Galicia sería a mellor garantía contra os agravios comparativos.

Nesta España cooperativa habería dúas ideas clave: A primeira é que as autonomías forman parte do Estado e, como tales, teñen o dereito e o deber de participación na definición das políticas xerais do Estado. (*Aplausos.*) E a segunda é que as decisións que afectan ao miolo do sistema autonómico non poden depender de acordos ou transaccións improvisados con minorías, senón ser consecuencia dun amplo e maioritario consenso para que estas non se condicionen á afiliación ou ao interese dunha determinada formación política. (*Aplausos.*)

Penso que ese espírito que reclamamos para España é o mesmo que ten inspirado a andadura autonómica de Galicia. A solidariedade e o entendemento que solicitamos cara afora é a mesma que debemos practicar dentro. Digo convencido que a cooperación e non os conflitos é a que move con máis celeridade a forza do noso país. Digo convencido que as dificultades que hoxe nos atenzan serán superadas se multiplicamos as capacidades propias. E digo convencido que é perfectamente posible conxugar a singularidade das 315 pezas do puzzle galego e que, ao mesmo tempo, todas sirvan para configurar a gran realidade da nosa Autonomía. Un pobo que custodia a primeira globalización que protagonizaron os nosos emigrantes, un pobo que foi sempre exemplo de solidariedade fóra, non pode caer dentro na tentación de pelexas domésticas.

A globalización interna do país que eu lles suxiro é unha realidade normal xa para a maioría dos cidadáns, que senten

Galicia como un espazo único para as súas relacións, o seu traballo e os seus negocios. Por iso tamén na configuración do noso territorio temos o reto de non gobernar de costas á cidadanía. Non se trata de mirar a identidade municipal, senón de darlle un significado máis profundo e unha vinculación máis intensa coa Autonomía. Afortunadamente, penso que o individualismo atribuído historicamente á relación entre a Xunta e os concellos vai diluíndose. Agora tentamos ser solidarios cos problemas dos municipios e coa asfixia financeira que teñen. Non só blindamos os recursos que transferimos aos concellos como o Plan concertado, senón que nalgúns casos os incrementamos, como os recursos da formación, e creamos instrumentos novos, como o canon eólico. Ese é o camiño que iniciamos coa lexislatura e por el queremos seguir.

Durante estes vinte e tres meses fomos capaces de chegar a acordos en materias tan relevantes cos concellos como a tecnoloxía, o urbanismo, as normas de hábitat ou o financiamento local, e de incorporar cada realidade municipal do noso país aos instrumentos que guiarán a ordenación do territorio nas vindeiras décadas, como son as Directrices de ordenación do territorio e o Plan do litoral.

E por iso quero anunciarlles que, despexadas as incógnitas electorais, convocarei os representantes das deputacións e dos concellos para revisar e profundar nas nosas alianzas e ser capaces de compartir os recursos de forma máis solidaria. (*Aplausos.*)

Cremos no Estado autonómico, cremos na Comunidade Autónoma, cremos no que facemos e cremos tamén no que podemos chegar a facer, porque durante este pasado ano, e no contexto das maiores dificultades, este país ten dado varios exemplos de que Galicia quere adaptarse aos cambios que van impoñendo os novos tempos para garantir o desenvolvemento e o benestar dos galegos. De todos eles, hai catro que me parecen ilustrativos: o diálogo social, a fusión das caixas, o concurso eólico e o Xacobeo.

Cando en España se ía celebrar unha folga xeral, Galicia foi quen de adquirir o compromiso do diálogo social, entre sindicatos, empresarios e Administración. É o exemplo do que a nosa terra espera de nós: un clima de cooperación.

A fusión das caixas debe servirnos tamén como exemplo de que a división nos condena a decrecer e que a unión de

forzas é a única garantía de futuro. De feito, se agora podemos estar aínda falando dun futuro para o sistema financeiro galego, é porque o temos, é porque soubemos estar xuntos e manter unha entidade financeira galega.

O concurso eólico é o exemplo de que somos un país fiable no que se pode investir, e que nas maiores dificultades tamén é posible acadar fitos como o maior plan industrial da nosa historia, con preto de 6.000 millóns de euros comprometidos.

E o Xacobeo do ano 2010 é a mostra de que, a pesar dos condicionantes da crise, e a pesar do nulo apoio do Goberno central, Galicia é quen de obter os seus mellores resultados, como mostra do mellor de si.

A aspiración do Goberno galego é a de seguir proxectando a mellor imaxe de Galicia no resto de España: unha Galicia que dialoga, en vez de impoñer; que suma e que non resta; que inviste, en vez de paralizar; que concerta e non confronta. Señorías, quedemos con todo aquilo que xurdiu do rigor e da unidade de todos os galegos e de todas as galegas para poder acertar canto máis sexa posible nas dúas grandes tarefas coas que nos reta o futuro: a recuperación económica e a blindaxe e mellora dos servizos sociais públicos. (*Aplausos.*)

Do mesmo xeito que co Xacobeo Galicia se abriu ao mundo desde a cultura e o turismo, temos que abrírnos tamén no eido económico, empresarial e comercial para seguir combatendo os efectos da crise como a nosa máxima prioridade. Isto supón que toda a nosa capacidade, toda a marxe que temos para impulsar a actividade económica, xira en torno ao mantemento e á creación de emprego.

Así, a actuación do Goberno céntrase en catro eixes: apoiar os sectores produtivos e o comercio; configurar un territorio ordenado, equilibrado e competitivo; apostar pola innovación e as novas tecnoloxías, e centrar os nosos esforzos na internacionalización da economía.

Nesta primeira tarefa dirixida a tentar manter o emprego, quixemos centrarnos nun dos problemas máis acuciantes e urxentes que sofren as nosas empresas: a falta de liquidez e a escaseza de crédito.

Difícilmente pode manterse a actividade empresarial se as cañarías financeiras seguen atrancadas. Porque o crédito e a liquidez para unha empresa veñen a ser o mesmo que o sangue para calquera ser vivo.

No que atinxe á mellora da liquidez das empresas, a Xunta está a actuar en catro fronteas.

Primeiro. Puxemos en marcha unha política de avais centrándose principalmente en operacións de circulante. Levamos máis de 1.500 avais concedidos, un 60% máis que nos anos 2007-2008, que permitiron o mantemento de 16.000 postos de traballo en Galicia; co esforzo por achegar eses avais ás empresas de menor tamaño, que moitas veces son as que máis necesitan de apoio. Así, o peso dos avais superiores a 1 millón de euros pasou do 94% nos anos 2007 e 2008 ao 64% no bienio 2009-2010. E o importe medio do aval descendeu de 1,3 millóns de euros a 60.000 euros.

En segundo lugar, procuramos a axilidade no cobro das axudas do Igape ás empresas. O Igape resolve en 72 días e paga en 45, cando hai tan só dous anos resolvía en 176 e pagaba en 204.

A terceira liña é a mellora da xestión das axudas de toda a Xunta de Galicia. No 2011 poñemos á disposición das empresas, das familias, das asociacións e concellos máis de 800 millóns de euros en axudas e subvencións con dous meses de adianto.

E o cuarto, trátase de axilizar ao máximo o pago aos provedores da Xunta. En 2010 o prazo medio de pago situouse por baixo dos trinta días, exactamente 28,5 días. No 2011 seguiremos cumprindo o noso compromiso de pagar as facturas en menos de 45 días, anticipándonos así dous anos á proposta da Unión Europea.

Pero, ademais de mellorar a liquidez, outra das nosas prioridades está a ser a política de fomento e apoio á actividade empresarial. Incrementamos un 43% os investimentos empresariais xeradores de emprego, pasando de 843 millóns do ano 2009 a 1.212 no ano 2010. Aproveitamos as nosas capacidades en materia fiscal: aprobamos dúas baixadas de impostos para facilitar a adquisición e a rehabilitación de vivenda e asistir o sector da construción, un dos máis afectados desta crise. Os datos do Ministerio de

Fomento acreditan que Galicia foi a cuarta comunidade autónoma con maior incremento na venda de vivendas en 2010. Tamén aprobamos dúas novas deducións fiscais encamiñadas a fomentar a creación e a capitalización de empresas galegas, ás que xa se poden acoller neste exercicio 2011.

Estamos espremendo ao máximo as nosas posibilidades de dar apoio a todos os nosos sectores estratéxicos da economía. Non hai un só sector estratéxico que non teña recibido o apoio directo da Xunta para loitar contra a crise: a automoción, o naval, a enerxía, a pesca, o agrogandeiro, o turismo e o comercio. *(Aplausos.)*

No sector da automoción puxemos en marcha con urxencia un programa de apoio á compra de automóviles novos. Resultado, un volume de negocio de 600 millóns de euros, axudando ao mantemento de 21.000 postos de traballo. A medio e longo prazo estamos desenvolvendo unha estratexia transversal co Plan Integral re-Móvete. Un plan dotado con 120 millóns de euros que abrangue todos os ámbitos dos que se compón o sector do automóbil: fabricantes, industria auxiliar e concesionarios. E, nesta liña de garantir o futuro dun sector básico para a nosa economía, facemos unha firme aposta polo desenvolvemento e a promoción do vehículo eléctrico, non só apoiando a PSA Citroën neste obxectivo, senón planificando as medidas necesarias para que Galicia se adiante a este nova industria, cunha rede de estacións de recarga e aprobando o primeiro Decreto de electro-mobidade dunha comunidade autónoma.

O naval é un dos sectores, sen ningunha dúbida, máis afectados tamén pola crise. No que vai de lexislatura a Xunta mobilizou máis de 80 millóns de euros para apoiar o sector, o que permitiu garantir o mantemento de miles de empregos. É o caso, por exemplo, da Factoría Naval de Marín ou de Vulcano en Vigo. Pero seguimos traballando para lograr que 40 millóns de euros do Fondo Tecnolóxico co fin de que outro estaleiro vigués poida construír o novo buque auxiliar de plataformas petrolíferas. E, por suposto, non renunciaremos a que na ría de Ferrol se poidan volver a construír e reparar barcos civís, oportunidade perdida na Presidencia española da Unión. Algo moi necesario, á vista do risco real que corren máis de 4.000 postos de traballo que viven do sector naval militar en Ferrolterra, afectado pola falla de novos pedidos do estaleiro estatal Navantia.

No eido da enerxía somos conscientes da dobre vertente que debemos contemplar. Por un lado, a enerxía como recurso para as empresas e os cidadáns. Aquí temos que lamentar unha política errática que supuxo unha suba da electricidade de case un 50% nos últimos catro anos, coa conseguinte repercusión nas economías familiares e nos custos de produción das empresas. Pero, ademais da enerxía como recurso, temos que contemplar a enerxía como sector industrial cunha elevada capacidade de medrar e crear emprego.

Ante a incerteza da política nuclear estamos, por suposto, intentando volver a reactivar esta enerxía como sector empresarial. Neste sentido, a aposta consiste en recuperar o liderado na produción e desenvolvemento das enerxías renovables, en especial a enerxía eólica. En apenas sete meses aprobamos unha nova Lei de aproveitamento eólico de Galicia que dota de seguridade xurídica o sector. Esta lei establece un canon, como compensación económica polo impacto ambiental dos muíños de vento, por primeira vez na nosa autonomía, co que xa se recadaron 46 millóns de euros. Ademais, cumprimos o compromiso para a asignación de 2.325 novos megavatios nun concurso eólico obxectivo e transparente. Un concurso que supón, probablemente, o maior plan industrial da historia de Galicia, que mobilizará investimentos por 6.000 millóns de euros e que pode supoñer a creación de 14.000 novos empregos. *(Aplausos.)*

Pero así como apostamos pola creación de novos empregos, tamén nos centramos en defender os existentes, concretamente en máis de 3.000 empregos en risco, nas comarcas de Cerceda e As Pontes, polo Decreto do carbón do Goberno central. Unha vez máis, prefírese fomentar o enfrontamento entre territorios, por iso a Xunta exerceu as súas responsabilidades e decidimos acudir ás instancias xudiciais para defender os intereses de Galicia, de conformidade co mandato desta Cámara adoptado no Pleno coa apoio dos dous tercios das súa señorías. Manteremos os recursos interpostos, do mesmo xeito que manteremos tamén a disposición ao diálogo co Goberno central para poñer fin a esta discriminación obxectiva.

Pero non é só no sector naval ou da enerxía onde planea unha serie ameaza para o emprego. Unha decepcionante negociación do Goberno das cotas do lirio, da xarda e da cigala pon en perigo máis de 4.000 empregos directos no sector pesqueiro. Nós seguiremos apoiando ao sector desde

as novas competencias, porque para Galicia a pesca e a industria relacionada cos produtos do mar son claves no noso tecido produtivo.

Comezamos por dotar o sector dun marco normativo adaptado aos novos tempos, cunha nova lei de pesca aprobada co consenso do sector e con novos decretos que regula o Consello Galgo da Pesca, o Comité Científico Galego da Pesca, as Artes e Aparellos.

Traballamos, en segundo lugar, para garantir a sustentabilidade dos recursos, executando un plan contra o furtivismo, un plan de rexeneración de bancos marisqueiros ampliando en 700.000 metros cadrados zonas para traballar e un plan de adaptación da frota que supuxo o investimento de 70 millóns de euros.

Priorizaremos e volveremos apostar pola acuicultura. No pasado Consello iniciamos a tramitación do Plan director de acuicultura, que finalizaremos nos próximos tres meses. Apoiamos os investimentos neste eido produtivo fronte aos cero euros destinados no ano 2007 e 2008. A Consellería do Mar puxo á disposición do sector xa máis de 63 millóns de euros.

Queremos mellorar a comercialización dos produtos do mar, non só temos que ser os mellores pescadores, queremos converternos tamén en bos vendedores. En breve aprobaremos un decreto para promover unha comercialización que potencie os valores dos nosos produtos do mar, consolidando os seguintes datos positivos: a facturación en primeira venda dos produtos do mar en Galicia no ano 2010 subiu un 8,34%, e a evolución positiva das exportacións aumentou un 6,5%. (*Aplausos.*)

Tamén apoiamos a outra pata do noso sector primario: a agricultura e a gandería. Adoptamos, en primeiro lugar, medidas concretas para apoiar o sector lácteo, un sector que dá emprego a máis de 50.000 persoas. Con carácter inmediato, no ano 2009 mobilizamos máis de 100 millóns de euros de axudas ao sector. Aprobamos o Plan estratéxico do sector lácteo para mellorar a súa competitividade. Puxemos en marcha a marca de calidade “Galega 100%”, xa recoñecida en todas as tendas e supermercados. No 2010 concedéronse axudas á viabilidade en explotacións leiteiras, por importe de 20 millóns de euros, para compensar as perdas

sufridas pola crise dos prezos. E estamos moi atentos ao seguimento do problema da empresa Clesa. Apostamos tamén pola modernización e uso das novas tecnoloxías para mellorar a xestión cotiá das explotacións agrogandeiras coa oficina agraria virtual.

En terceiro lugar pretendemos facilitar a mobilidade das terras agrarias. Neste sentido, consideramos que é preciso corrixir as deficiencias detectadas na vixente Lei do Banco de Terras, e por iso imos propoñer unha nova lei de mobilidade de terras na que se contemplará a flexibilización dos prazos de arrendamento, as posibilidades de incluír e poñer en valor todas as fincas con vocación agraria, a posibilidade de incorporar fincas propiedade do Estado ao Banco de Terras, ou a derogación dos dereitos de adquisición preferente, tanteo e retracto. No ámbito forestal está operativa unha figura de agrupación forestal voluntaria: a sociedade de fomento forestal, Sofor. Na lei de medidas fiscais xa incluímos exencións no imposto de sucesións e doazóns e no de transmisións patrimoniais para favorecer e impulsar a súa constitución. E no pasado Consello da Xunta demos luz verde definitiva ao decreto que regula esta nova figura.

Por primeira vez na Autonomía, traeremos a este Parlamento un proxecto de lei de montes. Un instrumento para sacar o máximo partido da nosa extraordinaria riqueza forestal e para frear o crecente abandono do monte. Non esquecemos que o sector forestal xera 26.000 empregos directos e uns 50.000 indirectos. O borrador do anteproxecto de lei xa foi remitido aos membros do Consello Forestal de Galicia este mes de marzo. Cómpre salientar que este texto non contempla o réxime xurídico dos montes veciñais en man común, que serán obxecto así mesmo dun desenvolvemento legislativo específico.

Neste ámbito quixera determe para recoñecer o esforzo de tantas mulleres e homes que traballan nos equipos de extinción de incendios. Quixera, sobre todo, ter unha lembranza para Rodrigo Amo e Julio Martínez e mostrar o noso afecto ás súas familias. (*Aplausos.*)

No ámbito do turismo, o 2010 quedará na memoria colectiva dos galegos como o ano do mellor Xacobeo: o ano que nos achegou máis de 9 millóns de visitantes a Galicia, o ano no que acudiron a Compostela un 50% máis de peregrinos, o ano no que, pese á crise, o índice de ocupación hosta-

leira aumentou un 12%, o ano da apertura de 10 novos albergues no Camiño de Santiago e o ano no que, cada día, unha media de 20.000 persoas asistiron ás diferentes actividades culturais organizadas con motivo do Xacobeo. Un éxito colectivo no que Galicia contou co apoio da Igrexa, coa presenza do Papa e coa presenza constante da súa maxestade El-Rei don Juan Carlos I e de toda a familia real, así como da maioría dos presidentes das comunidades autónomas; apoio e alento que aproveito para agradecer unha vez máis en nome de todos os galegos. (*Aplausos.*)

Agora cómpre mirar cara adiante, e non será doado acadar estas cifras no ano 2011, no que é probable que o turismo siga aínda lastrado pola crise. Pero imos seguir mellorando a imaxe de Galicia como destino turístico con tres ferramentas: a primeira, implantando unha marca turística única, “Galicia”; a segunda, sacando o maior aproveitamento posible do 800 aniversario da catedral de Santiago, que debe ser un potente elemento de atracción turística; e, a terceira, a Cidade da Cultura, coa que conta Galicia dende febreiro, que xa é un dos eixes máis importantes de atracción turística. Así o demostra o alto ritmo de visitas que están rexistrando os dous primeiros edificios, o arquivo e a biblioteca. A previsión para todo o ano 2011 era de 100.000 visitantes; nestes dous meses e medio levamos 40.000. Un atractivo que de seguro aumentará cando a mediados de ano se proceda á apertura do edificio Museo de Galicia.

Porque a cultura tamén crea riqueza e emprego. Segundo os datos do INE, en Galicia as industriais culturais supoñen unha facturación de arredor de 1.000 millóns de euros e 16.000 postos de traballo. A Xunta é consciente deste potencial, por iso somos a comunidade que máis inviste en artes escénicas. Seguimos traballando con eventos que dinamicen este sector. Neste ano 2011 celebramos o Ano da música, no que a Xunta investirá directamente con fondos presupostarios 6 millóns de euros, cantidade á que haberá que engadir as achegas doutras administracións, institucións e programacións culturais.

O comercio é un sector fundamental para Galicia, con máis de 110.000 empregos en xogo. Actuamos en dúas liñas: aprobamos a Lei de comercio interior, un novo marco regulador adaptado á realidade actual; unha norma que conta cun amplo respaldo do sector. E, en segundo lugar, estamos aplicando xa o Plan Ágora, para o mantemento do emprego e a

modernización do sector, cun investimento de 130 millóns de euros.

Todas as medidas de apoio aos sectores estratéxicos da economía galega, das que vimos de facer tan só unha pequena escolma, teñen que verse complementadas cun esforzo para ser cada vez máis competitivos; e esa competitividade pasa inevitablemente por configurar un territorio ordenado, equilibrado e ben comunicado. Por iso actuaremos en catro ámbitos de actuación: primeiro, instrumentos de ordenación territorial e urbanística. En ordenación territorial, dous fitos: a aprobación definitiva das Directrices de ordenación do territorio e a aprobación definitiva do Plan do litoral.

Galicia xa conta por fin coa súa “Constitución territorial”: as Directrices de ordenación do territorio aprobadas definitivamente o pasado mes de febreiro. Ademais, ese mesmo mes de febreiro aprobamos definitivamente o Plan do litoral, unha ferramenta imprescindible grazas á que se garante a adecuada ordenación dun total de máis de 215.359 hectáreas, o que equivale ao 7,27% do total da superficie de Galicia. Agora, unha vez logrado este paso fundamental, temos que profundar na procura dun urbanismo máis transparente, máis claro e máis responsable. Por iso a vontade do Goberno é acometer a redacción definitiva e estable dun dos piares básicos en materia de ordenación do territorio e/ou urbanismo: unha Lei do solo. Sobre este texto iniciaremos un proceso de diálogo e concertación cos grupos políticos, cos concellos e co resto de axentes sociais e económicos –sindicatos, empresarios, arquitectos–. A nosa intención é acadar o máximo nivel de consenso que sexa posible, pois trátase de que esta nova Lei do solo supere a precariedade que veu caracterizando esta materia desde os inicios da autonomía e naza con vocación de permanencia. Neste sentido, quero trasladar á Cámara a solicitude do Goberno para que se constitúa unha comisión parlamentaria específica que desde o primeiro momento canalice e impulse a nova Lei do solo. (*Aplausos.*)

Para lograr a vertebración e ordenación territorial son fundamentais tamén unhas axeitadas infraestruturas de comunicación. En 2009, cando chegamos ao Goberno, aprobamos o Plan de infraestruturas, Plan MOVE; un plan co que pretendemos lograr que o 80% dos galegos teña acceso en menos de dez minutos a unha vía de alta capacidade. A nosa actitude de dicirlles a verdade aos galegos levounos a facer

unha reprogramación do plan, unha vez coñecidos os recorres de ingresos do Estado e os menores recursos cos que iamos contar. Tivemos claro, iso si, que esa reprogramación non podía supoñer parar o que estaba en marcha. E, nese sentido, o nivel de licitación do ano 2010 foi superior ao do ano anterior, cun aumento do 9%, mentres que a Administración do Estado en Galicia rexistrou un descenso en licitacións do 54,7%. Ao longo de 2011 estarán en execución máis de 100 quilómetros de vías de alta capacidade, para continuar incrementando os 67 quilómetros xa postos en servizo no que vai de lexislatura.

Ese territorio ordenado e ben comunicado implica tamén a garantía dunha mellor mobilidade dos cidadáns, e neste ámbito puxemos en marcha os plans de transporte metropolitano de Ferrol, de Lugo, da Coruña e de Santiago, que supoñen moitas vantaxes: unha diminución media do 60% do custo do transporte público, a retirada de máis de 11.000 vehículos diarios das rúas desas cidades, e, por tanto, unha redución importante no consumo de combustible e unha menor contaminación. Nos vindeiros meses pretendemos estender estes beneficios aos cidadáns de Vigo, de Ourense e de Pontevedra. Para iso resulta imprescindible contar coa colaboración e vontade de acordo por parte dos concellos beneficiados, como xa contamos por parte das cidades onde neste mes de marzo empeza o transporte metropolitano.

Ningunha iniciativa xeradora de emprego pode quedar frustrada por falla de solo empresarial. Ata o ano 2015 estamos investindo 373 millóns de euros para aumentar un 133% o solo empresarial dispoñible; de 13,7 millóns de metros cadrados de solo industrial pasaremos a 32 millóns de metros cadrados de solo industrial.

Cómpre promover tamén o equilibrio territorial, cunha discriminación positiva para as zonas que precisan dun apoio singular e específico. Por iso desde a Xunta aprobamos nos cen primeiros días os plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, e nas vindeiras semanas contarán con plans estratéxicos complementarios para intensificar as axudas nos sectores prioritarios e emerxentes. Neste tempo, nestes dous plans, apoiamos investimentos por valor de 190 millóns de euros. Revitalizamos o Plan Ferrol; no marco deste plan, no 2010 as administracións implicadas apoiamos investimentos por 230 millóns de euros para crear e manter

500 empregos. E puxemos en marcha o Plan Revive para a Costa da Morte.

Non hai competitividade territorial sen garantir o acceso ás novas redes de comunicación. Con este obxectivo estamos a aplicar o Plan de banda larga de Galicia 2010-2013, para posibilitar o acceso á Internet de calidade a todos os galegos. No ano 2010 investimos 28 millóns de euros, conseguindo reducir un terzo os galegos que non contaban con acceso á banda larga e que máis de 60.000 galegos xa teñan acceso a velocidades de 100 megas. O obxectivo para 2011 é incrementar do 72% ao 84% a poboación con cobertura de banda larga, é dicir, incorporar 80.000 persoas máis que non tiñan ningún tipo de cobertura de banda larga; e incorporar outros 240.000 galegos ás redes con velocidade de máis de 100 megas.

Un territorio ordenado, un territorio equilibrado e unhas infraestruturas de comunicación e tecnolóxicas axeitadas son un dos alicerces básicos para mellorar as nosas oportunidades de impulsar a actividade económica no contexto no que cada vez é máis necesario ser máis competitivo. E para iso é necesario, na nosa opinión, o talento, a innovación e a internacionalización da economía.

O nivel de progreso dunha sociedade está intimamente relacionado co nivel de formación das súas xentes. Canto mellor preparados esteamos, máis competitivos e máis oportunidades teremos. A acción da Xunta para mellorar o noso capital humano está centrada en tres eixes: un sistema educativo que aposta polo ensino público, aberto e de calidade; un modelo centrado na aprendizaxe dos idiomas e nas novas tecnoloxías, e o reforzo da formación profesional. A todo isto referireime máis adiante.

Unha política de mellora da empregabilidade que sexa eficaz e adaptada ás demandas do mercado laboral. Formalizaranse nove acordos máis que serán asinados na Mesa de Coordinación do Diálogo Social, que se suman aos quince acordos asinados no verán do pasado ano. *(Aplausos.)*

Entre estes acordos priorizaremos as medidas dirixidas a parados menores de 30 anos e a aqueles desempregados que levan máis dun ano sen ningunha acción dos servizos públicos de emprego; en total, a máis de 50.000 galegos e galegas desempregados. Reforzaremos os servizos de orientación

para darlles unha atención individualizada e ofrecerlles unha vía que faga compatible o seu perfil de demandante coas ofertas do mercado.

Un impulso decidido aos emprendedores con iniciativas que xeran actividade económica e permiten crear emprego. O pasado ano en Galicia creáronse 4.039 novas empresas, un 5% máis que no ano 2009, cando o incremento en España non chegou ao 2,2%. Unha aposta que se concreta en cifras: as axudas do Igape a novos emprendedores medraron un 60% entre o ano 2009 e o ano 2010.

Ademais de reforzar o talento, a Xunta está a facer unha aposta pola innovación e as novas tecnoloxías. Un dato demostra: mentres o orzamento autonómico para o ano 2011 diminúe case un 11%, as partidas destinadas á chamada “economía do coñecemento” crecen un 3,9%. Esta aposta concrétese en dúas ferramentas: a primeira, a Axenda Dixital 2014.gal. A execución desta axenda supón un investimento de 1.600 millóns de euros, dos cales 900 son aportados directamente pola Administración autonómica para situar a Galicia na vangarda nas novas tecnoloxías.

O segundo, o Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, tamén coñecido como Plan I2C. Un plan global que conta cun amplo respaldo social e universitario, que implica un investimento de 1.200 millóns de euros ata 2015, un 45% máis do que contemplaba a anterior planificación. Amosa a aposta prioritaria e estrutural que a Xunta fai pola innovación como motor do crecemento económico e da xeración de emprego. E fomenta unha I+D de calidade, que permita captar máis recursos do Fondo Tecnolóxico estatal e do VII Programa marco de I+D da Unión Europea.

O fomento da internacionalización foi, é e seguirá sendo unha prioridade máxima do Goberno para toda a lexislatura. Unha mostra: os fondos destinados á internacionalización crecen un 65% con respecto ao ano 2009. Este obxectivo é prioritario e ten unha dobre vertente: exportar máis e atraer máis investimento público estranxeiro a Galicia. Con este fin, a Xunta está acometendo unha completa reestruturación do Igape, destinada a centrar prioritariamente os seus esforzos no fomento da internacionalización. Queremos que o Igape reforce a súa posición como axente dinamizador da economía galega. Transformará a súa estrutura para pasar de ser un ente centrado na tramitación de subvencións a un ins-

trumento que permita servizos de alta calidade ás empresas e emprendedores que faciliten o seu acceso á innovación e á mellora competitiva como base para intensificar a súa internacionalización

Reforzaremos a nosa posición nos mercados prioritarios, a través da rede de plataformas empresariais no exterior, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia. A rede, formada por 14 oficinas que se irán abrindo en tres fases, permitirá incrementar as exportacións das empresas galegas. Obxectivos concretos 2011-2013: acadar que 700 pequenas e medianas empresas comecen a exportar os seus produtos de forma regular. Incrementar en máis de 3.000 millóns de euros o actual volume de exportación das empresas galegas e con iso xerar máis actividade económica que permitiría crear arredor de 23.000 novos postos de traballo.

Pero, ademais de exportar máis... (*Aplausos.*) ...Galicia quere ser unha comunidade atractiva para todos aqueles que queiran xerar riqueza e emprego e queiran investir en Galicia. Pódolles asegurar que todo o Goberno, empezando por min mesmo, dedicará a este obxectivo boa parte dos nosos esforzos no que resta de lexislatura.

Veño de tentar describirlles como a pesar das graves dificultades financeiras e dunha menor dispoñibilidade de recursos a Xunta está a poñer a súa capacidade para apoiar e manter vivo o noso tecido produtivo, seguir desenvolvendo un territorio ordenado e ben comunicado e apostar polo talento, pola innovación e a internacionalización da economía.

Xunto co mantemento do tecido produtivo e do emprego, o gran reto e o principal obxectivo que afronta a Xunta no marco das actuais dificultades financeiras é garantir unha axeitada prestación dos servizos públicos esenciais, un obxectivo co que estamos comprometidos hoxe: tres de cada catro euros do orzamento destínanse a educación, a sanidade e a benestar.

En Galicia, como sabemos, hai unha serie de características sociodemográficas que condicionan de xeito notable a nosa capacidade para ofrecer estes servizos: o avellentamento da poboación e o grao de dispersión. Isto non é novo, coñecémolo desde fai moitas décadas. Dous datos, Galicia soporta a metade de todo o gasto en transporte escolar que se rexistra en España. Galicia conta co 13% dos centros de

saúde que hai en España, sendo o 6% da poboación. Este, como digo, non é un problema novo, e en Galicia sempre tivemos claro que había que facer algo ao respecto. Sen embargo, o problema segue aí e segue agravándose, por iso o ano pasado acordamos debater sobre a necesidade de afrontar a cuestión demográfica. Na actualidade está constituída a Comisión parlamentaria para tratar este tema. Confío en que nesa comisión saibamos acertar para que desde esta Cámara poidamos deixarlle unha guía a este Goberno e aos gobernos que nos sucedan. Mentres esa Comisión realiza os seus traballos, nós acometeremos o esforzo de garantir a prestación dos servizos públicos esenciais nun contorno complexo, é dicir, lograr avances concretos en educación, en sanidade e en políticas de benestar.

A educación e a formación son a mellor garantía de futuro para un pobo. O sistema educativo, na miña opinión, debe procurar dous obxectivos claves: que Galicia poida enriquecerse co seu propio talento e que os máis novos teñan mellores ferramentas para acrecentalo.

No caso da Formación Profesional, o compromiso con esta é adaptarse á realidade, e queda demostrado en dous fitos: aprobación dunha nova ordenación para a formación profesional en Galicia que persiga máis flexibilidade, máis contidos e que facilite a conciliación. Coa aprobación de 28 currículos de ciclos formativos, o número de matriculados en FP incrementouse nos dous últimos anos máis dun 10%, con máis de 3.000 alumnos matriculados en FP por riba das anteriores datas e cursos.

No ámbito das universidades, e a pesar dos momentos complicados, os galegos temos varios motivos para sentirnos razoablemente esperanzados co noso sistema universitario. Un deles é o feito de que Galicia sexa unha das poucas comunidades autónomas que conta con dous campus de excelencia internacional, en Santiago e en Vigo, aos que a Xunta apoia e apoiará decididamente.

Tamén é destacable o esforzo en completar a incorporación ao Espazo Europeo de Educación Superior, dentro do Plan Bolonia; un proceso complexo que implica a transformación dunha grande parte do sistema universitario. Ao final deste proceso, serán arredor de 120 as titulacións de grao que ofertarán as universidades galegas, mostra do esforzo por evitar as reiteracións na oferta e a adecuación á demanda.

Queremos seguir traballando no deseño dun mapa de titulacións de grao e de posgrao que, garantindo un alto nivel de calidade formativa, sexan tamén eficientes no uso dos recursos humanos e materiais das universidades.

É de destacar a garantía de financiamento das universidades para os vindeiros cinco anos. As tres universidades e a Xunta asinamos o novo Plan de financiamento 2011-2015, que supón, sen dúbida, un notable esforzo de realismo por parte das universidades e por parte da facenda autonómica. No ano 2011 ese esforzo tradúcese nun incremento do peso relativo das universidades no orzamento total da Xunta, pasando dun 3,7% ao 4%. O obxectivo é que ao final deste período as universidades reciban das administracións galegas achegas de en torno ao 1% do PIB galego.

No ámbito do ensino non universitario estamos apostando por dúas vías: aprendizaxe de idiomas e manexo de novas tecnoloxías. Un dos obxectivos estratéxicos deste Goberno é fomentar unha sociedade plurilingüe, mellor preparada para afrontar os retos do futuro. Duplicamos as seccións bilingües da lexislatura anterior na educación pública. Arredor de 29.000 alumnos, nun total de 293 centros educativos en Galicia, teñen a día de hoxe unha ensinanza polo menos en tres linguas.

E tamén é obxectivo estratéxico adaptar o sistema educativo a unha nova forma de ensinar e aprender: a cultura dixital. Estámolo a facer a través do Proxecto Abalar. Hoxe son 14.500 os alumnos que estudan contidos dixitais a través de ordenadores públicos. No vindeiro curso serán o dobre: 31.500 alumnos. *(Aplausos.)*

Quero, por último, facer unha breve referencia ao Proxecto de lei de convivencia e participación na comunidade educativa, que ten como obxectivo dignificar a profesión do docente, combater o acoso escolar a todos os niveis e establecer mecanismos de participación directa dos pais e nais, o que implica asumir a súa corresponsabilidade no proceso educativo. Cremos que é unha lei necesaria e oportuna e, por tanto, convido a todos os grupos da Cámara a converter o debate sobre este proxecto de lei nun elemento de colaboración e mellora do noso sistema educativo.

Probablemente un dos logros máis importantes dos españois en xeral, e dos galegos en particular, é poder contar cun sistema sanitario público. Por iso este goberno ten como

prioridade garantir a súa sustentabilidade nun ámbito de grave carencia de recursos orzamentarios, mantendo e incluso incrementando a calidade asistencial e as infraestruturas sanitarias.

Con este fin, a nosa acción de goberno céntrase en catro eidos principais: adoptar medidas de eficiencia para garantir o propio sistema sanitario público, mellorar a xestión sanitaria a través da alta tecnoloxía, priorizar os pacientes máis graves para ser atendidos e construír novas infraestruturas.

En relación co catálogo priorizado de medicamentos, quero expresar a miña satisfacción e agradecemento polo traballo dos grupos do BNG e do Grupo Popular, pero sobre todo tamén polo compromiso dos profesionais sanitarios. *(Aplausos.)* Un traballo que permitiu que saíse deste Parlamento unha proposta novidosa, para conseguir unha importante racionalización no gasto farmacéutico sen mingua ningunha da calidade da atención aos pacientes. Custa entender como unha medida encamiñada a facer sostible o sistema sanitario público e, ao mesmo tempo, mellorar a súa dotación de infraestruturas a través dun aforro diario de 300.00 euros, pode ser posta en cuestión sen maior argumento que un conflito de competencias que non é tal e unha coincidencia plena entre o Goberno central e o manifestado por algúns sectores das multinacionais farmacéuticas.

En segundo lugar, medidas na xestión sanitaria para contribuír á eficiencia e á eficiencia dos sistema. É o caso da historia clínica electrónica, coa que xa atendemos o 98% da poboación. É o caso da receita electrónica, coa que xa se está dispensando o 80% das receitas. É o caso da central de chamadas coa que unificaron os teléfonos de atención, cun aforro de 16 millóns de euros na lexislatura. É o caso da asignatura de crear unha plataforma loxística centralizada, coa que agardamos acadar uns aforros de 20 millóns de euros anuais.

E, en terceiro lugar, priorizamos a atención aos pacientes máis graves, porque entendemos que, por riba das estatísticas, están as persoas. Froito desa estratexia, a finais do ano 2010 os pacientes máis graves, prioridade 1, esperaban unha media de 21 días; 9 días por debaixo do obxectivo do Sistema Nacional de Saúde e menos da metade dos 54 días que estaban esperando os pacientes prioridade 1 no ano 2008. Por primeira vez acadamos o obxectivo de espera de 60 días para

os pacientes graves, prioridade 2. Pero queda, sen dúbida, moito traballo por facer para mellorar os tempos de espera.

E continuando nesta liña, o Goberno ten a intención de traer a esta Cámara, no vindeiro período de sesións, o Projecto de lei de garantía das prestacións sanitarias, cumprindo así un dos principais compromisos adquiridos no debate de investidura. *(Aplausos.)*

Garantiremos por lei un seguro público sanitario que establecerá prazos máximos de espera en función da gravidade das patoloxías dos pacientes. O orzamento que se precisa está no Fondo de cooperación 2011, pendente de transferir á Comunidade Autónoma. Señorías, apoiemos a sanidade pública galega.

E quero destacar o esforzo sen precedentes na mellora das infraestruturas sanitarias. Temos o compromiso, a pesar da crise económica, de renovar o 50% das camas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. Puxemos en marcha o novo Hospital de Lugo, no que investiron máis de 40 millóns de euros, que finalizou o Goberno anterior. O novo hospital público de Vigo está adxudicado. Seguimos avanzando na tramitación do novo hospital público de Pontevedra. Iniciáronse as obras de ampliación do Complexo Hospitalario da Coruña, obras que supoñen unha superficie semellante á de dous hospitais comarcais. E tamén está na axenda do Goberno a reforma integral do Complexo Hospitalario de Ourense e a ampliación do Hospital da Costa e do Hospital do Salnés.

Pero tamén nos preocupa renovar e ampliar as infraestruturas para atención primaria. No ano 2009 finalizáronse catro novos centros. No ano 2010 foron rematados cinco novos centros de saúde. Neste mesmo ano estaremos construíndo 19 centros de saúde que podemos poñer en servizo antes de finalizar a lexislatura.

Remato este punto, referido ás políticas sociais, referíndome ás políticas de benestar, cunha mención especial á atención da dependencia.

Quixera neste punto insistir na importancia da verdade nun asunto que afecta a tantas persoas de xeito tan directo. A verdade é que temos unha lexislación referida á dependencia que é tan ben intencionada como deficiente no seu

deseño e na súa aplicación. Temos unha lei que parte dun cálculo erróneo dos posibles beneficiarios, o que xerou unha expectativas que a realidade se encarga todos os días de botar abaixo. A verdade é que, pese ás restricións orzamentarias, nestes case dous anos de lexislatura, de 14.000 dependentes atendidos pasamos a 42.000, o triplo que na anterior lexislatura. A verdade é que, aínda facendo ese tremendo esforzo, lamentablemente non todos os dependentes reciben a prestación á que teñen dereito. A verdade é que o Estado non cumpre coas obrigas de financiamento que a lei lle impón; en lugar de aportar o 50% do custo do mantemento do sistema, non aporta nin o 30%. A verdade é que se se achegase ese 50% por parte do Estado, hoxe todos os dependentes galegos con dereito a prestación estarían atendidos. *(Aplausos.)* Por iso consideramos que é preciso abrir un período de reflexión, para que se deixe clara a participación e as responsabilidades de cada Administración e estea dotado dun financiamento suficiente.

Pero, máis aló da atención á dependencia, a Xunta está levando a cabo un esforzo no conxunto das políticas dedicadas ao benestar, prestando un especial interese no apoio a todas as familias galegas. Quero destacar que, no que levamos de lexislatura, a Xunta puxo en servizo máis de 4.500 prazas sostidas con fondos públicos para atención a maiores, discapacidade e garderías. É dicir, nun escenario económico moi complexo, puxemos en servizo máis prazas de benestar en 23 meses que na lexislatura anterior. Seguiremos traballando, *(Aplausos.)* seguiremos traballando.

Seguiremos traballando por incorporar novas prazas aos sistema de benestar, cunha especial atención ás prazas de gardería. Neste ámbito temos o compromiso de crear 4.500 novas prazas ata o ano 2013. Ata o de agora puxemos en marcha 2.000 novas prazas, e neste ano 2011 incrementaremos a oferta en 1.000 prazas máis de garderías.

Quero destacar tamén o esforzo que a Xunta está a realizar nas políticas de inclusión social. Incrementamos dúas veces o complemento das pensións non contributivas, un 3% nos orzamentos do ano 2010 e un 3% nos orzamentos do ano 2011. Tamén incrementamos un 3% nos orzamentos do ano 2011 para a renda de integración social básica, a Risga.

Por último, avanzar no benestar social é sinónimo de mellorar a atención ás familias, por iso é o momento de esta-

blecer un marco claro e estable de apoio ás familias. Con este fin, e cumprindo co previsto no programa electoral, nas vindeiras semanas remitiremos á Cámara o proxecto de lei de apoio á familia. Unha lei que pretende dar resposta ás necesidades das familias, de todas as familias e de todos os tipos de familias. *(Aplausos.)*

En definitiva, a política de benestar deste Goberno pode resumirse: atender o triplo de dependentes que na lexislatura anterior, poñer en marcha en vinte e tres meses máis prazas de benestar que en toda a lexislatura anterior, duplicar as prazas dispoñibles en residencias de maiores e a finais do ano 2011 incrementar un 20% as prazas de garderías.

Señorías, esta intervención inicia unha sesión parlamentaria que é ao mesmo tempo unha cita co noso país. Como representantes públicos, pídolles que miremos o que hai máis aló desta Cámara, xentes diversas pero que conflúen en tres sentimentos: séntense parte dun marco constitucional, que é a nosa Autonomía; séntense identificados co galeguismo que moldearon os nosos devanceiros; e séntense contemporáneos dun momento histórico, que é o máis difícil e determinante dende que logramos que se nos recoñecera como nacionalidade histórica.

É certo que un pobo como o noso, peregrino por tantas etapas da historia, ten na súa memoria colectiva a pegada do infortunio. Xa sabemos de crises, de reveses e de momentos aciagos nos que parecía esvaeerse a esperanza, pero non foi así. Somos a proba de que este país se ergue e andou, como pedía Alfredo Brañas. Seguimos en pé. *(Aplausos.)*

Esta capacidade de resistencia, con todo, non contaba co esforzo dun poder propio como o que temos agora. Galicia fixo fronte ás crises anteriores orfa de institucións, esfarelada en anacos inconexos e condenada a soportar as aldraxes cun obrigado mutismo. Este mutismo rematou para transformarse en reivindicación cando as circunstancias o esixen. O país desartellado está sendo superado por unha nova conciencia. En lugar de afrontar as dificultades dende unha posición de inferioridade, hoxe ten a autoestima suficiente como para que, lonxe de sentirse inseguro, o noso pobo sexa consciente, consecuente e valente.

Este pobo, o que representamos, este país, proponnos unha disxuntiva entre unha Galicia anacrónica e unha Gali-

cia moderna; ofrécenos o autogoberno para crecer e perder ou para anquilosarnos, e déixanos a nós, os políticos, na tesitura de afrontala divididos ou sumando esforzos. En todo os caos debemos escoller a resposta acertada. Pídolles que asumamos a realidade tal cal é e traballemos para levar a cabo unha nova modernización de Galicia, pero non desde a grandilocuencia senón desde a racionalidade.

Señorías, o realismo e a verdade son o primeiro mandamento dun dirixente que xestiona a crise; e quero trasladarlle á nosa cidadanía que a nosa situación económica segue sendo moi difícil, especialmente para todos aqueles que sofren o problema do paro, pero tamén quero asegurarlles que a gran teima do Goberno galego é a defensa da autonomía, o benestar dos seus cidadáns e o fortalecemento dos instrumentos produtivos, económicos e financeiros que favorezan o noso progreso común. Estou seguro de que nestes tres obxectivos nos podemos atopar. *(Aplausos.)*

Aproveitemos o noso autogoberno para crecer e perder. A Galicia de hoxe, e hoxe máis que nunca, pídenos unha nova esperanza; unha esperanza destinada a un pobo adulto, responsable, capaz de entender o que sucede ao seu redor. Non loitamos pola autonomía para agachar as adversidades, senón para afrontalas de acordo coa nosa capacidade competencial. Tampouco arelamos o autogoberno para calar cando os nosos intereses non son respectados noutras instancias de poder, senón para servir de voceiros da inqueda colectiva. Fagámolo centrados e unidos. A desafección que senten tantos sectores da sociedade respecto dos seus representantes ten a súa orixe na idea de que a política non trata da preocupación da xente, senón que adoita derivar en debates bizantinos só aptos para unha elite afastada. Esta doenza afecta a todas as democracias modernas, e esixe dos que asumimos as responsabilidades representativas un esforzo de achegamento.

Ao longo desta intervención terán reparado en que nos próximos meses haberá moitos e importantes momentos para sumar esforzos. Temos demostrado que podemos facelo. Nestes case dous anos de lexislatura esta Cámara reflectiu un sentir maioritario en moitos aspectos vitais para o noso país, aínda que non sempre fora de xeito unánime.

Temos retos de país que condicionan seriamente a nosa capacidade para afrontar a nosa máxima prioridade, que é a

crise económica; refírome á blindaxe por lei da sustentabilidade das finanzas públicas, refírome ao noso futuro financeiro, refírome á negociación da débeda, que equivale a toda a política social dunha lexislatura, e refírome a que se cumpra co financiamento autonómico co que se prestan os servizos aos cidadáns. Señorías, descolgarse do interese xeral é descolgarse do noso país. *(Aplausos.)*

Temos retos de país que porán a proba a nosa xenerosidade e a nosa capacidade de concertación; refírome fundamentalmente á reforma constitucional do Estatuto de autonomía. Manteño o meu compromiso de que tentemos chegar a un acordo útil, mediante un diálogo construtivo, no marco da Constitución. E temos restos de país que precisamos poñer en marcha xuntos para que sexan verdadeiramente útiles a Galicia. Por diante, polo menos, 35 proxectos de lei que presentaremos na segunda parte da lexislatura; proxectos de lei que reclaman da opinión e da participación de todos porque abordarán asuntos fundamentais para a autonomía como a modernización da Administración, o desenvolvemento do noso territorio, o pulo á nosa cultura, as melloras para a educación, as mellores para a sanidade pública e os servizos sociais.

Aquí, neste Parlamento, latexa o corazón da nosa democracia. Este é o lugar onde Galicia toma forma, condensa a súa personalidade e exerce o seu autogoberno. Aquí fanse realidade cotiá os sonhos de moitos galegos que imaxinaron unha patria libre, en harmonía cos demais pobos de España e do mundo. Aquí poden reflectirse as inquedanzas dos galegos de hoxe. E aquí tamén podemos construír a nova esperanza que nos pide o noso país: require capacidade para xestionar con austeridade o noso; esixe forma para reclamar cando os intereses galegos están ameazados; e, sobre todo, reclama unha absoluta e total confianza na enerxía colectiva que atesoura o noso pobo. Esa confianza débemola mostrar neste debate cunha énfase especial para que desapareza a distancia entre os cidadáns e nós, os seus servidores.

Oxalá que os ecos desta sesión que cheguen ao exterior deste Parlamento sirvan para aumentar a resolución da nosa xente.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Suspéndese a sesión ata esta tarde ás dezaseis horas, catro da tarde.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión as once e corenta e tres minutos da mañá e retómase ás catro e tres minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señorías.

Reiniciase a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, público que nos segue: “Galiza é un home en paro; Galiza é unha familia que non chega a fin de mes; Galiza é unha parella que non pode pagar unha casa; Galiza é unha muller que cobra menos que un home por facer o mesmo traballo; Galiza son 30.000 universitarios sen perspectivas de emprego; Galiza é un inferno nas listas de espera sanitarias e milleiros de persoas que esperan a que lles paguen a Lei de dependencia”. Semellante descrición do país, señoría, non é miña. Semellante toma de partido polos colectivos que con maior dureza están a experimentar as consecuencias de crise non foi feita por ningún dos deputados que sentan nos escanos da oposición. Quizais non se lembre, pero é súa, señor Feijóo. Pronunciouna vostede nun mitin en Chantada o 23 de febreiro do ano 2009 e, a seguir —quizais levado pola emoción—, engadiu: “Serei humilde e estarei á altura”. No caso improbable, señor Feijóo, de que a súa preocupación fose sincera, ¿que pasou con esta dous anos despois? Pois, se vostede non se lembra, podemos facer algo de memoria.

Se Galiza é un home en paro, dous anos despois hai en Galiza 248.000 galegos e galegas que non teñen emprego. Ou, se quere, podémolles sacar a maquillaxe do seu Goberno: en Galiza hai 300.000 demandantes de emprego inscritos nas oficinas do servizo público.

Se Galiza é unha familia que non chega a fin de mes, hoxe en Galiza máis da metade dos fogares galegos chegan

con dificultade, ou directamente non chegan, a fin de mes. Hai máis de 600.000 galegos por debaixo do limiar da pobreza, e a súa resposta é desmantelar os dispositivos de inclusión social.

Se Galiza é unha parella que non pode pagar unha casa, nestes dous anos do seu Goberno máis de 3.500 familias foron botadas dos seus fogares en procesos de execución hipotecaria. Entre tanto, o seu Goberno abandona a promoción de vivenda pública e as axudas ao aluguer. Baste un dato: no ano 2010 só promoveron vostedes 44 vivendas de protección oficial, e a responsabilidade, señor Feijóo, é súa.

Se Galiza son —como dicía vostede— universitarios sen perspectivas de emprego, hoxe hai en Galiza 52.000 titulados e tituladas que engrosan as listas do paro; máis do 40% dos menores de vinte e cinco anos están sen traballo. E nestas condicións, señoría, hai que ter moito valor e moi pouca vergoña para afirmar que a natalidade é unha cuestión cultural, coma se a mocidade galega ficase en casa dos pais até despois dos trinta anos por gusto, ou coma se a precariedade que atravesa a súa vida lles permitise formular proxectos de futuro.

Se Galiza é unha muller que cobra menos que un home por facer o mesmo traballo, hoxe a renda das mulleres galegas está un 20% por debaixo da dos homes. E as empresas que discriminan salarialmente as mulleres, señor Feijóo, seguen cobrando axudas do seu Goberno. Son as mulleres as que con máis dureza están a experimentar as consecuencias da crise. Só no ano pasado 22.800 mulleres en Galiza perderon o seu emprego, e o seu Goberno non presentou ningún plan específico. Iso si, foron bastante máis activos á hora de reducir o salario da liberdade para as mulleres vítimas de violencia de xénero, quizais para entregárllelo a asociacións integristas que negan a liberdade de elección das mulleres.

Se Galiza é o inferno —como dicía vostede— das listas de espera sanitarias, daquela, señor Feijóo, hoxe máis de 275.000 galegos están ás portas do inferno á espera dunha proba, á espera dunha consulta ou á espera dunha intervención cirúrxica. A súa resposta é que, mentres se inflaman as listas de espera, vostedes reducen o número de operacións que se practican nos hospitais do Sergas.

E, en fin, se Galiza son milleiros de dependentes que agardan por unha prestación, hoxe máis de 43.000 persoas

esperan que o Goberno faga efectiva a prestación que xa teñen recoñecida. Teñen dereito, pero non a disfrutan.

Cando vostede chegou ao Goberno, señoría, Galiza era a terceira comunidade autónoma en aplicación da Lei de dependencia; hoxe somos a segunda, a segunda pola cola, só por diante de Canarias.

Estas son as cifras dos seus dous primeiros anos de goberno. Así están as cousas, señoría. Podemos concluír que se mellorar a vida da maioría dos galegos e das galegas fose realmente o obxectivo do seu Goberno, vostede fracasou. (*Aplausos.*) Hoxe Galiza, señoría, está peor, moito peor, que hai dous anos; e, aínda que vostede non o recoñeza, os galegos na súa vida diaria sábeno ben, vostede fracasou.

Mais, sendo importante saber onde estamos, o que interesa de verdade é saber cara a onde imos. Se de verdade acreditase que o fin da política son as persoas e non os mercados, que o fin da política é o benestar e non o déficit cero, son os intereses da maioría e non os privilexios duns poucos, daquela, señoría, non todo estaría perdido. Daquela, aínda poderíamos encontrar un espazo común sobre o que discutirmos de políticas, de recursos, de estratexias, sabendo que ao cabo o que contan son as persoas. Polo menos poderíamos coincidir —e non sería pouco— en distinguirmos os medios dos fins. Coincidiríamos, por exemplo, en que a economía non é un fin en si propio, senón apenas un medio para crear benestar, igualdade e xustiza nunha sociedade dada, no noso caso, a galega. E coincidiríamos tamén en que algo vai mal, en que algo está errado cando é o benestar, a igualdade e a xustiza os que se teñen que sacrificar no altar da economía, no altar dun sistema económico que só beneficia a uns poucos; e, por certo, de cada vez menos.

Mais, ben ao meu pesar, señoría, sospeito que non é así, que o que lle tira o sono a vostede non é o desemprego nin a pobreza nin tampouco os mozos que han de procurar fóra as oportunidades que este Goberno lles nega no seu país. O único que a vostede de verdade lle tira o sono é servir os seus patróns políticos e empresariais, cos que comparte —con eles si— a idea de que Galiza e os galegos son apenas un medio co que lograr o medre político e persoal. España como problema, Galiza como negocio; esa, señoría, podería ser a súa divisa.

E, a xulgar polo que ten dito nalgunha ocasión, vostede considera que todo vai ben cando o beneficio empresarial medra, que a función do Goberno se limita a crear condicións para que as empresas incrementen os seus beneficios e o mercado actúe sen restricións. Porque só deste xeito —razoan vostedes— as bondades do crecemento económico alcanzarán o conxunto da poboación. Unha das máis famosas formulacións desta teoría di que, cando a maré enche, todas as embarcacións soben, do pailebote á chalana; outra afirma máis obscenamente que, cando os ricos comen, os pobres tamén se aproveitan das migallas que caen da mesa dos señores.

Á marxe de que nestas concepcións —as súas— se asume a desigualdade como algo natural, pregúntolle, señor Feijóo: ¿lograron as súas políticas recuperar o beneficio empresarial en Galiza, crear emprego e distribuír o benestar? Penso que non. Se falamos de beneficio empresarial, o único que sobe é o das grandes multinacionais financeiras, enerxéticas e de comunicacións españolas, que incrementan escandalosamente os seus beneficios. No ano 2010 Telefónica gañou 10.500 millóns de euros; o Banco de Santander, máis de 8.000 millóns; o Banco Bilbao-Vizcaya, 4.600 millóns; Repsol, 4.500; Endesa —onde está o seu xefe, Aznar—, 2.500 millóns; Iberdrola, 1.600 millóns; Gas Natural-Fenosa, 1.300; e así poderíamos seguir. E non esquezamos que moitas destas empresas se construíron a partir da explotación, sen contraprestación ningunha, dos recursos naturais e dos recursos enerxéticos deste país.

Mais á inmensa maioría das empresas galegas, señorías, non lles vai tan ben. Semella que os beneficios destas grandes empresas se constrúen cos problemas polos que atravesan as empresas pequenas e medias e os autónomos do noso país. Semella que os beneficios escandalosos destas empresas proceden da suba da factura da luz, proceden dos impostos que eluden e que deberían pagar, proceden da redución continuada dos salarios e da precariedade laboral; mais proceden tamén dunha política consciente de apoio público a estas grandes empresas en detrimento das peme e dos autónomos, que, non o esquezamos, son os que crean a maior parte do emprego no noso país.

Sei ben, señoría, que se trata dunha tendencia xeral impulsada activamente polo Goberno español. Mais o Goberno galego, o seu, non é inocente.

Tamén vostede pon o seu grao de area, por exemplo, cando prima as grandes superficies comerciais sobre o comercio tradicional e de proximidade a través da nova Lei de comercio. Ou, por exemplo, cando contrata con empresas foráneas produtos que lle poderían servir e que podería encomendar perfectamente a empresas galegas. Debera explicar vostede, señor Feijóo, por que o Xacobeo encomendou a dúas empresas madrileñas o Plan de medios e o Plan de comunicación; ou por que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar contrata con tres ignotas empresas madrileñas, e faino a través de adxudicación directa, os mandilóns, o enxoval e a lencería para as galescolas e os centros de día.

Polo demais a súa política industrial, de existir, é un continuo “ila virando”, unha rapañota de recursos públicos distribuídos sen máis criterio que o pagamento de favores e a compra de vontades. A súa política de internacionalización de empresas, cando se concretiza, señor Feijóo, tradúcese en financiar con cartos públicos a deslocalización á China ou a Marrocos. Así sucedeu no caso de Caramelo. Mais mesmo así veñen de entregarlle 18 millóns de euros á confederación empresarial do seu amigo Fontenla, seica para fomentar a internacionalización das empresas galegas. Parques industriais, como os da Costa da Morte, levan dous anos –desde que vostede chegou ao Goberno– á espera de que a Xunta promova a instalación de empresas. Noutros como os de Tomiño a construción ficou parada *sine die* e sen ningunha explicación por parte do seu Goberno.

Podemos falar, se quere, de reequilibrio territorial. Os plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, dotados apenas con 4.800.000 euros en 2011, non evitaron nin que o seu Goberno reducise drasticamente o investimento nestas provincias nin que nelas, como no resto do país, a pobreza e o desemprego sigan a se estender de xeito escandaloso.

Quizais cando esta mañá vostede falaba do investimento estranxeiro se estaba referindo a ese hotel de luxo de cinco estrelas construído en Sober, na Ribeira Sacra; ese foi un dos grandes logros do Plan Impulsa Lugo. A Xunta de Galiza subvenciona con 2.800.000 euros a un empresario madrileño que agora adebeda xa 700.000 euros aos seus provedores; os provedores, eses si, todos da comarca, todos galegos. Un gran éxito, señor Feijóo.

Á vista desta política, non é de estrañar que a produción industrial caia en barrena. No último ano o índice de produción industrial reduciuse en Galiza un 2%, en tanto medrou un 6% no conxunto do Estado.

E, se non lle abonda o anterior, se lle dá a risa, lembre o prezo do leite; un prezo que xa non compensa a suba dos cereais e dos combustíbeis. En só dous anos o seu Goberno logrou que pechasen máis de 1.500 explotacións gandeiras. E, ademais, non aprobaron ningunha actuación, ningún plan para apoiar o sector e dinamizar o medio rural.

Se non lle chega, pódelle sumar tamén a crise do sector pesqueiro; un sector pesqueiro que segue a pagar as consecuencias dunha política pesqueira común que discrimina o noso país, que segue a pagar as consecuencias de acordos asinados pola Unión Europea con terceiros estados como Papúa Nova Guiné, claramente lesivos para o noso sector conserveiro, e que segue a pagar as consecuencias dunha consellaría inoperante, máis pendente dos portos deportivos en Sada –vexo que non está o señor Negreira– ou de encher con gaiolas de salmón a ría de Muros e Noia, que de atender as necesidades dun sector que, ao seu pesar, segue sendo un sector estratéxico para o noso país.

Señor Feijóo, ¿cando pensa defender a produción galega da competencia desleal? ¿Cando pensa defender a Galiza do mexillón chileno que se enlata como galego, do peixe noruegués que inunda os nosos mercados con arancel cero ou do leite francés que deita abaixo o prezo do noso, utilizado como reclamo nos liñais das grandes superficies? (*Aplausos.*) Esa é a súa responsabilidade, señor Feijóo, esa é a súa responsabilidade.

E, se aínda non lle chega, pódelle sumar os 3.000 postos de traballo que nos vai custar o Decreto do carbón que o seu partido apoiou en Madrid; pódelle sumar o fiasco dun concurso eólico que pon en mans de Gas Natural-Fenosa o noso vento a cambio de nada. Porque vostede sabe, igual ca min, que os postos de traballo e os plans industriais son puramente virtuais. Pero non o digo eu, xa o dixo o seu conselleiro Guerra: A Xunta non quere ter un papel protagonista na recuperación económica. Que llelo pregunten aos traballadores de Clesa, en Caldas, ¿verdade, señor Guerra?; que llelo pregunten aos traballadores de Emesa, en Coirós, que aínda están á espera de ser recibidos pola conselleira de Tra-

ballo e Benestar. Non, vostedes non teñen ningún papel, nin protagonista nin secundario; de teren algún, sería o de enterradores: tres expedientes de regulación de emprego diarios e máis de 18.000 traballadoras e traballadores afectados no ano 2010. Ese é o seu papel e o seu contributo á creación de emprego e á reactivación económica.

Podemos falar da obra pública. Aquí tamén se ven as consecuencias da nugalla do seu Goberno. No último trimestre do ano 2010 a licitación pública caeu en Galiza máis do dobre que no conxunto do Estado, caeu un 74% nin máis nin menos, señor Feijóo. Deben ser as consecuencias da estabilidade orzamental. E isto, repítollo, é responsabilidade directa súa.

E tampouco parece que o seu Goberno estea moi preocupado por mudar o padrón de crecemento, por camiñarmos cara a unha economía máis intensiva en coñecemento e máis sustentábel. Máis ben diría que todo o contrario.

En canto ao I+D+i, comparemos. No ano 2008 o Goberno anterior puxo e financiou 589 prazas de investigadores e tecnólogos; no ano 2010 a súa Consellería de Economía e Industria financiou apenas 15 prazas. Isto reflicte perfectamente os recortes que o I+D+i experimentou desde que vostede goberna, un 20%; un recorte dun 20%, señor Feijóo.

Esta falta de ambición tamén se ve no caso do financiamento das universidades. O seu novo Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego renuncia expresamente á converxencia, á converxencia do financiamento do ensino superior coa media estatal e coa media europea de investimento público. Á vista do apoio, non é de estrañar que investigadores, universitarios e tecnólogos procuren fóra de Galiza o recoñecemento e as oportunidades que o seu Goberno lles nega no noso país.

En materia ambiental, o seu novo Plan de residuos confirma a aposta pola incineración e a vertedura de lixo sen control e sen compactación previa, o que están a facer agora no complexo de Sogama, en Cerceda. Ameazan con construír unha nova Sogama no sur de Galicia, pero cóidanse moi ben de revelar a ubicación. Iso xa o dirán cando pasen as municipais. En todo caso, o que queda claro é que tamén en materia de residuos o beneficio das súas empresas amigas

prima sobre a protección ambiental. Quizais por iso abandonaron a educación ambiental e fan ouvidos xordos ao Manifesto pola educación ambiental galega, asinado xa por máis de cen entidades. Pretenden seguramente que a xente quede na ignorancia, e, á vista do que está a suceder en Xapón, o mellor é facer como Aznar e defender directamente a enerxía nuclear; seguro que si.

A súa actuación, señoría, en materia de servizos públicos, é ben demostrativa da ideoloxía que profesa e dos intereses aos que vostede serve. Se o servizo é rendible, privatízámolo; se non é rendible, desmantelámolo. E esta máxima aplícase de modo e con ritmos diferentes dependendo do ámbito do que se trate. Cando se trata dos servizos sociais, aplícanos con toda a súa crueza. Aí está a privatización da atención a maiores, a menores e a dependentes e o desmantelamento de servizos nos que non hai negocio. Así sucede en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social. Vén de denunciálo o Valedor do Pobo nun recente informe sobre a situación das persoas sen fogar en Galiza. Quizais era a isto ao que se refería cando na súa investidura vostede falou de superar a contraposición excluínte entre público e privado. Dous anos despois da súa chegada ao Goberno, señor Feijóo, hai 20 centros de día construídos e sen abrir á espera de que se privaticen. Ben se ve que para vostede é antes o beneficio das empresas amigas que a atención ás necesidades da xente.

Na educación, a degradación programada do ensino público precisa doutras ferramentas: reducir as axudas para comedor e actividades extraescolares nos centros públicos, mentres concentran nos centros privados programas como Abalar ou as aulas plurilingües; reducir a oferta de emprego público para profesorado e persoal de apoio en tanto financian con cartos públicos centros que segregan ilegalmente o alumnado; eliminar a gratuidade dos libros de texto en canto gastan 6 millóns de euros –¡6 millóns de euros, señor Feijóo!– en substituír os libros en galego por libros legais en castelán. De paso, afunden a industria editorial galega, pero a vostedes tanto lles ten.

Dos recortes que, en nome da austeridade, aplica o seu Goberno en todos os niveis educativos, desde a formación profesional á universidade, só se libra o ensino privado e, ¡faltaría máis!, as políticas contra o galego, que, no ámbito educativo, aplican vostedes con especial saña.

Na sanidade, señoría, vostede, que foi un adiantado das fundacións sanitarias, promove agora a privatización directa de hospitais e centros de saúde. Grazas a vostede imos pagar por estas infraestruturas máis de tres veces o seu valor real e ademais subordinaremos a protección da saúde dos galegos, o servizo público sanitario, ao interese das empresas. En tanto a súa conselleira gasta millóns de euros en campañas publicitarias, campañas enganosas cando falan de novos investimentos e campañas gravemente tendenciosas cando tentan botarlles a culpa aos pacientes do deficiente estado dos servizos, tal e como aconteceu coa recente campaña do uso responsable dos servizos sanitarios.

Mais non lle funcionou o Plan estratéxico, non lle funcionou ningún dos 135 plans que prometeu o ano pasado, e este ano fiou o éxito do seu programa económico a dúas cousas: ao Ano Xacobeo e á austeridade.

Podemos, señoría, falar do Ano Xacobeo. É significativo que vostede aínda non comparecese neste Parlamento para dar contas, para avaliar o impacto económico do Xacobeo.

Ten afirmado nos medios que o 2010 foi o mellor Ano Santo da historia. Fala de que houbo 9 millóns de visitantes. Fraga falaba en 2003 de que houbera 12 millóns, pero bueno, deixémolo, o mellor Ano Xacobeo da historia. Pero mire, se o produto interior bruto en Galiza no ano 2010 medrou apenas unha décima, ¿como pode vostede manter que o Xacobeo supuxo un incremento dun punto no crecemento económico no noso país? ¿Como explica vostede, señoría, que en pleno Ano Xacobeo a cifra de negocios do sector hostaleiro en Galiza baixase máis que no conxunto do Estado e que o sector turístico en pleno Ano Xacobeo destruíse emprego neto no noso país? E, se iso foi así, se o sector turístico baixou en pleno Ano Santo, ¿que vai pasar no ano 2011, toda vez que fracasaron os seus intentos de prorrogar o Ano Santo, señor Feijóo? ¿Cales son os seus programas? ¿Cales son os seus plans? Daquela, fica só a austeridade e a observancia estrita do dogma de estabilidade orzamental.

Por experiencia sabemos que estas políticas só nos afunden máis na crise. Cando se elimina ou se reduce a protección social, cando se recortan os salarios, pensións e subsidios, cando se incrementan os impostos sobre o consumo, cando se degradan os servizos públicos como consecuencia

da crise, o que se fai en realidade é distribuír a riqueza, decidir como se distribúe a riqueza. O que se fai en realidade é reducir a parte que lles corresponde aos que viven do seu traballo e incrementar a que corresponde aos grandes bancos e aos especuladores. Vostede sabe que esta política de austeridade non é neutral, non é socialmente neutral, bate no lombo da maioría dos galegos e das galegas.

Di que non sobe os impostos, señor Feijóo, mais isto é unha verdade a medias. Vostede baixa os impostos aos adquirentes de segundas e terceiras vivendas, mais sóbellos ao conxunto da poboación a través dun canon da auga que, nunha mostra inédita de voracidade fiscal, grava pozos e traídas particulares nos que o seu Goberno non investiu nin un só peso. Os galegos e galegas deben saber, señoría, que despois das eleccións municipais vostede vai subir os impostos até un 400% a todos os galegos que consuman auga, sexa cal sexa a súa orixe e sexa cal sexa a súa finalidade. *(Aplausos.)* Esa é a súa política fiscal: baixar os impostos aos ricos e subirllos ao conxunto da poboación.

E recoñezamos con todo, señoría, que o seu Goberno aplica unha peculiar concepción da austeridade. Di que non se debe gastar o que non se ten, mais apenas en dous anos de goberno vostede incrementou o endebedamento no noso país en 2.257 millóns de euros. Eu non lle tería nada que dicir se o tempo incrementase o benestar, mellorase os servizos públicos ou subise o investimento produtivo. Mais non foi así. Vostede incrementa o endebedamento en 2.257 millóns de euros ao tempo que degrada os servizos públicos, reduce o investimento e os galegos viven cada vez peor. E isto sen contar a débeda oculta, o que chaman no Plan estratéxico “o pagamento aprazado”; é dicir, o que van ter que pagar os gobernos seguintes polos hospitais, as autovías e os centros de saúde que agora vostede está privatizando. Esa débeda oculta ascenderá a finais do ano 2011, de se cumpriren as súas previsións, a 1.500 millóns de euros, e vostede dixo pola mañá que non ían hipotecar a acción de gobernos futuros, que non ían legar débeda ás seguintes xeracións. Isto é débeda, señor Feijóo; aínda que non compute como déficit, isto é débeda que terán que pagar os galegos e as galegas.

É certo, vostedes seguen a mellor tradición hipócrita da dereita española: din unha cousa e fan a contraria. A teoría parece que a saben ben, mais, fóra de recortar o que pode incrementar o benestar da poboación, recoñeza que o seu

partido practica alí onde goberna unha austeridade ben curiosa: alto endebedamento, alto gasto corrente e nulo investimento produtivo. Así sucede nas deputacións de Ourense e Pontevedra, así sucede na inmensa maioría dos concellos gobernados por alcaldes e alcaldesas do Partido Popular e así sucede tamén –non ía ser unha excepción– na Xunta de Galiza.

Desde que vostede chegou ao Goberno, señor Feijóo, o investimento público da Xunta reduciuse nun 45%, deixou vostede de investir máis de 657 millóns de euros. Parece que lle sobran os cartos, señoría. No ano 2009 o seu Goberno apenas executou o 63% do investimento previsto e no ano 2010 a cousa está aínda peor. Cos últimos datos que temos –os datos correspondentes ao mes de setembro–, o seu Goberno apenas executou o 34% do investimento previsto.

E, por certo, xa que vostede presume de pagar as facturas en 30 días, explíquelles á señora Farjas como é que en decembro do ano 2010 a Consellaría de Sanidade ten 112 millóns de euros en facturas sen pagar, cunha demora media de 151 días. ¿Esta é a solvencia da que fala o seu Goberno, señor Feijóo? ¿Isto é non meter facturas na gabeta, ou isto é a forma que ten vostede de conseguir o déficit cero, ter os provedores meses e meses sen cobrar as súas facturas? (*Aplausos.*)

En conclusión, señor Feijóo, Galiza hoxe está peor, moito peor, do que estaba hai dous anos. Vostede é un mal xestor, incapaz de lle ofrecer a este país o desenvolvemento económico e o benestar que a sociedade galega demanda.

Mais falemos agora, se lle parece, doutra das súas promesas. Hoxe falou, pola mañá, da necesidade de rexenerar a vida pública, de recuperar a confianza dos cidadáns. ¡Home!, vostede non caeu en paracaídas hoxe pola mañá; vostede é quen, cando presidía a oposición, cando dirixía a oposición, non tendeu nunca a man ao Goberno; vostede é o que protagonizou unha campaña electoral das máis sucias que se recordan na historia de Galiza. Pero vostede tamén, señor Feijóo, o que prometeu nesa campaña foi erradicar o enchufismo e o clientelismo e non volver falar deles en catro anos.

Dixo tamén daquela: “Se cometemos erros, pedirei perdón, pero sempre despois de depurar responsabilidades”. E,

mirando, erros cometeu dabondo, responsabilidades non depurou absolutamente ningunha e, desde logo, non foi por falta de oportunidades, señoría, nin no seo do seu Goberno nin no do seu partido nin nos concellos e nas deputacións onde vostedes gobernan. A non ser que a súa forma de depurar responsabilidades sexa a que practicou o pasado 24 de febreiro en Ourense. Alí, cando un periodista lle preguntou que opinaba da política de contratación do señor Baltar, contestou: “É que agora vou para Xinzo e despois vou para Celanova”. É unha boa forma, desde logo, de depurar responsabilidades, desde logo que si; (*Aplausos.*) agora para Xinzo e despois para Celanova. Pregúntome que escusa porá para evitar responsabilizarse, para evitar responder nesta Cámara a por qué hai tráfugas comprados con diñeiro público, señor Feijóo, que encabezan as listas do seu partido en Mos, en Abegondo e en Folgoso do Caurel. ¿Que escusa vai poñer agora? (*Aplausos.*)

Pero, señoría, non é só que vostede tolere as irregularidades que cometen os militantes e os altos cargos do seu partido, non. É que vostede promove directamente o incumprimento da lei. O día a seguir de se aprobar no Congreso o informe que aconsellaba reformar a lexislación electoral para limitar o voto aos residentes no concello, é dicir, para que os emigrantes non voten nas eleccións municipais, vostede instou os seus alcaldes e alcaldesas a empadroar os residentes no exterior, a empadroar no concello os emigrantes e os seus descendentes. Tecnicamente isto é indución á fraude, indución á fraude electoral –teñen experiencia–, indución á fraude fiscal, indución tamén á fraude no acceso aos servizos públicos.

Pero xa se ve que a súa preocupación pola emigración era sincera. En canto remataron, coa reforma da Lei orgánica do réxime electoral, as posibilidades de manipular o voto emigrante, vostedes desentendéronse do Hospital do Centro Galego de Bos Aires. Era unha preocupación sincera, señor Feijóo; os emigrantes só lles interesan como mercadoría electoral ou como oportunidade de negocio. (*Aplausos.*) Acabado o negocio, acabada a manipulación, para vostedes acabouse a Galicia exterior.

Aínda que podo concederlle que quizais o problema sexa noso, dos que non entendemos esa peculiar concepción que vostede ten do Estado do dereito e do imperio da lei; esa que aplicou, por exemplo, no caso Barreiros, ¿lembra?, cando

investiu 9 millóns de euros públicos en legalizar 5.800 vivendas construídas irregularmente, é dicir, pagando con diñeiro de todos os gastos de urbanización e de conexión ás redes xerais, que, coa lei na man, debería ter pagado o promotor. Daquela, esa peculiar concepción que ten vostede do imperio da lei, levouno non a castigar os infractores, senón a destituír o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para substituílo por unha funcionaria dócil, unha funcionaria que xa demostrara o seu bo facer no Concello de Sanxenxo. Este, señoría, é o seu compromiso cun urbanismo, como dixo pola mañá, claro e transparente; o mesmo compromiso que reflicte cando mantén a Telmo Martín como candidato á Alcaldía de Pontevedra, (*Aplausos.*) exactamente o mesmo.

E falando de enchufismo, señoría, en apenas dous anos de goberno conxugou vostede todo o catálogo de irregularidades posíbeis no acceso ao emprego público: exames que se filtran, opositores que participan no proceso de selección e poden acceder, por tanto, aos exames, opositores que son membros de tribunais, opositores que son familiares de altos cargos e son xulgados polos seus parentes, e así poderíamos seguir. E, diante deste escándalo, ¿cal foi a súa reacción? Iso si, unha vez xa que os casos saíron aos medios, o único que vostede fixo —aquí tampouco depurou ningunha responsabilidade— foi dicir que son situacións graves e non desexábeis. Bueno, polo menos a súa conciencia supoño que quedaría tranquila, señoría.

E clientelismo. Eu non sei vostede pero eu por clientelismo, señoría, entendo o uso partidista, o uso sectario dos recursos públicos, e aquí recoñezo que vostede é un campión, aquí vostede bate marcas. Bate marcas de manipulación dos medios de comunicación públicos, os que volveron ás listas negras, e nos que se censura calquera opinión crítica ou incómoda para o seu Goberno; marcas de sectarismo na relación entre a Xunta e os concellos. Aquí os fondos non se reparten en función de criterios obxectivos senón dependendo da cor política do Goberno municipal. Traducido á práctica, isto supón que para a maioría dos galegos que teñen a sorte de non estar gobernados nos seus concellos polo Partido Popular o seu Goberno négalles recursos para a inclusión social, recursos para o fomento do emprego ou recursos —por só pór algún exemplo máis— para a atención á poboación inmigrante. Nas súas mans, señoría —vostede, que prometeu erradicar o clientelismo—, os recursos públicos con-

vértense en lubricante da maquinaria electoral do Partido Popular. Eu non podo imaxinar un exemplo máis acabado, máis exacto, de clientelismo.

Mais, señoría, sendo grave todo o anterior, a corrupción máis grave, a maior mostra da indixencia moral na que o seu Goberno se move, é a crueldade coa que ensañan cos que menos teñen, que son, precisamente, os que máis precisan da axuda do Goberno. Esta Cámara e este deputado non esquecerá, non esqueceréi nunca, señor Feijóo, a forma en que vostedes deixaron sen ingresos a mulleres, a mariscadoras maiores de 65 anos que non puideron cotizar, completar a súa cotización; a crueldade coa que a conselleira de Pesca dixo: É que estamos en contra da política de subvencións. Depende para quen ¿verdade, señora conselleira?, depende para quen.

Señor Núñez Feijóo, falamos de 700.000 euros anuais, moitos menos cartos dos que vostede gasta no seu *tour* semanal pagado por todos os galegos; moitos menos cartos, (*Aplausos.*) señor Feijóo, dos que vostede gasta todas as semanas en viaxar a Madrid a andar por platós e estudos radiofónicos de extrema dereita, bastante menos. Así as cousas, non se estrañe, señoría, de que se vaia estendendo a idea de que vostede non é unha persoa de fiar, de que vostede carece de principios e de escrúpulos e de que só se move polo seu interese persoal e o do seu partido. Esta é a imaxe que se vai estendendo de vostede na sociedade galega, e penso que é un reflexo fiel da realidade.

Vostede, señoría, como presidente de Galiza, ten que defender o país. Xa sei que non o fai por vontade, pero terá que facelo por imperativo legal; é que así llo impón o Estatuto, ten que defender o país. Vostede ten a obriga legal de defender os intereses e de defender a identidade deste país. Mais vostede como presidente dedicou os maiores dos seus esforzos xustamente ao contrario. O seu desinterese, señoría, en combater o desemprego contrasta co empeño en combater a nosa lingua. Contra o parecer do Consello Escolar e do Consello Consultivo, a pesar da oposición da comunidade escolar, aprobaron un decreto que persegue —ese é o gran logro do seu Goberno— excluír o galego do ensino das matemáticas e das ciencias e, na práctica, do ensino infantil. A onde non chegou a súa enquisa —ilegal—, chegou a longa man da súa inquisición lingüística. A pesar de que máis do 40% dos pais e das nais nas cidades escolleron para os seus fillos

en infantil ensino en galego, só o 10% das aulas das cidades de ensino infantil están en galego, señor Feijóo. Eu preguntome se esta é a liberdade lingüística da que vostede presume. Se cadra é a mesma liberdade que aplican na xustiza, onde o Programa Minerva –¡que ironía, a deusa romana da sabedoría!– lles impide aos funcionarios e aos xuíces o uso da nosa lingua. Ou, se cadra, tamén esas campañas publicitarias nas que o galego cada vez ten menos presenza e o galego que se emprega cada vez é de menor calidade.

Este mesmo desprezo polo propio explica unha política cultural que logrou algo nunca visto, logrou pór de acordo a todos os homes e a todas as mulleres da cultura, e pólos de acordo en algo: este Goberno, señor Varela, está esganando a cultura deste país.

Señor Núñez Feijóo, vostede non esgana a cultura galega só por razóns orzamentais. É grave; é grave, señorías, a situación na que se encontra o teatro, a situación na que se encontra o audiovisual ou a situación na que se encontra a industria editorial galega. Mais o máis grave é o desprezo e a falta de interese con que as iniciativas e os proxectos das industrias culturais e dos creadores deste país son recibidos polo Goberno; desprezo que contrasta coa obsequiosidade, coas atencións que recibe calquera produtor, calquera creador ou calquera industria cultural foránea. A programación do Xacobeo penso que reflicte perfectamente o que estamos dicindo.

E mesmo así, señoría, “a pesar de você” –que diría Caetano Veloso–, a nosa lingua e a nosa cultura resisten; resisten incorporando novos falantes e novos apreciadores do valor do noso, como nos tempos do franquismo resisten a pesar dun goberno que, non por casualidade, liga a persecución contra o galego con políticas antidemocráticas e políticas antisociais. Vostede, Feijóo, pasará... –non pasará á historia, penso que pasará máis ben ao vertedeiro da historia–, pero a nosa lingua seguirá viva, seguirá viva, (*Aplausos.*) grazas a milleiros de galegos e de galegas que, a diferenza de vostede, lle queren a este país e queren un futuro de Galiza ligado ao futuro da nosa lingua.

Citando a Couceiro Freijomil, vostede comprometeuse, señor Feijóo, na súa investidura a considerar sempre a Galiza como un fin en si mesmo. Mais a súa acción de goberno demostra absolutamente todo o contrario. A confesión de que carece de competencias para afrontar a crise –cando en

realidade non promove o novo Estatuto que lle permitiría alargalas– e o enfrontamento permanente e estéril co Goberno español contrastan con outras épocas e con outros gobernos de Galiza –nos que vostede tamén estaba– nos que a actitude era xustamente a contraria. ¿Lembra vostede aquela Xunta de Galiza da que vostede era vicepresidente que xustificaba case até a humillación o desprezo e a agresión que o presidente Aznar dedicou ao noso país? O caso é manter a súa condición subalterna de Galiza, o caso é non utilizar o autogoberno para resolver os problemas do país, parafraseando a Castelao, o caso é evitar que tomemos conciencia “do que fomos, do que somos e do que poderíamos ser con vida independente”. Nin empregan as competencias que teñen nin reclaman as que lle faltan, non vaia ser que nos afagamos a gobernarnos a nós mesmos. Se cadra seguen vostedes... Como dicía o informe da FAES, “que os intereses locais non primen sobre os intereses xeneralistas de partido”. Dito máis claramente, seguen vostedes as recomendacións do Partido Popular, que quere que Galiza estea gobernada desde a rúa Xénova de Madrid. (*Aplausos.*)

Por iso, señor Feijóo, na súa acción de goberno os intereses de Galiza sempre se pospoñen aos cálculos e ás directrices do seu partido. Xa lle dixen que, por orde do seu partido, os deputados galegos do Partido Popular en Madrid votaron a favor do decreto do carbón, por orde do seu partido os deputados galegos do Partido Popular votaron en contra da transferencia das competencias de tráfico ao noso país e tamén por orde do seu partido asinou vostede un sistema de financiamento que non garante os recursos que os nosos servizos públicos precisan.

Por certo, señoría, vostede descobre agora que o sistema de financiamento é un mal negocio para Galiza. Nós dixémosllo desde o principio, e daquela vostede xustificou a sinatura do acordo para non perder 636 millóns de euros adicionais. Pregúntome onde están eses cartos. Agora láíase de que o Estado lle debe 800 millóns de euros, a pesar de que no capítulo de ingresos dos orzamentos para o 2011 só aparecen 243, os 243 correspondentes ao Fondo de Cooperación. Señoría, nós defenderemos sempre un bo financiamento para Galiza, pero vostede terá que recoñecer que esta forma de actuar non é seria.

E, se quere, podemos falar das caixas. Tamén aquí, por orde do seu partido, os deputados galegos do Partido Popular

votaron primeiro o ano pasado a favor dunha modificación da LORCA que abriu a porta á privatización das caixas, e agora acaban de favorecer, coa súa abstención cómplice, o golpe de graza á caixa galega, o golpe de graza para entregar a caixa galega a prezo de saldo á gran banca española e aos especuladores. ¡Que diferenza con outros gobernos, señor Feijóo! O Goberno catalán presionou directamente para salvar as caixas de aforro catalás, chegando mesmo –segundo din os medios– a modificar o decreto lei no último momento, cando xa estaba o Consello de Ministros reunido. Vostede, con todo, preferiu confiar na improbable promesa de Mariano Rajoy de defender a caixa galega. ¿Acaso pensaba vostede, señor Feijóo, que para Mariano Rajoy pesaba máis Novacaixagalicia que Cajamadrid? Ou se enganaba vostede, señoría, ou o que quería era enganarnos a todos os demais.

Cando o Bloque Nacionalista Galego o instou a vostede a liderar unha posición común en defensa da caixa galega, vostede preferiu esperar a que o Goberno español aprobase o decreto. Pero, señor Feijóo, o que debería ter feito é precisamente o contrario, o que debería ter feito é cuestionar o dereito do Goberno español a marcar as regras do xogo, o que debería ter feito é exercer e defender as nosas competencias e defender, de paso, a nosa caixa. E agora, cando vostede xa meteu o barco nas pedras, agora é cando pide axuda. Tarde demais, señoría, cando as opcións de manter unha caixa xa son moi reducidas.

Nós sempre tivemos a man tendida para impugnar o decreto lei; mais para impugnar o decreto lei no Tribunal Constitucional vostede non precisa ningunha axuda, o único que ten que facer é este xoves –pasadomañá– tomar a decisión no Consello da Xunta; depende só de vostede. Para negociar co Banco de España non precisa vostede de ningunha axuda, e se o que pretende, señor Feijóo, é un fin indoloro da caixa galega, se pretende pactar que calemos mentres a caixa galega marcha de Galiza, aí, desde logo, non pode contar co Bloque Nacionalista Galego. Penso que para esa viaxe ten vostede mellores compañeiros, aqueles cos que pactou en Madrid modificar a LORCA e aqueles cos que acordou aquí blindar nos seus postos aos vellos directivos das caixas; vellos directivos que, digo eu, algo terán que ver coa situación na que a Novacaixagalicia se encontra.

Ao longo de todo este proceso, señor Feijóo, o Bloque Nacionalista Galego mantivo con coherencia a defensa

dunha caixa galega; unha nova lei –diciamos– para asegurar o carácter social e o control público da caixa; unha nova caixa procedente da fusión de Caixa Nova e de Caixa Galicia e, desde logo, novas persoas á fronte para liderar unha nova xeira marcada polo compromiso co país. Nós sempre estivemos do mesmo lado. Lamento sinceramente, señor Feijóo, que vostede non poida dicir o mesmo; láméntoo porque nos tería ido a todos moito mellor.

Podemos concluír, señoría, que vostede non está a defender os intereses de Galiza, que vostede renuncia a exercer as competencias coas que conta e evita demandar as que lle faltan, que vostede despreza a nosa lingua e a nosa cultura propias e que, por seguir as ordes do seu partido en Madrid, vostede fracasou en todas as negociacións que acometeu, sexa para mellorar o noso financiamento, sexa para manter unha caixa galega. *(Aplausos.)*

E mire, señoría, eu entendo que a situación é difícil, pero, desde logo, o que debería facer vostede é buscar respostas reais, respostas reais aos problemas do país; e as respostas reais aos problemas do país non son nin a propaganda nin a ideoloxía, e cando falo de ideoloxía fállolle de falsas solucións a preguntas mal formuladas. Se vostede entende que o principal problema da educación é darlles autoridade aos profesores –que xa a teñen– e endurecer o réxime disciplinario, penamos que vostede se engana, señoría. O principal problema da educación é que vostedes recortan fondos, recortan profesorado, recortan medios, e que eses recortes impiden que os centros públicos, os colexios, os institutos poidan xestionar a diversidade crecente das nosas aulas. Se vostede entende que a xuventude e as mulleres son os culpábeis da baixa natalidade, vostede engánase, señor Feijóo. O que ten que facer, se quere mellorar a natalidade, non é aprobar leis propagandísticas, o que ten que facer é mellorar o acceso á vivenda, é mellorar os salarios, é rematar coa precariedade xuvenil, é defender os dereitos das mulleres; iso é o que ten que facer.

E, desde logo, falando de xuventude, resúltame inquietante, de verdade, algo que di o seu proxecto de lei. Vostedes, á xuventude, ben sexa cando falan do botellón, cando falan da Lei de familia, intentan deitar sobre ela unha sombra de dúbida permanente: os mozos son vándalos, son lacazáns que non saben atender... Si, si, mire, ¿sabe o que di –seguramente non o leu a señora conselleira– o artigo 50 do

Anteproxecto de lei de familia, señor Feijóo? O artigo 50 do Anteproxecto de lei de familia di que os menores deben manter un comportamento cívico. Estamos de acordo, pero supoño que este deber hai que referilo ao conxunto da poboación; supoño que tamén haberá que referilo aos candidatos e candidatas do Partido Popular, ¿verdade, señor Feijóo? (*Aplausos.*) Supoño que si, supoño que si. Eles tamén deben ter un comportamento cívico, señoría. Por tanto, é un sarcasmo que vostedes insistan en criminalizar a mocidade cando eles son as principais vítimas das políticas que vostede practica.

Consumiu vostede, señor Feijóo, a primeira parte da lexislatura; consumiu vostede esa parte na que os gobernos formulan os seus proxectos e reformas de maior alento. E o seu Goberno está esgotado, e non llo digo eu, dillo un destacado deputado do seu grupo, o señor Puy. O señor Puy acaba de afirmar que Feijóo só pretende esgotar a lexislatura. Penso que ten razón. O señor Puy penso que é un bo deputado da oposición. El saberá por que.

Pero, miren, fronte a un goberno esgotado e sen proxecto, o Bloque Nacionalista Galego exerceu estes dous anos unha oposición firme, traendo á Cámara os problemas reais do país. A defensa dos servizos públicos, a defensa dos dereitos dos traballadores, a defensa da nosa lingua e dos nosos sectores produtivos tiveron voz neste hemicycle grazas ao Bloque Nacionalista Galego. E o Bloque Nacionalista Galego mantivo unha voz firme, pero tamén unha voz responsable e coherente, unha voz que non fuxiu do compromiso cando a defensa dos intereses de Galiza así o reclamaba. Só lamentamos, señoría, que o seu Goberno non soube estar á altura e malversase o apoio que lle prestamos para lograr un financiamento mellor, para defender a nosa economía ou manter a nosa caixa. Vostede, señoría, carece de credibilidade para ofrecer agora novos acordos. O que ten que facer é traballar, é gobernar, poñerse a dirixir este país, xa lle van sendo horas.

En todo caso, señoría, de vostede depende cambiar de actitude e rectificar. Dixeríno o ano pasado e reitérolo agora: se quere loitar contra a crise salvagardando os dereitos dos traballadores, dos autónomos e promover a economía produtiva, o Bloque Nacionalista Galego está aí; se quere defender con firmeza os dereitos de Galiza, a nosa pesca, o noso leite, a nosa enerxía en Madrid e en Bruxelas,

aí está o Bloque Nacionalista Galego; se quere defender servizos públicos, universais e de calidade para todos, aí está tamén o Bloque Nacionalista Galego; se quere volver ao consenso lingüístico representado na Lei de normalización e no Plan xeral de normalización lingüística, aí está o Bloque Nacionalista Galego; se está disposto a promover no Parlamento a elaboración dun novo estatuto que iguale o noso status ao de Euskadi e Cataluña, que amplíe as nosas competencias, que mellore o financiamento e estableza a igualdade real entre o galego e o castelán, tamén aí está o Bloque Nacionalista Galego.

No noso traballo de oposición, señoría, están as bases da alternativa que Galiza precisa; alternativas de goberno e, sobre todo, políticas alternativas; políticas alternativas para recuperar o sentido xenuíno da democracia, para que os gobernos elixidos polo pobo defendan os intereses do pobo e non os intereses dos mercados; a idea de que os sistemas económicos están para crear benestar e unha vida digna para todos, a idea de que en Galiza o autogoberno é unha condición indispensable para lograr unha sociedade máis xusta e máis estábel, e que na identidade e na lingua que nos une, señoría, está a enerxía coa que esta vella nación, superando a crise, construírá un futuro mellor para todos e para todas.

E non teremos que agardar dous anos para construír esa alternativa. O próximo 22 de maio os galegos e as galegas comezarán desde os concellos a construír a alternativa de goberno que este país precisa con urxencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Boas tardes, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, este debate da política xeral de Galicia celébrase cando xa pasamos o ecuador da lexislatura. Xa restan menos días dos que van transcorridos; polo que xa non son tempos de novas promesas senón de analizar cal é a nosa realidade e de atopar fórmulas que saquen adiante o noso país con realismo, compromiso e efi-

cacia. Quero realizar esta intervención pensando en Galicia, pensando nos seus homes e mulleres, nos seus problemas e no xeito de solucionarlos, dende unha análise rigorosa e con propostas que se plantexan dende, por e para Galicia. Neste sentido quero comezar expresando a miña profunda decepción polo discurso pronunciado esta mañá polo presidente da Xunta.

Señor presidente, hoxe estamos para falar de Galicia e do seu Goberno, pero vostede falou de España e do seu Goberno. Estamos para falar do desemprego e dos seus efectos, e vostede dedicoulle quince segundos da súa intervención ao principal problema do país. Tan só ofreceu un relatorio de cifras que, se as sumamos todas, dan unha cantidade de 12.000 millóns de euros en investimentos, que é bastante máis que o orzamento de todo o ano en curso. A súa comparecencia, señor Feijóo, é a constatación da máis absoluta incapacidade para sacar a Galicia da crise. Coas súas solucións políticas pasa como coa liña do horizonte: canto máis camiña máis se aparta.

Señor Feijóo, recorde esta frase: “Agora si que chegou o momento”. Chegou o momento de explicarlles aos galegos por que Galicia estaba á cabeza da creación de emprego en España hai dous anos e agora está á cabeza da destrución de emprego en toda España. Chegou o momento de contarlles a 80.000 familias por que agora xa non teñen a gratuidade nos libros de texto. Chegou o momento de desculparse ante 250.000 galegas e galegos que seguen xa nas listas de espera sanitarias. Chegou o momento, señor Feijóo, de explicarlle ao noso mundo agrario por que se pecharon 1.700 explotacións gandeiras neste país. Chegou o momento de saber que fixo vostede para dilapidar unha herdanza dunha economía saudable, converténdoa nunha economía debilitada.

Señor Feijóo, hoxe é o momento de explicarlles aos galegos por que estamos peor que hai dous anos. Neste debate cómpre ter altura de miras no senso de ser conscientes de que vivimos nun mundo onde mercados, gobernos, institucións e persoas viven cada vez máis interconectados; circunstancia que fai un tempo no que cada administración debe ser responsable das súas decisións, dona das súas competencias e guía dos seus recursos. E isto significa, señorías, ter decisión, saber xestionar os recursos e ter capacidade de goberno para que, dende as nosas obrigacións, poidamos gañar o futuro pero sen lastrar nunca os dereitos dos nosos

cidadáns. Estamos nun momento esixente, hai que render ao máximo; pero, señor Feijóo, render ao máximo non significa queixarse ao máximo. ¿Alguén imaxina que un goberno dun estado europeo, no canto de acometer todas as reformas necesarias, quedara de brazos cruzados esixindo ás institucións financeiras ou aos mercados internacionais que viñeran solucionar os seus problemas? Seguro que non. Do mesmo xeito custa asumir un presidente da comunidade autónoma con autonomía lexislativa, con competencias executivas, con capacidade de dotarse dos seus propios recursos para manter tal postura ante os problemas de Galicia.

Neste debate pídolle que asuma a súa responsabilidade, que lles diga a verdade ás galegas e aos galegos, e que lles diga que vai seguir recortando a sanidade e a educación, porque é a súa decisión, porque vostede estableceu que non son unha prioridade, porque vostede non confía nin na sanidade nin na educación públicas. É unha cuestión de prioridades, e os galegos levan dous anos comprobando cales son as prioridades deste Goberno.

Comezou a súa andaina, señor presidente, intentando sentirse –dicía vostede– “como un galego máis”. Pois, señor Feijóo, a pesar do seu esforzo, é triste que, despois de dous anos, non o conseguiu. Porque se vostede fose un galego máis sentiría de cerca os resultados da súa xestión, que son un problema cada vez maior para a vida cotiá dos cidadáns. Temos problemas complexos, problemas que vostede intenta disimular en cifras, pero que son moi sinxelos de albiscar, porque calquera que viva hoxe en Galicia sabe perfectamente de que estamos a falar.

Unha das nosas obrigas, señor presidente, neste debate é facer un repaso da situación do país no seu conxunto. Eu fareille unha síntese, concluirei cun balance e fareille un diagnóstico da situación na que nos atopamos tras dous anos de goberno. A síntese: un goberno da Xunta perdido, intentando enmascarar a súa falta de ideas e competencias baixo a pancarta contra o Goberno de España e contra todas as institucións onde vostedes non gobernan. Un balance: Galicia está claramente peor que hai dous anos. E un diagnóstico: Galicia con vostede perde sempre. *(Aplausos.)*

Nós, ante a inacción da Xunta de Galicia perante os grandes problemas do noso país, podemos trasladar propostas, podemos instalar a tomar decisións, e faremolo sempre dende

unha oposición construtiva. Pero o que non podemos permitir de ningún modo é que os problemas do presidente da Xunta se convertan nos problemas dos galegos; ten que ser ao revés: os problemas dos galegos son os que teñen que ser sempre os do presidente da Xunta. (*Aplausos.*) Leva vostede dous anos xirando arredor de si, só que, no canto do que lle acontecía ao protagonista da novela de Otero Pedrayo, vostede cada vez está máis afastado da realidade, da identidade e dos problemas de Galicia. Señoría, deberíamos centrarnos en que, ademais dun escenario complexo para todas as comunidades autónomas, Galicia, o seu presidente e o seu Goberno teñen un alto grao de responsabilidade na nosa situación actual.

Señorías, ¿por que as grandes decisións deste Goberno se toman sempre nestes dous anos con compoñentes partidistas, persoais ou voluntaristas en vez de ser en clave de interese xeral e de solucións para a cidadanía galega? Pois porque cando se converte a retórica partidista e a ideoloxía propia en obxectivo de comunión diaria para todos os cidadáns o que sucede é que se perde o respecto ao dereito dos que pensan distinto, dos que teñen outra visión de país tan lexítima como a daqueles que gobernan. Dous anos, señor presidente e señorías, convertendo a Cámara galega nunha rampla de lanzamento de soflamas contra o Goberno central e contra o posición. Non lle deixan tempo a este Goberno para falar dos problemas reais dos cidadáns: da economía, do desemprego, da sanidade, da educación, da dependencia e dos sectores estratégicos. En vez dos problemas dos cidadáns, dous anos onde o eixe central da acción política do Goberno e do presidente é a teoría da conspiración permanente contra Galicia para xustificar sempre os seus propios fracasos.

Señor presidente, ten vostede un goberno descoñecido para a maioría dos galegos e galegas, que está convertido máis nun soporte do Partido Popular que nun goberno para todos os cidadáns deste país. Dous anos facendo oposición á oposición e a todos os que pensen distinto, provocando fractura social en eidos tan importantes como a educación, a sanidade pública ou a lingua. (*Aplausos.*) Isto, señor presidente, non lle deixa tempo para falar dos problemas de Galicia. Pero hoxe imos falar dos problemas de Galicia. ¿E cales son os principais problemas? A economía e o emprego. É certo que a crise azoutou a economía en todas as súas dimensións, pero se hai unha na que as consecuencias son especialmente dramáticas en Galicia esta é o desemprego; sen

dúbida a maior preocupación das familias galegas. Chegou vostede á Xunta de Galicia designando a loita contra o desemprego como o principal obxectivo da súa acción política. O problema tiña perfectamente identificado, pero nunca soubo como facerlle fronte. O seu descoñecemento levouno incluso a imbuírse de superpoderes: “*Esto del desempleo lo arreglo yo en 45 días*”. Nunha mostra de benevolencia política os galegos tomamos esta declaración de boas intencións tan só como unha mostra máis dese carácter tan seu, onde o atrevemento e o descoñecemento ocupaba o lugar reservado para a reflexión, o traballo e as ideas. Xa cando dixo iso empezamos mal, pero agora chegou a hora de facer o balance. Tras dous anos de goberno, cabe preguntarse: ¿que medidas tomou vostede para loitar contra o desemprego? Non fai falta repasar nin contalas, non tomou ningunha. Nada, ningunha, nin antes nin hoxe no seu discurso falou de propostas que atinxen ao principal problema de Galicia.

Agora, se nolo permite o conselleiro de Cultura, debía de trocar e aplicar o slogan do Xacobeo: agora é cando, Galicia é onde, hai que falar das políticas de emprego, aquí e agora, do principal problema que temos para recuperar políticas que vostede ten demostrado que non sabe como funcionan.

Mire, por moitas voltas que lle deamos, Galicia foi no 2009 a comunidade de España que menos emprego destruíu, e Galicia foi no 2010 a cara oposta da moeda: a comunidade onde máis emprego se destruíu en España. ¿Iso é por casualidade? ¿Terá algo que ver o Goberno de Galicia? A día de hoxe, vostede é o presidente da comunidade autónoma con peor evolución do desemprego e de momento, por desgraza, parece que nadie lle vai discutir ese liderado.

Mire, señor presidente, diga nesta Cámara hoxe, asuma nesta Cámara hoxe e non faga como un mal adestrador, que lle bota a culpa sempre ao árbitro, ao estado do campo, a calquera cousa que lle permita escorrer o vulto. Diga aquí hoxe que ten competencias e que vai loitar contra as políticas para o desemprego. (*Aplausos.*) Afronte a verdade. Afronte a verdade e a realidade e diga que, coas mesmas competencias que o resto de España, ten sido en todos os ámbitos do emprego a comunidade con peores resultados no ano 2010.

¿Sabe o que dicía vostede no ano 2008? Declarou que a Xunta ten instrumentos para frear o desemprego que non están sendo empregados con eficacia. Está claro que, cando

agora vostede chegou a gobernar, non só non lle alcanzan, senón que os utiliza con moita menos eficacia que o resto das autonomías.

Señor Feijóo, sinxelamente vostede confunde a falta de competencias coa incompetencia. Ante o principal problema co que se enfronta Galicia, preguntolle: ¿vai ter vostede hoxe aquí a responsabilidade política de recoñecer diante de todas as galegas e galegos que é o problema do paro o principal ao que se ten que enfrontar, ou vai seguir vostede botando balóns fóra como deica agora?

Non cabe máis que concluír que ou ben o problema do desemprego en Galicia non é unha prioridade para o seu Goberno, ou recoñecer sinxelamente a súa incompetencia, do seu Goberno, para resolver o problema que máis preocupa ás galegas e aos galegos. *(Aplausos.)*

Señoría, falando de datos económicos, o desastroso comportamento do emprego non é máis que outra cara da moeda da situación económica de Galicia. A súa política –ou, máis ben, a súa falla dela– deixou a Galicia como unha comunidade autónoma a máis exposta á intemperie da crise. Nin a súa política nin as súas previsións –sobre todo despois de escoitalo hoxe– teñen credibilidade.

Mire, no último ano Galicia reduciu nun 75% o diferencial do PIB con España, que no ano 2008 se arimaba case a 1 punto. Galicia, con vostede, señor presidente, está dicindo adeus á axenda de converxencia económica. Galicia pásalle como a un equipo de fútbol en crise, con vostede, que en apenas dous anos pasou de competir polo título de liga a pensar unicamente en eludir o descenso.

A pregunta clave do debate, señor presidente: ¿por que Galicia, cos mesmos instrumentos, resiste peor a crise que outras comunidades? A explicación do meu grupo ten que ver coa renuncia do seu Goberno á modernización económica de Galicia.

Señorías, nesta análise a pregunta é: ¿que nos está pasando? ¿Como lles foi aos nosos principais sectores produtivos nestes dous anos? E cando analizamos vemos que a evolución non é precisamente esperanzadora.

Se falamos de industria –comentouse antes–, podemos darlle moitas voltas, pero hai elementos clave. O crecemen-

to do índice de produción industrial a nivel nacional multiplicou por sete o índice de produción industrial galego.

Está claro que a perda de emprego en Galicia –e iso é o máis preocupante– non é froito da conxuntura do pinchazo da burbulla inmobiliaria, como está pasando no resto de España, señor presidente. Aquí en Galicia o noso emprego está sangrando polo sector industrial con 40.000 postos perdidos e destruídos neste sector. É un problema de estratexia e non vale anclarse en políticas de botar balóns fóra.

O Decreto do carbón. O Decreto do carbón, o que vostedes non din hoxe aquí é que o venres os traballadores e a sociedade das Pontes, reunidos, lles pediron a vostedes que o que teñen que facer é levantar o recurso contra o Decreto do carbón. *(Aplausos.)* Iso é o que vostedes lle veñen ocultar aquí a este país.

Por certo, vemos que estamos caendo no IPI dous anos despois de que lideramos en moitos momentos o crecemento industrial a nivel de Galicia.

E vexo que me fai xestos o señor conselleiro, e preguntolle: aproveite e déalle unha clave ao señor presidente para que na réplica nos explique onde está a Mitsubishi para implantarse en Galicia; ¿onde está?, cando xa levan vostedes meses sen falar de ningunha estratexia.

En situación de política industrial é moi fácil, señor Feijóo. O que falla é un plan integral de política industrial, o que hai é un abandono absoluto da inversión en I+D+i, cun recorte do 40%, e o que falla é a orientación cara á internacionalización das nosas empresas e industrias.

Mirade, os mercados internacionais son un dos principais elementos de tracción para saír da crise. ¿Que lle pasa hoxe á economía galega e ás industrias? Que o crecemento das nosas exportacións foi a metade do rexistrado a nivel nacional. E esas son as claves, e esas son as claves.

Si, nos elementos de tracción, como por exemplo o turismo, un dos elementos claves para saír da crise e do emprego, este ano pasado non había nin que inventar nada, só chegaba con tirar do Xacobeo. Pero vostedes, que confunden a publicidade coa realidade, o que lle ocultaron a Galicia –e quérollo dicir eu hoxe aquí– foi que o resultado para Galicia

foi desolador. E o grao medio de ocupación hoteleira en Galicia no 2010 foi do 34%, do 34%, 15 puntos por debaixo da media nacional. Non maquille só cos datos de Santiago. Galicia ten unha caída de 15 puntos con respecto á media nacional. Pero, ademais, resulta que o baixo grao de ocupación non é o peor. Resulta que o ingreso medio por habitación dispoñible foi un 80% inferior ao nivel nacional. ¿Que nos pasaba? Imaxino que aquilo de prorrogar o Xacobeo sería unha broma de mal gusto.

Vostede, señor presidente, o que non está é a facer unha política activa nos sectores en dificultades. Nos sectores estratéxicos, a pesca e a agricultura están en horas baixas. ¿Pero por que están en horas baixas? Porque hai unha política pesqueira e agraria totalmente pasivas. Hai a perda constante de traballadores no sector pesqueiro. E voulle dar un dato: 1.400 baixas en afiliadas ao réxime especial do mar e un censo de 25.000; ese é un exemplo da perda de emprego que teñen aquí.

E á mañá falaba vostede —e eu quero resaltalo—, o atraso do Plan galego de acuicultura, sen ofrecer ningún tipo de alternativa. Dato rápido: inversións en Plan de acuicultura do Goberno do señor Fraga, 53 millóns de euros; inversións do presidente Touriño e o seu Goberno nos plans de acuicultura, 73,5 millóns de euros; inversións do Goberno Feijóo en plans de acuicultura, 0 millóns de euros. *(Aplausos.)* Esas sonlle as contas, señor presidente, e o demais é filosofía.

Falando de pesca, parece dramático, é autenticamente dramático o feito de que vostedes recortan o seguro colectivo á xente do mar con 30.000 mariñeiros e mariñeiras e mariscadores que quedan sen un dereito que viña acadado fai máis de dez anos. Pero particularmente cruel —e coincido co voceiro do BNG— por insensible, por mala xestión, é conseguir que as mariscadoras, o colectivo quede absolutamente damnificado por unha decisión que non entende nadie neste país. Dende aquí as nosas verbas de apoio para as mariscadoras acampadas hoxe enfronte de San Caetano para que vostedes, cada vez que se metan na cama, recorden que elas seguen estando alí metidas nese momento. *(Aplausos.)*

No sector agrícola, señor presidente, no sector agrícola é preciso chamar a atención sobre a situación do sector lácteo. ¿Que lle pasa a este país cando en dous anos 1.700 explotacións, cunha caída de ingresos de 1.195 millóns de euros, nos

colocan á cola no sector de España? O peche destas explotacións é cando o prezo do leite seguiu acadando mínimos históricos e cando a única acción potente e crible foi a que fixo para sacar adiante o Goberno central na nosa Lei de contratos homologados, sen que a Xunta fixese absolutamente nada.

Á mañá falaba vostede e dicía unha frase que era curiosa. No momento en que unha das grandes eivas deste país é non ter conseguido un grupo lácteo galego, vostede desexáballo á mañá á xente de Clesa que teñan boa sorte. Non, non, a sorte vana ter se hai un Goberno que se pon á cabeza, se cerra a construción dun gran grupo lácteo galego e se non as deixa soas, como está facendo ata o de agora. *(Aplausos.)* Señoría, este país e o seu mundo rural, e o seu medio rural, esmorecen. A día de hoxe, en Galicia 1.407 núcleos de poboación xa non teñen habitantes, 827 sumáranse a eles en pouco tempo porque xa só teñen un veciño e 8.000 núcleos xa só teñen menos de dez veciños, de maneira que son crónica dunha morte anunciada. Como se este Goberno quixera contribuír a este despoboamento, desmantébase o Banco de Terras e redúcense drasticamente os orzamentos para a ordenación forestal e os orzamentos para a prevención e para a defensa contra incendios.

Vostedes, señor Feijóo, están incrementando o desequilibrio territorial deste país e degradan ao mesmo tempo o patrimonio natural de Galicia. Primeiro, porque a política medioambiental xa desapareceu das políticas da Xunta. Segundo, porque hai decisións no eido medioambiental que reflicten claramente un retroceso.

Mire, o Plan de xestión de residuos sólidos vai en dirección contraria ás directivas europeas: máis incineración, máis vertedoiros.

A ilusión e a esperanza que tivemos todos co mantemento dos ecosistemas fluviais vai a piques coa paralización da revisión do Plan sectorial hidroeléctrico.

A falta de consenso da nova Lei de augas, que incumpre a directiva marco, o único que fai é poñer un claro prexuízo para toda a xente do mundo rural e multiplicar o prezo da auga por un 140%.

E o máis importante tamén é que por fin conseguiron paralizar definitivamente o Plan de saneamento das rías

galegas, posto en marcha polo Goberno anterior. Dous anos despois seguimos esperando polas depuradoras de Ribeira e de Sanxenxo, que eran as únicas que lles quedaban por licitar.

Señorías, presente e futuro, estas son as claves que estamos analizando hoxe. E dous anos de ausencia de políticas e de ideas reflicten unha situación preocupante na que Galicia perde postos no concerto económico nacional e no concerto europeo. Pero o máis grave non é a nosa situación, que é peor, senón que as perspectivas de futuro añaden aínda máis preocupación ao escenario.

¿Recorda vostede a Fundación de Caixas de Aforros? ¿Cantas veces veu aquí falar do que dicía a Fundación de Caixas de Aforros? ¿Sabe o que di agora? Que Galicia no 2011 seguirá destruindo emprego, que a nosa produtividade crecerá por debaixo da media nacional, que Galicia será unha das comunidades con menos aforro familiar e que a renda familiar caerá un 1,2%, que a Xunta de Galicia será un dos gobernos económicos máis endebedados, cunha débeda pública do 10,5 do PIB, o que pon en dúbida toda a efectividade da súa política de austeridade.

Pero outro organismo –pouco sospeitoso– como o Servizo de Estudos do BBVA prognostica que a economía galega lastrará o crecemento do PIB de España durante este ano e o próximo, porque se situará á cola do desenvolvemento no conxunto das autonomías durante o bienio 2011-2012. Para o 2012, o BBVA prevé que Galicia ocupará a última posición. Señor presidente, señores do Goberno, ¿cal é o seu plan de acción para reverter esta situación? ¿Vai continuar o seu Goberno de brazos cruzados? ¿Van seguir vostedes recorrendo ao lamento, ao discurso da aldraxe ou, de verdade, vanse poñer a traballar?

É tempo de apostar polo aproveitamento das sinerxías, non só na orde social e económica senón tamén no ámbito político. É tempo de sumar vontades, de coordinar esforzos, de abrir as miras e de superar os enfrontamentos que buscan a rendibilidade partidista a curto prazo.

Señor presidente, o grave é que todo o tempo que perde vostede botando balóns fóra tamén o perden as galegas e os galegos. (*Aplausos.*) Galicia merece uns gobernantes que, en lugar de conxugar o verbo enfrontar, conxuguen o verbo

afrontar, que cando a sociedade lles demanda accións e explicacións, non torzan a mirada.

Temos que abordar problemas graves, como o tema do sistema financeiro. ¿Que sucede co sistema financeiro galego? Vostede, señor Feijóo, e o seu Goberno confunden liderar con enredar. Isto é o que se fixo durante todo este proceso. Mentres vostede estivo preocupado polo control político do novo sistema financeiro, un control político que moitas veces quixo disfrazar de galeguidade, o resto de Galicia estamos preocupados pola solvencia e pola capitalización, unha solvencia que garanta que o aforro dos galegos cando o depositemos nas caixas estea seguro, unha capitalización que garanta que o noso sistema financeiro é capaz de dotar de liquidez ás familias e ás empresas e que permita reactivar a nosa economía.

Perdeu meses, señor presidente, e segue aferrándose a un modelo vitimista co único obxectivo de confrontación política co Goberno de España, mentres os gobernos do resto das comunidades estiveron traballando para buscar a viabilidade das súas caixas de aforro e o seu Goberno mentres tanto dedicouse a facer aspaventos. (*Aplausos.*) O novo escenario financeiro, por moito que lle pese a quen lle pese, é horizontal para toda España, é un marco xeral no que van xogar todas as caixas e bancos. Se é bo para garantir a solvencia dos impositores e favorece que flúa o circulante e o acceso aos créditos, entón é bo para as galegas e para os galegos.

Ante a nova situación de Novacaixagalicia, o compromiso do socialismo galego é total para traballar conxuntamente co Goberno galego, coas forzas políticas, coa entidade e cos sindicatos, a fin de conseguir que este novo escenario redunde nunha maior solvencia de Novacaixagalicia, mantendo no noso territorio a toma de decisións.

Ben, señor presidente, para buscar novos inversores e capital, a palabra fundamental é confianza, e vostedes teñen que xerar confianza, e esta non se consegue con confrontacións estériles senón que se consegue despolitizando e profesionalizando a nova caixa galega.

Señor Feijóo, a miña posición crítica fronte ao seu Goberno está acreditada con datos, pero a miña posición non culmina coa crítica, senón que temos a vocación de construír políticas que de verdade axuden a Galicia a saír adiante

desta crise. Por iso debemos aproveitar os nosos recursos e as competencias para o autogoberno que o Estatuto de autonomía nos outorga e aumentar os nosos dereitos procedendo á reforma do Estatuto.

Señor presidente, non pode esperar máis a reforma estatutaria, e hai que facela dende o Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*) Temos que deseñar, señoras e señores deputados, un modelo económico que propoñemos para Galicia, e que pasa pola definición de políticas que nos teñen que levar de novo á senda do crecemento, á senda da converxencia, á creación de emprego, unha política que impulse unha economía máis competitiva, capaz de afrontar os retos de futuro, pero construída sobre bases sólidas, bases como as que xa se están sostendo e iniciando noutros países europeos que están saíndo da crise e que temos que mirar.

Temos que redefinir o rumbo deste país, e hai que inventar pouco, señor presidente, hai que mirar as estratexias europeas, que nos din moi claramente que as prioridades son un crecemento intelixente, un crecemento sostible e un crecemento integrador, cunha estratexia de seguir proseguindo na reforma do sistema financeiro. E propóñoille —e insistirei na réplica— que nos centremos nos elementos reforzados pola Unión Europea: políticas de emprego, I+D, enerxía, educación e loita contra a exclusión social. Está todo escrito na Estratexia 2020, as liñas de financiación europeas veñen por aí, temos que aproveitar as sinerxías de Europa, de España e de Galicia para sacar adiante cun rumbo perfectamente definido e aproveitar todo o que poidamos sacar deste potencial.

Temos que ser capaces de aproveitar a xeración de xóvenes máis preparada da nosa historia. A xuventude, os nosos mozos e mozas son unha das maiores oportunidades que ten Galicia para o seu futuro. Señor Feijóo, non a estrague. Pedímoslle que se esforce en crear condicións para que os mozos poidan vivir, estudar, traballar na súa terra, con políticas de vivenda efectivas, abrindo opcións á formación, facilitando a súa entrada no mercado laboral, un mercado laboral que ten que sustentarse na formación e na educación como motor da nosa sociedade. Señor Feijóo, pídlle solemnemente que non repita nunca máis a frase que dixo nun momento determinado: ¿para que vale formar os mozos se non teñen emprego? (*Aplausos.*) Hai que formar os mozos para que teñan emprego, son dous elementos claves na política dese tema.

Señor Feijóo, falamos de economía, pero a súa política tamén nestes anos tivo efectos negativos para os fogares de Galicia, que tamén están a sufrir as súas consecuencias na xestión, sobre todo na prestación dos servizos públicos esenciais, tanto na educación como na dependencia, como nas condicións de prestacións sanitarias. Vostede e o seu Goberno están aumentando a preocupación das familias galegas en todos os seus ámbitos.

En sanidade, lamentablemente non é unha excepción. Non é doado entender como en dous anos acadan a cifra récord de 250.000 pacientes agardando nunha primeira consulta e 120.000 agardando por unha proba diagnóstica. Prodúcese un incremento xeneralizado nas listas de espera. Pero o máis importante: hipoteca o futuro da sanidade pública coa privatización da xestión dos novos hospitais de Vigo e Pontevedra e dos futuros centros de saúde por períodos de concesión de trinta anos, ocasionando máis gasto, menos calidade e máis complexidade na xestión.

Permítame que lle recorde que dende o Grupo Socialista o queremos deixar ben claro: sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade. (*Aplausos.*) O modelo de financiamento, señor presidente, señores deputados, o modelo de financiamento público-privado pode ser válido para as infraestruturas, pero nunca toleraremos que o fagan para os servizos públicos esenciais.

E teño que referirme loxicamente ao gasto farmacéutico. Somos unha das comunidades co peor control da evolución do gasto farmacéutico. Erámolo antes do novo catálogo de medicamentos e fómolo no curto espazo de tempo en que se aplicou. De feito, neste período, varias comunidades aforraron máis ca nós sen restrinxir o acceso a ningún medicamento. O modelo, conselleira e señor presidente, non é conculcar os dereitos constitucionais das galegas e dos galegos, o modelo é promover o uso de medicamentos xenéricos sen discriminar aos galegos con respecto ao resto dos cidadáns deste país. (*Aplausos.*)

Hai unha necesidade imperiosa de ser máis efectivos no gasto farmacéutico, e estamos totalmente de acordo, e recórdolle que as iniciativas que presentamos nesta Cámara foron aprobadas por unanimidade, pero non contén con nós para suprimir o acceso a 427 medicamentos que non se poden

receitar en Galicia pero que si se poden receitar nas 16 comunidades autónomas restantes.

Non quero concluír este capítulo da sanidade sen pedir-lle, señor presidente, que diga unha resposta categórica nesta tribuna, que diga con claridade non ao copago, que diga con claridade aquí, solemnemente, que non vai aplicar o copago para ningunha das prestacións sociais e sanitarias.

Miren, Galicia perde peso e capacidade económica, isto lastra completamente o futuro, pero sobre todo o que está claro é que o futuro pasa por un fortalecemento e mellora do sistema educativo público galego. A educación, xunto coa sanidade, é unha das mostras máis evidentes do cambio do modelo social que nos queren implantar. En educación e en sanidade vostedes non están falando de recortes e supresións, vostedes están falando claramente de cambiar un modelo ideolóxico por outro modelo educativo. O pasos camiñan nesa dirección, suprimindo a gratuidade dos libros de texto, sobre todo rompendo o consenso lingüístico coa aprobación unilateral dun decreto para a lingua galega no ensino non universitario que significou un claro desprezo, un claro desdén, para innumerables, multitude de colectivos que participaron aí. Curioso galeguismo o seu, señor presidente, que mentres se proclama galeguista é vostede quen maltrata a propia lingua. (*Aplausos.*)

Hai un abandono claro da formación profesional. E hai unha rescisión clara de contratos de investigación, que reduciron de 230 a 15.

Está claro que non só en educación, senón en dependencia, están conculcando os dereitos de miles de mulleres e de homes galegos. Polas características da nosa poboación, esta prestación de dependencia é esencial para Galicia, pero ¿cal é a realidade? Falouse antes.

Temos máis de 41.000 persoas dependentes en espera, e a lista vaise incrementando, porque somos a comunidade que menos crece nesta prestación. ¿Saben vostedes cantas novas avaliacións se pasaron entre xaneiro e febreiro? 75 novas prestacións. ¿Saben vostedes que significa isto? Vinte veces menos que o índice a que se vai en toda España. ¿Saben vostedes canto crecemos en toda España con relación a Galicia? Galicia creceu en aplicación a metade que toda España. E ¿sabe vostede a canta xente

temos cuberta? A un 3%, cando a nosa poboación significa preto do 7%.

Señor presidente, sucede o mesmo que a taxa do paro, que as competencias de comunidades autónomas en políticas de emprego. Temos as mesmas competencias, os mesmos problemas de financiamento que os demais, pero mentres uns resolven outros –en Galicia– deixan sen resolver e bótanlles sempre a culpa aos outros.

Señoras e señores deputados, o futuro de Galicia pasa pola reactivación económica, pola preservación de servizos públicos e pola mellora de infraestruturas. Mentres o Goberno central está a ser o verdadeiro impulsor da modernización das infraestruturas, sobre todo no proxecto de alta velocidade, a Xunta segue sen comprometerse o máis mínimo coas principais infraestruturas que son da súa competencia.

Eu hoxe pídolle aquí, tamén solemnemente, que sexa vostede mesmo o que firme un novo acordo con Galicia como o Pacto do Obradoiro, pero que nesa ocasión poña vostede datas, recursos e diante de todos os galegos poña o calendario, poña o cronómetro a funcionar, para que os mesmos tempos que vostede esixe ás infraestruturas de Madrid contén para o seu compromiso coas infraestruturas da súa competencia. (*Aplausos.*)

Non chega con estar permanentemente nas inauguracións que fai Fomento, que iso está moi ben, pero claro que vostedes o que queren vender é un labor que non están a facer. Iso conségueno coa inestimable colaboración da Radio-Televisión de Galicia, que é máis o gabinete de comunicación da Xunta do Partido Popular que un medio de comunicación público sufragado cos fondos de todos os galegos e galegas. (*Aplausos.*) A preponderancia, ¿onde quedaron, señor presidente, onde quedaron a palabra “ética”, “transparencia”, “consenso”? Instrumentalízase a Xunta, instrumentalízanse os medios públicos de comunicación, non están para servir aos galegos e ás galegas con transparencia e equidade, están para exercer o control político e informativo do Partido Popular.

Non quero rematar a miña intervención sen dicir claramente algo que me parece dramático: vostede, por primeira vez nesta Cámara, non lle dedicou nin un só minuto ás políticas de igualdade que leva a cabo o seu Goberno. Non lle facía

falta, porque o único que está facendo é camiñar cara á desaparición, con redución do 80% das partidas presupostarias.

De cultura, dígolle soamente unha cousa. Señorías, o único elemento coñecido da cultura é o Gaiás, que aínda hoxe ninguén sabe que é nin para que serve, pero que, sobre todo, leva hipotecando a cultura galega case unha década e a vai seguir hipotecando moitas máis.

Señoría, vostede anunciou á mañá novas iniciativas en políticas locais. Voullo poñer máis fácil, señoría. Non fan falta novas iniciativas na política local. Sencillamente lle pedimos: deixe de usar o Goberno da Xunta contra os concellos que non son da súa cor política, *(Aplausos.)* use criterios obxectivos na distribución de fondos e, sobre todo, deixe vostede de ser o principal motor do transfuguismo en Galicia. Con iso chéganos, non fan falta novas iniciativas, con iso chéganos.

Señor presidente, quero rematar. Galicia precisa dun Goberno que afronte os problemas, non un Goberno que se esconda. Precisa dunha política que una aos galegos, non que a divida. Galicia precisa dun Goberno que faga da educación un motor de oportunidades e non unha fonte de conflitos, un Goberno que entenda a sanidade como un servizo público e non como unha unidade de negocio.

Galicia precisa, señoría, un presidente que, ademais de ser galego, exerza como galego, un presidente que atope solucións en lugar de buscar excusas. Non lle esiximos que acerte sempre, só lle pedimos que se faga responsable do seu deber. Podemos perdoar que se equivoque, que cometa erros na xestión, pero o que Galicia non pode perdoar é que peche as súas portas ao futuro. O que non podemos perdoar é que toque órganos vitais da nosa economía, do noso sistema de benestar e da nosa convivencia. Estoume referindo ao recorte de becas, que pode deixar desconectada de oportunidades a toda unha xeración de mozos e mozas galegas; estoume referindo á súa renuncia a impulsar a modernización económica de Galicia; estoume referindo aos nosos servizos públicos, servizos que son froito dunha conquista social, irrenunciable e que con vostedes estanse a quedar na mínima expresión en saúde, en dependencia e en educación.

Señor Feijóo, non queremos ser alarmistas, pero a situación é grave. E esta situación non a podemos deixar na loita

partidista. Xa pasamos o ecuador da lexislatura e temos que darlle a volta a esta situación.

Remato esta intervención plenamente convencido da transcendencia das posibilidades que se derivarían dun debate dende a diversidade das opinións, mesmo dende visións distintas, pero sempre na busca dun obxectivo común. Non temos máis compromiso que pensar en Galicia, nas súas mulleres e nos seus homes, antepoñendo o interese de país a calquera intención ou posibilidade de caer nunha visión fatalista ou mesmo dunha confrontación estéril que non fose máis alá dun diálogo de xordos. Créame: as solucións exceden as posibilidades dun partido, e mesmo dun Goberno; precisamos acordos que creen un lugar común nos grandes temas que atenazan cronicamente a este país, temas hoxe multiplicados por mor dunha crise que golpea cada día con máis forza os nosos piares sociais e económicos.

Na miña intervención fixen unha radiografía e un diagnóstico da realidade. Se compartimos o diagnóstico, teremos ganado moito para contar co pleno apoio do meu grupo para reverter esta situación. Galicia hoxe está moito peor que hai dous anos, as perspectivas tampouco son mellores. Despeixemos o futuro de Galicia apostando xuntos por unha economía máis produtiva e competitiva e por uns servizos públicos de calidade.

E recórdolles a todos, señorías, que non serve mellor a Galicia quen máis protesta senón quen mellor resolve os seus problemas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Señor presidente.

Señorías.

Atopámonos hoxe no debate máis importante do ano, e cómpre facer balance da situación da comunidade e cómpre tamén revisar as políticas que se levaron a cabo. Pero permítame, neste inicio da miña achega a este balance, facer un

par de apreciacións sobre o mesmo. A primeira, de carácter persoal: este posiblemente sexa o meu último acto no Pleno como portavoz do grupo parlamentario, (*Aplausos.*) unha circunstancia que —é evidente— ten unha vertente emotiva para este deputado. Eu nunca oculte que a miña máxima aspiración en política era por servir ao meu concello, e, polo tanto, agradezo ao señor presidente e ao partido que me dean a oportunidade de presentarme ante os meus cidadáns para que avalíen os anos e o cariño que este deputado ten amosado polo seu concello. (*Aplausos.*)

Pois ben, para chegar a esta cita do día 22 percorrín un longo camiño nesta Cámara e debo dicir que foi un camiño cheo de satisfaccións e que compartín moitas delas con grandes persoas dunha e doutra bancada. Teñan por seguro que esa bagaxe política levareina, se é o caso, para a miña Ribeira como unha gran experiencia que formou á miña persoa. Pois ben, a todos aqueles que fixeron máis doado o meu labor de portavoz, tanto á Mesa, como aos grupos políticos, como aos portavoces, como á prensa, como aos servizos da Cámara, quéroilles dar o meu agradecemento.

Pois ben, este pequeno balance persoal que facía téñolles que dicir que chegado o momento, se os cidadáns de Ribeira deciden que asuma a responsabilidade de guiar os seus destinos, sempre terá unha sensación de pesadume. E non é por deixar esta Casa, é por deixar precisamente a política galega ben guiada por un Goberno pero orfa de oposición. E creo que sempre defendín precisamente a importancia que ten ser oposición, unha oposición forte, unha oposición que teña vocación por facer país. E lamentablemente, cando me vaía, ireime sen ver esa oposición. (*Aplausos.*)

Levo —como dicía— dezaioito anos nesta Casa e en tantos anos dificilmente pode encontrar un tanta carencia de argumentos, tanta falta de iniciativa, tanta desorde interna como hoxe se encontra nestas bancadas. Eu creo que é unha realidade que debería facer reflexionar ás súas señorías. Eu teño unha vantaxe neste debate: que as propostas as fixo o señor presidente e, polo tanto, podo analizar o que o presidente dixo e podo analizar o que vostedes dixeron. E, miren, estiveron tomando notas —mandeille a un deputado que dixera: míreme canto aporta o señor Aymerich—, e iso foi todo o que encontrou en 45 minutos. (*Aplausos.*) Resulta que un cacho do Bloque volve ás súas raíces —haino que dicir—, ao non polo non, porque aportacións non lle encontrei ningunha.

Pero ao señor doutor, en planificación, cero, porque falou de síntese, de balance, de diagnóstico, incluso chegou a diagnosticar —segundo el— ao enfermo e foi incapaz de dar un só tratamento. Polo tanto, suspenso tamén en planificación e suspenso en medicina. (*Aplausos.*)

Pero dicíalle que cando un chega a esta Cámara ten que analizar o papel dos 75 deputados, porque os galegos dixerón que todos tiñamos unha responsabilidade, e facer oposición non é simplemente opoñerse, e vostedes neste momento e coa súa actitude son simplemente un lastre máis para Galicia, incluso máis lastre que o que nos deixaron cando se foron do Goberno.

Mire, o meu repaso vouno empezar precisamente para acabar falando do Goberno e do señor presidente por vostedes, pola oposición, e dicíalle: carencia de argumentos, falta de iniciativa. Dicíalle tamén —ou voulle dicir— que esta é unha oposición que de novo volveu ás súas orixes, á pancarta, á crítica do si polo si, a ter máis en consideración a súa militancia que o apego ou o cariño ao país. Por iso vostedes nestes momentos son incapaces de aportar nada que non sexa a busca de titulares, o poder frivolar unha e outra vez sobre a situación de Galicia, ou acusando os médicos de prácticas ilegais ou frivolisando sobre ordes de alonxamento ou falando de se se vai ou non se vai queimar non sei que casa ou falando do señor presidente nuns termos que realmente un non é quen de reproducir nesta Cámara, porque creo que non lle fan xustiza non ao presidente —que iso é evidente— senón á clase política e moito menos ao que proferiu eses insultos.

Fraco favor fai o señor portavoz socialista, secretario xeral, coa súa política do aí aí. Pois ben, mire, cando o señor presidente falaba da desafectación da política non lle caiba a menor dúbida que gran parte —por non dicir a maioría— desas culpas recaen nin máis nin menos na súa actitude desde o primeiro día. Actitude que quedou gravada nin máis nin menos cunha frase que lle debía avergoñar durante estes catro anos: non daremos nin cen minutos nin cen segundos. Pois, efectivamente, esa foi a súa máxima. Xa desde o traspaso de poderes foron quen de intentar inhabilitar a unha das dúas persoas que estaban precisamente facilitando ese traspaso de poderes, nunha clara intención de non respectar nin os designios das urnas. Pero continuaron nesta Cámara e intentaron facerlle un xuízo paralelo ao señor conselleiro de

Presidencia, e seguiron co señor conselleiro de Industria, e incluso unha señora deputada acabou dicindo que para unha conselleira faría falta unha orde de alonxamento ou mesmo a pena de morte.

Eu creo sinceramente que vostedes, coa súa forma de facer oposición, non lle están facendo ningún favor a este país. *(Aplausos.)* Porque cando un Goberno o que intenta é nin máis nin menos mirar como se usan os fondos públicos, ninguén que teña nin máis nin menos... –eu non riño a ninguén, a vostedes xa lles reñiron nas urnas– *(Murmurios.)* Señora Barcón, eu non son quen... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz, non dialogue, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Eu sonlle de Ribeira... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, aínda lle queda bastante máis, que temos corenta minutos... Si, si, non...

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz, non dialogue, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Señora presidenta, eu estaba no uso da palabra e creo que, en fin, quen interrompeu non foi este portavoz.

O que si lle quero dicir é que cando un Goberno responsable intenta ver como se utilizan os fondos públicos non se pode dicir que actuamos como un brazo armado ou que o que temos é abuso de poder. Señores, este Goberno o que vai é a tratar á xente con igualdade, con equidade, e vai mirar e vai xulgar a todo o mundo por igual. E o que teña que pagar, que pague, e o que ten que facer o Goberno é nin máis nin menos ver e velar pola utilización dos fondos públicos.

E falan de embarrar vostedes do Partido Popular e creo que lles teño máis que demostrado quen ten embarrado durante estes dous anos a política deste país. E tamén non lles gusta que falemos do señor Zapatero, non lles gusta que falemos das políticas do señor Zapatero. Pois ben, ¿por que non queren que falemos do señor Zapatero, se do señor Zapatero fala todo o mundo, evidentemente por cuestións tan evidentes como lamentables, e os primeiros que falan son vostedes?

En segundo lugar, pois non é que esteamos facendo oposición á oposición, a verdade é que a vostedes é mellor dei-

xalos sós, é mellor, non hai nada que facerlle, ¿para que lles imos facer oposición se, como diría o seu líder, se coce na súa propia salsa?

Pois ben, mire, o que sería un acto de responsabilidade é que vostedes, dunha vez por todas, recoñeceran que as decisións erráticas, improvisadas, do señor Zapatero e do seu Goberno tamén son daniñas para Galicia.

E, en cuarto lugar, porque se este Goberno ten amosado algo é lealdade co Goberno do señor Zapatero, primeiro sendo un dos dous que cumpre coa estabilidade presupostaria e, segundo, sendo quen de firmar un Pacto do Obradoiro no que fomos quen de recoñecer os atrasos seculares aos que vostedes estaban sometendo a este país. Polo tanto, o que lles dicimos é: se fomos quen de firmalo, sexamos quen de cumprilo, e, neste momento, estase incumprindo.

Pois ben, eu creo que o Goberno do señor Zapatero é o máis prohibicionista, sectario, antidialogante e discriminatorio de toda a etapa da democracia. Incluso diría que medidas recentes o sitúan case na etapa máis cercana do franquismo. Estamos falando desde o estado de alarma a que non poidamos ir polas autopistas a 110. Pois ben, non só están traballando a medio gas, senón que, como di a canción, tamén nos están deixando a media luz; o problema da luz é que cada vez nola deixan bastante máis cara.

Pois ben, vostedes o que pretenden é que calemos, pero nós non estamos dispostos a calar, e non estamos dispostos a calar porque a Galicia estáselle prexudicando desde Madrid e o Goberno socialista. E prexudícaselle cando no seu financiamento faltan 800 millóns de euros, e prexudícaselle nin máis nin menos cando o que fai o Goberno do señor Zapatero é trasladar o seu déficit ás autonomías e dicirlles que lle temos que devolver 2.650 millóns en cinco anos, 2.650 millóns que vostedes se gastaron, que vostedes se gastaron. Por iso, cando vostedes digan as moitas carencias que segundo vostedes ten Galicia, digan onde meteron eses 2.600 millóns ou onde meteron os 2.000 millóns de euros que tiñan máis cada ano que este Goberno. Si, non ría, señora Caride, que vostede foi unha das grandes culpables tamén desa desfeita. *(Aplausos.)*

Pois ben, non é chorar dicir que temos 2.000 millóns menos, é dicir a realidade. Porque vostedes, se en algo non viviron, foi precisamente na realidade do país, e eses erros,

os erros de non recoñecer a crise, non saíron gratis, saíron –como antes dicía– en 2.650 millóns. Polo tanto, algunha culpabilidade terán vostedes.

Pois ben, nós o que lles estamos pedindo é igualdade de trato, non é un capricho absurdo. Cando se fala nin máis nin menos de políticas activas, ¿por que non se di que o País Vasco ten catro veces máis por desempregado que o que ten Galicia? ¿Por que iso se intenta ocultar? ¿Por que aos que cumprimos os pactos de estabilidade nin máis nin menos se nos está castigando, mentres se premian a outras comunidades que non cumpriron?

Moi ben, eu creo que vostedes o que queren é simplemente que calemos, pero non imos calar. E non imos calar porque vostedes son os que calan, e calan cando intentan destruír o noso sistema financeiro e as nosas caixas. E o líder socialista, que tanto falaba de politización, podía preguntarlle tamén agora ao ausente presidente da Deputación da Coruña a que se refire cando fala de politizar as caixas. Ou cando se fala de política de enredar ás caixas tamén tiña a un señor alcalde de Vigo, o señor Zapatero –perdón, Caballero, pero máis ou menos éche igual– (*Risos.*), pois podía preguntarlle ao señor Caballero, ¿verdade?, que é iso de enredar co sistema financeiro galego. Ou podíanlles preguntar vostedes aos seus correlixionarios de Madrid por que non deixan que esta comunidade, en uso das súas competencias, intente aforrar nin máis nin menos nos medicamentos sen detrimento nin máis nin menos da prestación. ¿Por que? Porque nin máis nin menos socialismo e aforro son conceptos completamente contraditorios, repélense. (*Aplausos.*)

Pois ben, chegan vostedes a tal situación que son capaces, ¿verdade?, de apoiar o Decreto do carbón como ao día seguinte ir ao lado da pancarta defendendo a eses traballadores. E aínda non se enteraron nin máis nin menos que eses traballadores contra quen estaban precisamente protestando era contra aqueles que aprobaran ese decreto. E ese decreto aprobárono vostedes, señores socialistas. E socialistas, por certo, que levan tanto tempo aí, ¿verdade?, coa axuda do señor Aymerich e todos os que algunha vez teño dito que nunha vespino entraban no Parlamento español.

Pois ben, da mesma forma... Si, dígoo pola capacidade, señor Bieito, porque a vostede haillo que explicar, a vostede haillo que explicar. (*Risos.*) Dígoallo pola capacidade, mire... (*Aplausos.*)

Son vostedes mesmos os que enmudeceron, ¿verdade?, cando agravíaban á nosa comunidade co trato que lle estaban dando ao Xacobeo. Pois ben, teño que dicir un par de cousas das inconcrecións e diría case enganoso que aquí se dixeron. O PP non apoiou o decreto do Goberno que apoia a reforma financeira, non o aprobou, aprobárono os seus socios, os dos concellos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señor, ¿sabe o que é a abstención? Cos anos que leva aquí, algo debía ter aprendido.

Pois ben, mire... Non, vostede a verdade é que cando fala o señor presidente de que hai que ir mellorando a educación, por algo será. Pero en fin... Mire... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, siga, siga...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, presidenta.

Non, e vostede fala...

A señora PRESIDENTA: Continúe, señor Ruíz.

O señor RUÍZ RIVAS: Como o señor Lobeira non lles fai...

A señora PRESIDENTA: Continúe, señor Ruíz.

O señor RUÍZ RIVAS:... caso ás forzas de orde pública, é difícil que tampouco llo faga a vostede, presidenta. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz...

O señor RUÍZ RIVAS: É que, claro, para os señores socialistas é evidente que hai asuntos máis importantes que pedir os cartos ao Goberno español. Pero, claro, hai moitos problemas que son os que eles queren nin máis nin menos deixar enriba da mesa. Pero é que os problemas soluciónanse con cartos, e eses 800 millóns serven para moito. E o Fondo de Cooperación e o resto das reclamacións de Galicia serven precisamente para darlles resposta a eses problemas.

Miren, nestes momentos a Xunta de Galicia non é un problema para o Goberno de España. Nestes momentos o Goberno de España é un gran problema para os galegos e para Galicia. E o BNG non se vai librar. Non, non se vai

librar porque vostedes son a oposición intermitente: agora si, agora non, pero ao final normalmente acaba o piloto en roxo. Hoxe vostede demostrouno.

Teño que dicir que foron máis construtivos nalgúns temas, pero ao final acaban caendo sempre no mesmo. Non lles vaian sacar unha foto cos do PP. Pero se non hai rendibilidade posible política de que vostedes poidan coincidir co PP. Pois eu dígolle –e vostede o sabe– que vostede se fía bastante máis do PP e está bastante máis de acordo co PP que cos que ten un matrimonio de conveniencia. Pero ¿sabe por que teñen ese matrimonio de conveniencia? Porque grazas a iso vostedes gobernan en cidades que non gobernarían na vida, gobernaron a Xunta de Galicia e son capaces incluso de que quenes non teñen principios ou son capaces de cambialo poidan dicir que Galicia ten a mesma identidade que vostedes queren que teña. Por iso non queren saír na foto co Partido Popular, pero ao final, ao final, ¿verdade?, vostedes acaban pois sendo o que son, indo por aí, indo pola costa. Por aquí din que nós especulamos, que nós marbellizamos, pero cando van alí a Ribeira ou van á Pobra ou van a Boiro, entón: estos conservacionistas quieren tirar con las casas; fóra de ordenación todo. Ou cando lles van dicindo aos paisanos, ¿verdade?, que imos cobrar polos pozos. Eu non sei se ten piso ou horta, pero eu dígolle que, se ten horta, mellor que faga un pozo, que vai saír bastante mellor parado. Polo tanto, iso é a súa forma tamén de facer política.

E claro, que vostedes falen da TVG, xa non digo que fale o señor Vázquez –que o señor Vázquez xa practicamente non empurrou ao cámara aquel ao que lle faltou ao respecto de milagre–, pero que falen vostedes, os compañeiros do señor Losada, os compañeiros precisamente que facían gravacións dentro da propia TVG, que tiñan que... ¿como se di iso cando un fai un acto?: contraprogramar el otro acto –se acuerda, ¿verdad?, señor Quintana?–, pois ben, que vostedes falen de televisión, a estas alturas da película, eu creo que sonroxa.

Pois ben, mire, agora tamén eu creo que hai que falar do Goberno. E vostedes falan de fracaso da política económica. De momento vou ben de tempo, señora Barcón. Polo menos eu creo que son algo entretido; o seu líder, a verdade, case nos dorme a todos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Mire, porque, ademais de ser entretido, algo debo ter de carisma para que vostede estea todo o rato atendéndome, co cal eu me dou por

satisfeito (*Risos.*) e esta Cámara realmente está pasando un bo momento, eu vexo que vostede é das que máis disfruta. (*Risos.*) E sen dúbida vai empezar a disfrutar máis cando vexa e cando recoñeza o labor que leva feito o Goberno do señor Núñez Feijóo.

Porque, claro, falan vostedes de fracaso da política económica; bueno, se falamos da herdanza que nos deixaron quen están falando diso. E falan de arranxalo en corenta e cinco días, que o dixemos. ¡Home!, para que tiveran un mínimo de credibilidade bo sería que sacaran o recorte ou a cinta onde dixo o señor presidente iso. Porque, bueno, o señor presidente vale, pero a súa desfeita en corenta e cinco días vai ser bastante difícil pois solucionalo. E chámannos fábrica de parados, nin máis nin menos os que máis saben de paro de toda Europa. E din: o PP é unha fábrica de parados.

Evidentemente, mire, eu voulle dicir as medidas que ten acometido este Goberno, e como as ten acometido. Porque o primeiro que fixo este Goberno, mentres ao Goberno socialista de Madrid as calles se enchían de sindicalistas cunha folga xeral, foi chegar a un acordo social. Ese acordo social fructificou en 24 acordos. E cando falamos de investir tamén para intentar solucionar esa grave lacra, falamos de investir 177 millóns no que foron a formación de 69.000 galegos desempregados; e case 22 millóns en orientación laboral, con 171.000 beneficiarios; e 9 millóns en programas integrados para emprego; e 15,5 millóns en incentivos para a estabilidade na contratación.

E foi este Goberno o que dobrou o orzamento dos programas de integración laboral de persoas con discapacidade. E malia que lle pese, este Goberno de Galicia segue mantendo o diferencial no conxunto do Estado. E non é para presumir, pero eu só lle digo que, se os datos de Galicia os tivera o Goberno do señor Rodríguez Zapatero, neste momento habería en España un millón menos de parados.

Polo tanto, señor Vázquez –benvido–, eu creo que vostede, que tanto falaba de cando un se acosta, que pense nos 5 millóns de parados que ten este país e as culpabilidades nin máis nin menos das políticas socialistas. Porque vostedes en época de bonanza deixaron 50.000 parados máis que cando colleron o país. E ¿sabe por que? Porque, cando non había crise, vostedes o que fixeron foi malgastar e cando había crise vostedes, como seguían dicindo que non había crise,

¿sabe que fixeron? Seguiron malgastando. E este país hoxe en día tivo que ir para un rigor presupostario antes descoñecido nesta comunidade. Por iso criterios como a austeridade, como a priorización, son hoxe en día algo que seguen todos os gobernos –que seguen, entre aspas–, que intentan seguir os gobernos do resto das autonomías.

Pois ben, nós non nos quixemos quedar na crise, quixemos tamén mirar máis alá da crise coas nosas medidas. E a iso nin máis nin menos, a ese rigor presupostario, a ese facer un diagnóstico pero aplicar o que son medidas a medio e a longo prazo, foi o que deu lugar ao Plan estratéxico, para que nin máis nin menos puideramos mirar moito máis alá da crise.

E hoxe de novo o presidente creo que o que fixo foi, coa lei que anunciou de disciplina orzamentaria, blindar a nosa solvencia. E ¿sabe para que? Porque aquí se acabaron as *Champions League*, aquí nin máis nin menos se acabou o plus de resistencia, e falaba e falaba o señor Vázquez –que foi futbolista, por certo, defensa central dos que pegaba bastante estopa, igual que agora de portavoz (*Risos.*)–, pois dicía, ¿verdade?, pois dicía o señor Vázquez nin máis nin menos que non acertaba o entrenador. Pero ¿sabe unha cousa? Cando vostedes dicían que xogaban na *Champions League*, ¿sabe que fixeron os galegos? Cambiaron ao entrenador, señor Vázquez, cambiaron ao entrenador. (*Aplausos.*) ¿E sabe por que cambiaron ao entrenador? Porque non sabían quen daba as ordes, si el presidente A o el B. Iso foi o que motivou nin máis nin menos que cambiaran de entrenador, e que á xente agora se lle diga que aquí non estamos na *Champions League*, que aquí é un país con dificultades e un país integrado nin máis nin menos nun conxunto que se chama España, que está a sufrir as consecuencias precisamente dese Goberno desnortado, que improvisa e que unha e outra vez se contradí a si mesmo.

Miren, outra das accións importantes: resolver o concurso eólico. O concurso eólico era unha necesidade para Galicia limpar nin máis nin menos o que fixeran, e mal feito, os nacionalistas deste país, e vai haber neste momento unha achega de 6.000 millóns de euros á Comunidade, vanse crear 14.000 empregos, e temos nin máis nin menos aprobado xa un Plan estratéxico enerxético, e temos traballado con medidas de apoio aos sectores produtivos tan importantes como o téxtil, o naval ou a automoción. E mal que lles pese, porque

vostedes saben os datos, que precisamente canto máis se distanciouse a renda do interior e da Galicia costeira foi na súa etapa bipartita.

Dicir que o Plan de reequilibrio territorial, co Impulso Lugo, Ourense, Revive ou o Plan Ferrol, é unha realidade que axuda a reequilibrar este país. Temos axudado con iniciativas de rebaixa de impostos selectivas, sobre todo en materia de acceso á vivenda. E os datos que coñecemos estes días, de ser este mes cinco puntos por riba o crecemento de acceso á vivenda ou, nin máis nin menos, os datos que dicían que eramos a cuarta comunidade na que máis crecera a compra de vivenda o ano pasado, teñen que ver moito con estas medidas.

E nós, sinto que non estean agora os alcaldes escoitándonos ou todos eles, porque mentres o Goberno do señor Zapatero deixou orfos aos alcaldes, deixou coas súas políticas a dúas velas aos concellos e aos alcaldes deste país, rebaixaron un 10%, o que equivale a 50 millóns de euros, pero que a devolución das liquidacións do ano 2008 son 106 millóns, que tamén teñen que devolver. Pero é que nas do ano 2009 poden triplicarse.

Pois ben, ¿saben que fixo a Xunta? Todo o contrario. Un fondo extraordinario de apoio aos concellos, que dotou de 18 millóns de euros, que na práctica supuxo unha subida do Fondo de Cooperación Local do 20%, e ademais creou o Fondo de Compensación Ambiental, con 22,4 millóns de euros, e ademais facilitan a liquidez das facendas locais facendo as achegas con carácter mensual.

E ademais traballamos porque así había que facelo, porque cando un país ten problemas tamén o teñen os seus sectores estratéxicos, traballamos neses sectores estratéxicos. E fixemos un Plan estratéxico para o sector lácteo, que permitiu conceder 20 millóns de euros ás explotacións leiteiras para compensar a súa perda de renda pola crise dos prezos. Incrementouse o 68%, 56 millóns de euros, o que é a creación, a ampliación e a modernización de industrias agroalimentarias e forestais. E o programa de desenvolvemento rural destinou case 380 millóns, fronte aos 83 do bienio 2007-2008.

E falemos da pesca. Señor Aymerich, o seu amigo e compañeiro o señor Lobeira, ¿quizais non o informou que voste-

des no seu programa electoral do ano 2005 levaban aquilo de ir substituíndo o cultivo do mexillón polo de peixe? Pois que llo explique, que llo explique o señor Lobeira. Si, si (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Señor Lobeira, silencio, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Señor Lobeira, intente facer un esforzo de tolerancia. Mire, este deputado vive nun país libre e quérese sentir libre, e quen non fai libre aínda este país é intolerante e intolerancias coma a que vostede manifesta aquí. (*Aplausos.*)

E polo que eu lle dicía explíquelles ao señor Aymerich quen firmou –bueno, tena aí ao lado–, pregúntelle quen firmou o das gaiolas de salmón. Sabe unha cousa, cunha diferenza: das 3.500 bateas que hai en Galicia, 2.300 están na ría de Arousa, onde estaba aí a gaiola, ao lado da illa de Rúa, ¿vale? Pois agora explíquelles alí e, señora Gallego, explíquelles ao señor Lobeira, que como parece que falan o mesmo idioma igual se entenden; que a min xa sei que non me entenden.

Mire, neste tempo en pesca o primeiro que fixemos é acercar as políticas da Xunta ao sector, aprobar unha Lei de pesca consensuada con ese sector, facer importantes medidas en contra do furtivismo, o decreto de artes, mellorar o Servizo de Gardacostas, apoiar ao sector da acuicultura. Miren, vostedes, cero euros en catro anos, cero euros. Bueno, cero euros, se non contamos o que investiron en Portugal, porque ao final que se vaia Pescanova para Portugal case tamén o temos que poñer no seu haber, ¿vale?

Pois mire, políticas sociais. ¡Ai!, ¡que pouco dura a memoria! A memoria do informe do Valedor do Pobo e da dependencia, señor Aymerich; léao porque parece que vostede se olvida do aldabonazo que lles pegaba ás políticas de dependencia, ¿verdade?, o señor valedor durante o tempo que vostedes estiveron. Póñanse como se poñan, de cada catro euros que ten esta Xunta, tres van para o gasto social. E, póñanse vostedes como se poñan, os fondos para a dependencia incrementáronse o 145%, e o número de dependentes atendidos multiplicouse por tres. Estamos hoxe en día nos 42.000, dos que 27.000 son atendidos desde que está o

Goberno “progresista” do señor Núñez Feijóo. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Bueno, teremos entón que facer un inciso para falar do que é progresismo, porque progresismo xa saben vostedes que os que defenden os servizos públicos e todo isto son precisamente os que o poñen en perigo. Pois ben, vostede explique, señora progresista, por que hoxe en día os nosos traballadores, por que hoxe en día os nosos xubilados teñen menos dereitos, por que vostedes progresistas recortan nin máis nin menos dereitos sociais nos maiores recortes da democracia xamais vistos (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Sería, si... Ademais seguindo as consignas daquel nobre filósofo que tiñan tamén polas latitudes galaicas, ¿verdade?, que dicía que había que podar o Estado de benestar porque xa tiñamos pasado un pouco de freada. (*Aplausos.*) Claro, e vostede vénlle a este grupo, que de cada catro euros destina tres a gasto social, cunha pequena risa. Pero á parte de que vostedes podan en épocas do ano que non hai que podar, á parte diso, ¿saben vostedes o que fan? Aínda por riba queren deixar o horto sen auga, porque deixalo sen financiamento, non mandar para Galicia eses 800 millóns, é nin máis nin menos ir contra o Estado do benestar, ir contra as políticas públicas e ir contra os servizos públicos. E iso de novo, co seu apoio e co apoio implícito do Bloque, fano vostedes en Madrid.

Alégrome de que siga alegrando “sus vidas y sus caras” durante a miña intervención. Porque, mire, tamén podó falar de educación. (*Interrupción.*) Si entre aspas. ¿Acórdanse vostedes cando querían queimar, nin máis nin menos, as aulas?, ¿cando intentaron vostedes que este país tivera, nin máis nin menos, unha grave crise na súa educación porque nós íamos impoñer...? Mire como están de pacificadas as aulas, mire como é posible defender o galego, falar galego e á vez tamén defender outras linguas. Mire, como é posible, menos para Lobeira, porque Lobeira é del Estado independente de Lobeira; es como un Ikea pero del Bloque (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Mire... (*O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira, silencio, por favor.

Silencio, por favor.

Continúe, señor Ruíz.

O señor RUÍZ RIVAS: Si, grazas, presidenta.

Menos mal que desgraciadamente –desgraciadamente non–, perdón, afortunadamente, esta no es hora de horario infantil e polo tanto os nenos deste país non poden ver un exemplo tan malo como o do señor Lobeira. Había un que dicía: bueno, polo menos non son tan inútil, sirvo para dar mal exemplo e para que en todo caso a xente saiba que iso é o que non se pode facer. Vale, siga así que vai por bo camiño.

Mire... (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Sí, sí, es que yo le soy así. (*Risos.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz, continúe, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Mire, este Goberno o que logrou, nin máis nin menos, é coas universidades chegar a un acordo de financiamento, ¿verdade? O mesmo que vostedes non foron capaces de facer.

E a sanidade, ¡home!, o presidente hoxe facía unha Lei de garantías de esperas, que eu creo que a sensibilidade do Goberno central pois non nos impedirá botar atrás coa súa insensibilidade á hora de mandar cartos. Nós sabemos que fai falta facer moito máis e que todavía queda moito por facer. Pero tamén é verdade que neste tempo se rebaixaron as esperas cirúrxicas nun 16%, que o que é prioridade 1 se reduce nun 50% cunha espera de vinte e un días. O que é a verdade é que a infraestrutura sanitaria deste país, que estaba paralizada, nin máis nin menos, nestes momentos ten de novo bríos, con catro novos centros de saúde, con dez iniciados e os trámites en dezanove máis; que vai ser unha realidade duplicar as camas de Galicia coa posta en funcionamento do hospital de Lugo, coa adxudicación do de Vigo e co que son os novos hospitais de Pontevedra máis a reforma emprendida no CHU da Coruña.

Pois ben, todavía podía ir moito mellor e moito mellor se á señora ministra de Sanidade non se lle dera nin máis nin menos unha vez máis por atacar a este país, atacar a sostibilidade do sistema, pois recorrendo o Catálogo de fármacos priorizados. Vólvolle repetir: aforro e socialismo non con compatibles.

Infraestruturas. ¡Home!, ser oposición debe ser doado, porque tanto se pode dicir que recorreremos ao endebedamento e endebedámonos moito, como que gastamos pouco, claro. E pódese dicir iso mesmo cando a Xunta de Galicia o que busca son fórmulas para seguir invertindo e que non se resinta a inversión e vai a fórmulas de pago aprazado, e vostedes tamén o recorren. Pois a pesar diso lévase moito feito. Un 19% do Plan MOVE feito, un plan que ata o 2015 vai mobilizar 3.644 millóns. Levan postos en funcionamento case 70 quilómetros de vías de alta prestación e outros 209 están en marcha. E abordouse seriamente o que era o problema do transporte metropolitano, asinando os convenios das áreas da Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo. E ademais aprobamos unha asignatura pendente secularmente neste país, que era, nin máis nin menos, a ordenación do territorio, coa aprobación das directrices de ordenación do territorio, do POL e da Lei do solo.

E medio ambiente. Crin escoitar ao señor secretario xeral que faltaba por adxudicar ou por licitar a depuradora de Ribeira. Mire, voulle dicir: este ano licítamola, e ademais comprométome a que este ano se licite, pero cando vostede estaba (*Murmurios.*) –non, pero escoite, ¡home!–, cando vostede estaba estaban sen licitar a de Lagares, a de Ribadumia, a do Porto do Son, a de Corrubedo, a de Muros. Pero ¿que me vén dicir? ¿Por que non pon máis exemplos? Vostede, vostede paralizou o que foron as depuracións da ría en Galicia durante catro anos, e agora vén dicir que queda a de Ribeira. Xa o sabemos pero xa verá como é unha realidade. (*Aplausos.*)

Mire, o Plan da auga vai investir 822 millóns. E en vivenda unha das consecuencias da crise é o aumento das dificultades para acceder á vivenda digna, pero rebaixáronse o imposto de transmisións e os actos xurídicos documentados, e desenvolveu este Goberno medidas como a construción ou rehabilitación de 1.783 vivendas de promoción pública, das que preto de 1.000 están xa entregadas ao seus adxudicatarios, e ademais destináronse case 8 millóns de euros a 2.395 axudas para o acceso á vivenda a través do Plan de vivenda e case 13 millóns a preto de 10.000 axudas para o aluguer de vivendas. Pois ben, a ver si se ríe agora la progresista, porque como ben sabe a axuda directa...

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS:... á compra de vivenda foi suprimida nin máis nin menos polo Goberno do señor Rodríguez Zapatero.

Pois ben, no Xacobeo, ¡home!, que quen olvidou o Xacobeo cando foi goberno e non programou e como Goberno de España tamén abandonou o Xacobeo teña aínda algo que dicir, co éxito que foi para este país o Xacobeo, con 9 millóns de visitantes, con máis de 2.200 actividades nas que participaron 7 millóns de persoas, pois, bueno, se iso vostedes llo unen a que por primeira vez temos unha marca turística diferenciada, que temos un Plan de acción do turismo aprobado, eu creo que tamén terán vostedes que coincidir comigo que de inanición nada de nada.

Pois ben, eu creo que deixei ben claro que este Goberno, a pesar das dificultades, está actuando e que este é un Goberno con capacidade de actuar, e ademais que é un Goberno que ten un proxecto claro, que foxe da soberbia, da auto-compracencia, e que é un Goberno que é realista e que ten os pés na terra. Hoxe, Galicia é máis fiable, e é máis fiable polo Goberno que ten. Eu diría que é un Goberno de equilibrio, equilibrio ou sensatez cando falamos de capacidade de conxugar as necesidades do país cos recursos existentes na difícil conxuntura actual, establecendo prioridades e aplicando rigor e seriedade para darlles resposta. En segundo lugar, equilibrio desde o punto de vista da estabilidade, estabilidade institucional. Hoxe en día temos un Goberno, un, serio, unido, e un Goberno que non perde o tempo, non malgasta o tempo en dirimir os seus problemas internos. E ademais equilibrio entendido como a xestión de goberno e a sociedade como unha unión para poder facelo con diálogo e participacións reais.

E o Parlamento tamén foi clara mostra diso. Nunca tantas iniciativas foron resoltas como nesta lexislatura, sumando tantas como no resto das lexislaturas xuntas. Aquí téñense aprobado dúas leis por iniciativa popular, e aquí nunha mesma lexislatura xa temos dous plans que pasaron, nin máis nin menos, por esta casa.

Pois ben, hai que traballar, é o momento de traballar e é o momento de traballar nas raíces do problema. E iso é o que está facendo o Goberno, indo e actuando en todos os sectores produtivos. Por iso vostedes non o queren ver, pero eu tampouco lles vou criticar porque non o vexan. Se cando o vía

todo o mundo foron incapaces de ver a crise, dificilmente van ver o que está a facer este Goberno para superala e para superar a herdanza que nos deixaron. Polo tanto, vostedes foron e fixeron, nin máis nin menos, aquela máxima do marxismo realidade. Pero o marxismo, o de Groucho, cando di que a política é a arte de buscar problemas, de atopalos, de facer un diagnóstico falso e aplicar despois remedios equivocados. Iso foi o que fixeron vostedes durante os outros catro anos.

Pois ben, eu vou rematando, e vou rematando pedíndolles o que creo que este país necesita, pedíndolles sentidiño. Pedíndolle sentidiño á oposición para que achegue as súas propostas, para que deixe de ser un lastre, para que teña unha soa palabra –neste caso vai máis para aquel lado, porque a verdade é que é difícil moitas veces chegar a acordos cando moi pouco duran, pero así é– e unha voz; teñen que ser tamén unha posibilidade de apoio deste Goberno nas solucións deste país. Non poden seguir sendo vostedes un lastre.

Por iso nós comprometémonos a seguir facendo o que fixemos ata agora, a tratar por igual a todos os cidadáns (*Murmurios.*) e impoñer –si, si– que se cumpra sempre a legalidade. Non traballen vostedes en negativo, porque vostedes seguen actuando en negativo; non sigan desprestixiando á clase política, traballen en positivo. Porque Galicia ten agora o Goberno que necesita pero está orfa de oposición, e non é este precisamente o momento de carencias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ata un máximo de quince minutos, e as súas señorías serán chamadas con suficiente antelación.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión por quince minutos.

A señora PRESIDENTA: Reiníciase a sesión coa resposta do presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, certamente estiven observando e estudando se había algunha proposta. Estiven observando se se fixera algunha proposta de acordo e estiven tamén observando todas as notas sobre se había algunha proposta conxunta en defensa dos intereses de Galicia. Lamentablemente, de momento, non a atopei. Señorías, creo que este debate é para aproveitalo, probablemente non sexa para insultar. En todo caso, señorías, cando non hai propostas é que non hai ideas, e cando non hai ideas sempre se solucionan cos insultos. Vostedes, señorías, están preocupados por unha serie de cuestións que probablemente non sexan máis que intentar horadar ao Goberno. É perfectamente lexítimo. Eu non estou preocupado por iso.

Señoría, cando vostede, señor Aymerich, fala de que en Galicia sobrepasamos o umbral da pobreza, permítame recordarlle que cando vostedes gobernaban Galicia si sobrepasaba o umbral de pobreza en España. Cando governa este Goberno non. Señoría, cando vostedes gobernaban, o umbral de pobreza en Galicia no ano 2006 era do 23,2; no ano 2007 do 20,9; no ano 2008 do 21; no ano 2009 baixamos ao 19,1. O umbral de pobreza en España a media é do 20%. Por primeira vez nos últimos tres anos baixou do 20%, e vostedes mantiveron toda a lexislatura por riba do 20%.

Señoría, vostede fala de que seguimos con problemas de pobreza, e é certo que hai moita xente con dificultades. Por iso nunca entendemos durante a lexislatura que diminuíra as súas aportacións ás organizacións non gobernamentais e a Cáritas. É sorprendente, señoría. En todo caso recórdolle os umbrales de pobreza do resto das comunidades autónomas: Galicia, 19,1; A Rioxa, 22,7; Castela-A Mancha, 27,4; Canarias, 27,5; Murcia, 28,6; Andalucía, 29,3; Extremadura, 36,2; Ceuta e Melilla, 36,6. Señoría, xa temos bastantes problemas, non é necesario inventalos.

Sobre as vivendas públicas en construción recórdolle, señoría, que dende que comezou a lexislatura son 1.783. Vivendas entregadas, 954; vivendas en fase de licitación, 244. Lamento, señoría, que vostede non saiba nin sequera as vivendas que facían cando gobernaban.

Señoría, agradézolle falar da sanidade porque creo que é unha das grandes conquistas sociais. Dediquei parte da miña vida profesional á sanidade e vou seguir defendéndoa como presidente da Xunta de Galicia, por riba de calquera intere-

se, xa sexa político, económico ou empresarial. Vostede de momento tamén estaba –espero que siga estando despois deste debate– defendendo a sanidade pública por riba de calquera interese económico, político ou empresarial.

Señoría, en materia de lista de espera, o importante non é só contar en número os pacientes, senón ver realmente as patoloxías de cada paciente. O importante, señoría, é evitar perdas humanas. No ano 2008 había cincuenta e catro días de media para as patoloxías urxentes, no ano 2010 baixamos a vinteun días de media.

Cando vostede fala de privatizar a sanidade comparte pancarta co Partido Socialista Obreiro Español, os mesmos que están a favor das multinacionais farmacéuticas, exactamente os mesmos. Señoría, como poden compartir pancarta con aqueles que están a favor de manter os medicamentos de igual capacidade terapéutica e pagar o máis caro, e como non pode compartir a pancarta con aqueles que estamos a disposición de entre dous medicamentos iguais financiar o máis barato. Hai que decidir, señor Aymerich. Hai que decidir e por iso cando vostedes falan de concertos é algo sorprendente. Durante a lexislatura incrementaron a sanidade privada a través de concertos un 44%, nós conxelamos os concertos ou baixámoslos entre dous e cinco puntos.

¿De que sanidade me está falando, señoría? ¿De que sanidade me está falando? Por iso, creo que é moi importante seguir falando de sanidade durante toda a lexislatura, ímolo facer. E cando temos o compromiso en plena crise económica de afrontar a maior reforma do Servizo Galego de Saúde facendo un 50% de camas novas, creo que vostede debería de estar con este Goberno e non a favor dos que queren non facer hospitais públicos porque queren seguir financiando ás multinacionais farmacéuticas.

Señoría... (*Aplausos*.) Hai que dicir, señoría, na Coruña se estamos a favor de ampliar o Hospital Universitario cunha superficie equivalente a dous comarcais ou non. Hai que dicir en Vigo se por fin licitamos, adxudicamos e empezamos o novo hospital público en Vigo ou non. Hai que dicir en Pontevedra se queremos un novo hospital público ou non. Hai que dicir en Ourense se realmente imos plantexar unha reforma integral do Complexo Hospitalario de Ourense ou non. Nós estamos polo incremento da sanidade pública; estamos pola viabilidade do sistema financeiro público; estamos, señoría,

pola viabilidade da sanidade pública porque nos vai moito niso. Espero, señorías, que todos esteamos deste lado da sanidade pública e non simplemente con pancartas de quita e pon.

Señoría, cando falamos do benestar convén recordar que o primeiro que fixemos cando chegamos ao goberno é inxectar 100 millóns de euros para os dependentes. Iso permitíunos pasar de 14.000 dependentes atendidos en abril do ano 2009 a 42.000 dependentes atendidos en marzo do ano 2011. *(Aplausos.)* O segundo que fixemos despois de poñer o diñeiro foi modificar o decreto, que incorpora catorce modificacións e melloras normativas, que supón máis rapidez e máis dereitos, redución do prazo global de doce a seis meses, recoñecemento da efectividade das prestacións económicas, incluso aos falecidos, e seguir traballando para que a dependencia sexa hoxe un dereito.

Señoría, ¿por que non acompaña o Goberno de Galicia, o seu Goberno, a plantexarlle ao Goberno de España que cumpra as leis dado que estamos nun Estado de dereito? ¿Por que non lle recorda ao Goberno de España que a Lei de dependencia mantén o cofinanciamento ao 50% fondos presupostos do Estado, 50%, fondos presupostos da Comunidade Autónoma. Incrementamos o 50% os dispositivos para a teleasistencia domiciliaria e incrementamos máis dun 83% os usuarios do servizo de axuda a domicilio.

Señoría, mentres o Partido Socialista Obreiro Español —que seguro que coñece con moita proximidade— conxelou as pensións por primeira vez en trinta anos en España, nós incrementamos dúas veces a 48.000 familias en Galicia as pensións non contributivas. Namentres se está conxelando o gasto social nos presupostos do Estado, nós incrementamos dúas veces a renda de integración social de Galicia, a Risga.

Creo que ben vale a pena, señor Aymerich, dicir que o Goberno de Galicia, é dicir, o seu Goberno, está intentando en plena crise económica manter, acrecentar, garantir e reformar os servizos públicos esenciais. Señoría, 2.600 millóns de euros é o prezo que Galicia vai pagar pola inconsciente e irresponsable negación da crise económica. 2.600 millóns de euros equivalen ao presuposto do benestar de Galicia durante toda a lexislatura.

Creo, señor Aymerich, que non é vostede xusto na súa percepción da dependencia nin da sanidade pública, e por

iso permítame que llo recorde dende o absoluto respecto. Señoría, seguimos traballando en materia de discapacidade e ímolo facer co primeiro Plan integral de acción para persoas con discapacidade 2010-2013, é dicir, investindo 700 millóns de euros na lexislatura. Señoría, isto está pactado cos colectivos e, por suposto, os colectivos de discapacidade son prioritarios nas políticas de emprego, e así está reflexado na Mesa de Diálogo Social. E por iso estamos incrementando un 25% no ano 2010 os beneficiarios dos orzamentos de programas de integración laboral, e por iso estamos incrementando o dobre os centros especiais de emprego para discapacitados.

Por suposto, señoría, que a xuventude ten todo o máximo respecto deste Goberno, como non pode ser doutro xeito. Cada día hai máis xóvenes que miran a un Goberno que quere resolver un problema e non negar a realidade. Por iso non foi convocada durante catro anos do bipartito unha soa vez a Mesa da Xuventude, ningunha. Non desexamos que volva repetirse. E por iso propuxemos unha estratexia da xuventude 2013 e aprobaremos por primeira vez na Comunidade Autónoma unha lei dedicada única e exclusivamente á mocidade galega. *(Aplausos.)*

Señoría, estou de acordo en que o sector eólico é un negocio, pero pode ser un negocio transparente ou un negocio opaco. Pode ser un negocio con publicidade no *Diario Oficial de Galicia* ou con liortas dentro do propio Goberno. Pode ser un negocio que damos á opinión pública a coñecer no momento de apertura das plicas ou un negocio no que un conselleiro respostaba: se o presidente quere enterarse da adxudicación do concurso eólico que mire a páxina de Internet da consellaría correspondente. Por iso, señoría, o negocio eólico é transparente. E como é transparente non imos outorgar concesións eólicas a empresas que estean en quebra, porque iso é unha inmoralidade.

Señoría, claro que imos esixir o cumprimento estrito do plan industrial e o cumprimento estrito dos postos de traballo. É evidente que vostedes non tiñan esa necesidade, porque simplemente nin había a obriga de facer un plan industrial nin de crear postos de traballo.

Señoría, claro que é moi importante, claro que é moi importante a suba da luz, porque iso está diminuindo a capacidade das empresas e dos fogares. Pero volvo reiterar, seño-

ría: vostedes cohabitan cun partido que cando menos é o máximo responsable da urxencia dun Plan enerxético en España, que supón o incremento do prezo da luz nos últimos catro anos nun 50%, e o anuncio de onte de subir o prezo da luz un 12,5% máis.

Señoría, sobre a Lei de comercio agradézolle a súa referencia. Mire, durante o mandato do bipartito autorizáronse en Galicia dezasete grandes superficies. Durante estes dous anos de lexislatura levamos autorizadas dúas. ¿A que grandes superficies se refire? ¿As que autorizan os bipartitos das cidades de acordo coa lexislación do bipartito? Dezasete. ¿As que autoriza o Goberno da Xunta de Galicia? Dúas. Por certo, as dúas con acordo e con consenso do Goberno bipartito en cada un dos dous concellos onde se van ubicar. Pero ¿por que pretende enganar aos cidadáns?

Fixemos unha Lei do comercio consensuada co sector. Plantexamos un Plan Ágora de 130 millóns de euros consensuado co sector. E sabemos que o comercio minorista é o que crea máis emprego, é o que verteбра as cidades e é o que mantén as cidades habitadas.

Señoría, creo que non é xusto tampouco esa referencia, como tampouco é a dos polígonos industriais. Fala vostede da Costa da Morte, e a responsabilidade que temos dos polígonos da Costa da Morte é finalizalos e poñelos á venda. Fala vostede do polígono de Tomiño, e a responsabilidade que temos é iniciar a expropiación do polígono de Tomiño. ¿A que se refire vostede? ¿Refírese vostede a que temos o compromiso de pasar de 13 millóns de metros cadrados de solo industrial a 31 millóns de metros cadrados de solo industrial? Aceptamos o compromiso.

Mire, señoría, o que hai que facer é que non quebren as sociedades que xestionan o solo industrial. E o que hai que facer é non deixar en quebra Xestur Pontevedra, Xestur Ourense, porque é moi sinxelo falar, pero é moito máis difícil xestionar. E gobernar non é gastar, señoría; gobernar é administrar. Por iso, señoría, cando vostedes compraban parcelas illadas, incrementando a especulación sobre o ámbito onde ía actuar o solo industrial, vostedes quebraron Ourense, Xestur Ourense e Xestur Pontevedra. Vostedes compraron parcelas illadas no polígono industrial de Verín, e non hai nin unha soa parcela cuadrícula que a poidamos agrupar para iniciar o polígono. Vostedes fixeron o mesmo

co polígono de Val da Rabeda. E ¿agora resulta que os responsables de sacar da quebra de Xestur Pontevedra e Xestur Ourense é este Goberno? Pois si, señoría, ímolas sacar da quebra, ímolas reflotar e imos facer máis solo industrial que nunca en ningunha lexislatura. *(Aplausos.)*

Señoría, sobre as licitacións públicas que falaremos a continuación, sen dúbida asumimos o compromiso dentro da nosa presupostación de incrementar a licitación pública, e os datos de SEOPAN –que supoño que son neutros– acreditan que Galicia subiu no ano 2010 a licitación pública nun 9,4% e a Administración xeral do Estado rebaixouna un 54,4%.

Señoría, cando vostede fala das becas, ¿a que becas se refire?, ¿ás becas de investigación ou de innovación, ou a outro tipo de becas? Demos as becas que solicitaron as universidades, demos cincuenta becas que solicitaron as empresas para innovación e chegaremos a máis de duascenas, e presentamos o Plan de I2C, Investigación e Crecemento, que supón un 45% máis de fondos que a anterior lexislatura e 109 millóns de euros ao ano; exactamente, 190 millóns de euros ao ano.

Señoría, sobre o Plan de residuos aos que me referirei posteriormente, sobre a localización, que a diremos despois das eleccións municipais, sabemos onde non a podemos facer, señoría: no Ribeiro, en Ourense. ¿Estamos de acordo? ¿Estamos de acordo onde non poñer unha planta incineradora de residuos no Ribeiro, en Ourense? Era a proposta do seu Goberno, segue sendo a proposta do Partido Socialista... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... segue sendo a proposta do Partido Socialista. Creo honradamente que hai mellores sitios para ubicar.

Señoría, o que fixemos coa planta de Sogama foi descolapsala, e o que fixemos é deixar de soterrar todos os residuos e empezar a tratalos. O que fixemos foi un Plan de residuos con luz e taquígrafos onde se pode presentar calquera empresa cando saia a concesión. Señoría, imos seguir traballando... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... porque creo que vale a pena seguir traballando polo noso país. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Continúe, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): No ámbito do ensino —volvo reiterar—, se vostede colle os datos do ensino, aínda que esa consellaría non estivera na órbita nacionalista, pode comprobar que o bipartito subiu os concertos ao ensino privado. Nada temos que dicir sobre ese asunto, pero o certo son as cifras que acabo de dicir.

Señoría, a Xunta vai seguir apostando pola equidade. A equidade supón ordenadores para quen non os pode comprar, a equidade supón libros de texto para os que non os poden comprar, a equidade supón a aprendizaxe dunha terceira lingua para quen non a pode pagar. Por iso imos seguir traballando e creo que é moi importante traballar ao respecto da educación. (*Aplausos.*)

Señoría, hai unha cuestión que creo que debemos de deixar clara porque se non ou vostede cometeu un erro ou simplemente faltou á verdade. Non imos cobrar a auga dos pozos nin imos cobrar a auga das traídas veciñais. (*Aplausos.*) Dixémolo claramente, claramente, señoría.

Señoría, para min é moi importante clarexar o asunto da débeda pública. Non sei cal é a súa postura porque á vez dinos que temos que investir máis e en consecuencia endebedarnos máis, e ás veces dinos que temos moita débeda e en consecuencia supoño investir menos.

Mire, señoría, sobre os pagos da sanidade pública convén recordar cales son as cifras reais. As cifras reais son que Galicia no mes de decembro, un mes ao ano, tiña unha media de pago de 151 días; collendo a mesma fonte a media de España eran 347. Señoría, en Cantabria nese mes pagábanse en 666, en Murcia en 652, en Castela-León en 594, en 570 Baleares, en 538 Andalucía e en 359 Castela-A Mancha. Señoría, a media de pago total da sanidade do Servizo Galego de Saúde no ano 2010 foi de 71 días, e a media de pago da Xunta de Galicia na súa totalidade foi de 28,5. Eses son os datos, señoría: 28,5 Administración xeral da Xunta de

Galicia, 71 días a Administración sanitaria. Señoría, comprendo que ao mellor a vostede iso lle parece pouco. Non hai, salvo Euskadi e Navarra, con sistema de cupo, ningún servizo de saúde que estea pagando mellor que Galicia, ningún, (*Aplausos.*) ningún, señoría.

Señoría, sobre o incremento da débeda pública creo que fixemos unha proposta esta mañá que conviría que vostede se posicionara. ¿Está de acordo coa Lei de disciplina presupostaria e está de acordo con establecer uns topes de gasto e unhas obrigas de amortizar débeda pública en momentos en que o PIB creza, si ou non? ¿Non está de acordo? Pois entón como é natural non diga que nos endebedamos, o que debería vostede dicirme é que me endebede máis, e non parece razoable que vostede invite a un Goberno a gastar máis. Xa houbo outro Goberno que o gastou e nós temos que pagalo. Polo tanto, non creo que o Goberno que nos suceda mereza pagar a súa débeda e a débeda que lle poidamos deixar nós. Non o imos facer, señoría (*Aplausos.*), non o imos facer.

Señoría, a media da débeda pública da Xunta de Galicia na súa totalidade, Xunta de Galicia e empresas públicas, cando gobernaba o bipartito era do 11,2%. A media da Xunta de Galicia actualmente é do 11%, e a media de España é do 11,8%. Eses son os datos. Temos unha porcentaxe de débeda pública inferior en termos de media nacional que o bipartito, e temos unha porcentaxe de débeda pública Xunta de Galicia-sector público empresarial galego de 8 décimas por debaixo da media de España. E non estou satisfeito coa débeda, pero se non imos, acadamos esa débeda caen os investimentos públicos. E por iso esa débeda se está utilizando para aquelas cousas que tiñan que facerse e que non se fixeron.

Señoría, ¿pode vostede explicarme como durante catro anos nos que vostedes tiveron 1.500 millóns de euros de liquidacións positivas de exercicios anteriores foron incapaces de iniciar un só hospital público? ¿Pode vostede explicarme por que durante catro anos non iniciaron o hospital de Vigo? ¿Pode explicarme por que durante catro anos non iniciaron o que vostedes querían facer, que era unha simple ampliación en Pontevedra? ¿Quere vostede explicarme por que con 1.500 millóns de euros máis polas liquidacións dos exercicios anteriores vostedes non acometeron as infraestruturas máis claves na competitividade da economía galega? Non creo, señoría, que iso sexa razoable.

Finalizo, señoría. Fala vostede dos gastos das deputacións. Cada deputación terá que dar conta do que fai, sen dúbida, señoría, sen dúbida, pero, como vostedes gobernan en dúas, imaxínome que vostedes tamén terán que dar conta do que fan onde gobernan (*Murmurios.*) Señoría, isto das deputacións e o BNG é unha certa –permítame a expresión– dígolle –como dicía– sen acritude, unha certa hipocrisía. Mire, ¿vostedes están de acordo coas deputacións ou non? Se non están de acordo, ¿por que as vicepresiden? Señoría, de tres deputados provinciais que hai en Lugo do BNG dous son vicepresidentes; é difícil mellorar esa marca. Por certo, señoría, o gasto do Goberno da Deputación de Lugo é igual ao gasto do Goberno da Xunta de Galicia. ¡Sorprendente, señoría! Gastan vostedes tanto en pagar o Goberno da Deputación de Lugo como gasta a Xunta de Galicia en pagar o seu presidente e os dez conselleiros. É algo sorprendente, señoría; pero, en fin, vostede vexo que ten dúas varas de medir.

Señoría, propóñolle que non fagamos demagogia cos emigrantes; propóñollo. Vostedes entenden que os emigrantes non poden votar en ningunha elección, é a súa proposta; vostedes entenden que non poden nin votar nas municipais, nin nas xerais, nin nas autonómicas. Nós entendemos que si poden votar nas autonómicas e nas xerais, e sería moi discutible para aqueles emigrantes que naceron en Galicia e que tiveron que saír que non poidan votar nas municipais. O certo é que por chegar a un acordo co Partido Socialista Obreiro Español tivemos que aceptar que non votaran aqueles emigrantes que naceron en Galicia, non aqueles fillos ou netos que non naceron no concello de onde saíron. Pero o que non ten sentido, señoría, é que agora vostede me fale da emigración. Mire, señoría, durante o bipartito estivo en quebra o hospital do Centro Galego de Bos Aires, e agora resulta que o que temos que facer é pagar a débeda que deixaron e sacalo da quebra. Pódolle asegurar que na medida das nosas posibilidades traballaremos para que o hospital de Bos Aires saia da quebra onde vostedes o deixaron durante os catro anos de goberno.

Señoría, sobre as irregularidades nas ofertas de emprego, quero que vostede denuncie todas as que coñeza e que me pida responsabilidades ao respecto, todas. Fixemos unha investigación, remitimos toda esa investigación ao Valedor do Pobo e cesamos a unha subdirectora e a algún outro membro do tribunal. Señoría, no consorcio aínda non deron explicacións de por que hai 240 contratos asinados en frau-

de de lei. Espero, señoría, que cada un asuma as súas responsabilidades.

Señoría, creo que non é ilegal saber o que queren os pais; paréceme nun réxime democrático algo moi san. Facer unha enquisa para que os pais nos digan o que queren, se iso é ilegal, iso ocorría nos anteriores réximes onde non había democracia, pero en plena democracia por facer unha enquisa dicir que a enquisa é ilegal é unha forma que non compartimos sobre a democracia.

Señoría, en relación co Estatuto, vostede non foi capaz de poñerse de acordo, o seu grupo co Grupo do Partido Socialista, cando gobernaban; non foi capaz de traer á Cámara un proxecto de reforma constitucional do Estatuto de autonomía; non foi capaz, señoría. Son plenamente consciente desa limitación. O certo, señoría, é que agora que falamos do Estatuto e que falamos de Cataluña e de Euskadi, mire, en Euskadi non hai reforma do Estatuto, en Cataluña houbo unha e foi declarada parcialmente inconstitucional. ¿Cal é o seu modelo, Euskadi ou Cataluña? Nós pensamos que o Estatuto ten que ser constitucional, vostedes parece que a Constitución non é máis que un texto que cando estamos de acordo a aprobamos e cando non estamos de acordo a rexeitamos.

Señoría, remato. Imos seguir traballando, gustárame seguir contando con moitos dos deputados nacionalistas e, se é posible, con todo o grupo. Gustárame seguir traballando porque temos cousas nas que temos acordo, e por iso, señoría, cando hai acordo é conveniente establecer os acordos. Por certo, señoría, gustárame nesa coalición electoral chamada Galeuscat que falara vostede co deputado de CIU e que lle dixera que tamén temos dereito ao AVE en Galicia. (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Gustárame, señoría...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Gustárame, señoría... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Perdoe, presidente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Prego silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, ¿queren escoitar? (*Interrupcións.*) ¡Silencio!
(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdón, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Gustárame que ao seu socio de coalición electoral Galeuscat na parte de Convergencia i Unió lle dixera que tamén temos dereito ao AVE e que, por certo, Galicia non se chama ningunha parte, senón que se chama Galicia. Espero e desexo, señoría, que faga o que todos estamos intentando facer polo tren de alta velocidade e, por suposto, que todos esteamos pendentes do cumprimento dos acordos co Goberno de España. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, creo que aceptar a crise económica, aínda que sexa a destempo, é cando menos un avance, e por iso negar a crise económica supuxo –concretabámolo esta mañá– un prezo moi caro. 2.600 millóns de euros que temos que devolver ás arcas públicas estatais. Iso si, ao contado, a razón de 500 millóns de euros anuais durante toda a lexislatura e a lexislatura seguinte, ata o ano 2016. Pois ben, señoría, negar a crise durante dous anos tivo un prezo, 2.600 millóns de euros. E como vostede sabe, todas as grandes reformas en materia de crise económica de momento non deron resultado. A reforma laboral, que lle custou ao Goberno socialista unha folga xeral, non deu resultado. A improvisación financeira –levamos seis normativas consecutivas– sobre o sistema financeiro español non fixo que rebaixara o *renting* da débeda pública do Reino de España. E o Banco Central Europeo non está conforme –polo menos o señor presidente dese banco acaba de dicilo– coa última decisión de incrementar o capital, con independencia do saneamento da caixa.

Pois ben, señoría, nin temos reforma laboral, nin temos unha reforma axeitada do sistema financeiro, nin temos unha reforma, –mellor dito– un plan, polo menos un Plan do sector enerxético. E o resumo, señoría, é que os fogares galegos teñen que pagar un 50% máis da suba da luz, e o resumo é que as empresas non poden competir porque teñen un 50% máis de custos de produción na enerxía eléctrica, e o resumo, señoría, é que temos graves dificultades no país campión do paro en Europa.

Por certo, ¿onde está Mitsubishi? Señoría, supoño que Mitsubishi estará preocupada salvando vidas e bens en Xapón. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Supoño, señoría, que Mitsubishi estará preocupada polo grave problema que está sufrindo o seu país. Supoño, señoría. (*Aplausos.*) O que si lle podo dicir é que Mitsubishi cando queira ten solo axeitado dabondo e beneficios e incentivos legais suficientes e dabondo. Espero que a recuperación da economía xaponesa e espero que o impacto na economía desta multinacional propoña ou se solucione en parte nos próximos meses e poidamos falar en serio de Mitsubishi.

Señoría, a situación actual é que a taxa de paro en Galicia é cinco puntos menor que a media de España. A situación actual é que somos a sexta comunidade autónoma coa taxa de paro máis baixa. A situación real é que o PIB galego se desplomou no ano 2009 un 3,9% e conseguimos no ano 2010 equilíbralo e incluso unha décima positiva. España baixou no ano 2009 e seguiu baixando no ano 2010. Por iso Galicia pechou en números positivos o seu produto bruto e España en números vermellos. A taxa de paro en España supera o 20%, en Galicia cinco puntos menos, exactamente 4,6. Os mozos desempregados en Galicia 5,6 puntos menos e o número de empresas en Galicia un incremento do dobre que o número de empresas creadas en España. Se vostede quere coller os datos da EPA, Galicia é a sexta comunidade con menor taxa de paro, a sexta. Se España tivera a mesma taxa de paro que Galicia habería un millón máis de españois traballando. Pero se a vostede non lle valen as súas propias estatísticas e quere buscar outra estatística do Ministerio de Traballo, que é o paro rexistrado, Galicia no ano 2010 está por debaixo da media do incremento do paro rexistrado en España en dous puntos.

Pero, ¿como podemos ler as estatísticas de forma distinta ao que as estatísticas poñen? Se a media do paro rexistrado en Galicia subiu o 9,7 e en España o 11,4, ¿por que estamos dicindo unha cousa distinta da verdade? Señoría, durante o bipartito, que di que chegou o momento do paro; non, non, claro que si, o que pasa é que se equivocou de data, era marzo do ano 2009. En marzo do ano 2009 incrementáronse en Galicia con respecto a marzo do ano 2008 uns 50.951 parados, no último ano foron 14.000. Durante o último ano do seu Goberno, señor Vázquez, incrementouse en Galicia un 32% o paro e no último ano deste Goberno un 6%. É dicir, o paro medraba cada ano a un ritmo cinco veces maior do que medra agora.

Señoría, creo que temos que dar os datos correctos e sobre todo ver cales son as políticas alternativas. ¿Quizais as políticas alternativas de políticas activas de emprego sexa en Baleares, cun 20,4% de paro? ¿Quizais sexa Estremadura, cun 23%? ¿Quizais sexa Andalucía, cun 28%? ¿Hai algunha comunidade autónoma de réxime normal do financiamento que poida copiar Galicia? Señoría, con todo interese, estamos vendo todas as políticas activas de emprego de todas as comunidades autónomas, todas. Gustaríanos que nos propuxera unha concreta, salvo, iso si, rebaixar en 25 millóns de euros as transferencias de políticas activas de emprego que rebaixou o Goberno de España á Xunta de Galicia no ano 2011.

Señoría, creo que é moi importante seguir traballando no tema do paro e por iso creo que temos que seguir falando con toda a intensidade que vostede queira das distintas alternativas políticas económicas. Mire, cando falamos da crise, podo dicirlle que estamos facendo todo o que un Goberno razoable europeo faría contra este problema: primeiro, garantindo a solvencia da Comunidade Autónoma; segundo, buscando un sistema financeiro galego solvente; terceiro, conseguir aforros, por exemplo, do gasto racional de farmacia; e, por último, sendo leais coas decisións da Unión Europea que obrigan ao noso país, reducindo o déficit público e cumprindo só dúas comunidades autónomas a Lei de estabilidade orzamentaria. *(Aplausos.)*

Señoría, garantimos a solvencia do país cando estabamos de acordo dous terzos da Cámara. Se vostede non está de acordo polo menos respecte ese grande acordo. Se vostede non está de acordo coa prescripción de xenéricos respecte ese grande acordo, non sexa o adalid do Goberno de España nunha decisión equivocada, que vostede é médico e sabe perfectamente que é equivocada. Vostede sabe perfectamente igual ca min que dos catrocentos trinta e pico medicamentos que di que se excluíron xa non son tales porque, por fin, España aceptou os prezos de referencia. Mire, señoría... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señoría, si... *(Interrupcións.)*

A **señora PRESIDENTA**: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Teño moito interese en explicarlle este asunto, moitísimo.

Os prezos de referencia entran cando se autoriza pola Axencia Europea do Medicamento un medicamento xenérico. O Goberno de España pactou unha moratoria de tres anos. É dicir que en España tiña que haber máis de trescentos medicamentos xa cos prezos máis baratos, prezos de referencia, e, sen embargo, pactou coa industria farmacéutica unha moratoria de tres anos. Iso significa, señoría, que os intereses económicos dalgunhas multinacionais farmacéuticas foron máis potentes que a sanidade pública española e que a sanidade pública galega. *(Aplausos.)*

Si, señoría, creo que este tema é suficientemente serio como para poder tratalo e para que vostede polo menos o reflexione. Creo que é bo reflexionar sobre este asunto, porque este asunto, señoría, afecta, sen ningunha dúbida, a algo moi importante para os galegos. Mire, señoría, permítame esta gráfica. Esta gráfica é a prescripción de xenéricos en Europa: o Reino Unido, o 60%; Holanda, o 58%; Finlandia, o 46%; o 44%, Suecia; o 34%, Austria; España, o 22%. Señoría, ¿é que acaso no Reino Unido, en Alemaña ou en Holanda non hai industria farmacéutica? Si, pero sabe perfectamente que os seus beneficios teñen que aquilatarse unha vez que se aproba un xenérico. ¿Por que en España a industria farmacéutica non aquilata os seus beneficios como no resto da Unión Europea? Señoría, esta gráfica está á súa disposición, non hai trampa nin cartón. Por iso pídolle que reflexione sobre este asunto e que por unha vez –porque sería bo non só para o seu grupo, senón para a súa propia traxectoria política– diga si á sanidade pública galega, si a esta Cámara, e que diga que non ás multinacionais farmacéuticas. *(Aplausos.)*

Señoría, estamos intentando manter a solvencia do noso país e estamos intentando tamén facer aforros sen destruír para nada a calidade asistencial. Señoría, estamos intentando tamén que un sistema financeiro da quinta comunidade autónoma en poboación e en PIB de España, que é Galicia, se poida manter.

Señoría, as respostas sobre as caixas de aforros do Partido Socialista foron cando menos sorprendentes. Sorprendentes porque foron todas, todas as posibles. Mire, vostedes estiveron a favor dun SIP e en contra dun SIP, vostedes estiveron a favor da Lei de caixas galega e en contra da Lei de caixas galega, vostedes estiveron a favor do recurso e en contra do recurso, vostedes estiveron a favor da bancariza-

ción e en contra da bancarización. Todo depende do momento, do lugar e do interlocutor, pero non parece razoable que esa sexa unha postura, probablemente sexa unha falta de postura.

Mire, escoitei esta fin de semana a algunha persoa que clarificou claramente a súa idea de boicotear o aforro galego falar dunha auditora. Hai unha auditora, KPMG, que dixo que o que necesitaba o FROB, a inxección financeira da caixa, eran 1.190 millóns de euros, efectivamente. Hai outra auditora contratada polas caixas, concretamente Deloitte —dou nomes, para que quede claro—, que dixo que non eran necesarios 1.190, que chegaba con 1.162. ¿En que quedamos, señoría? ¡Ah!, ¿non é certo o que di o Plan de negocio de Novacaixagalicia, auditado por Deloitte e presentado ao Banco de España e ao FROB, e que ao final foi o que lle deu o FROB, 1.162 millóns? É dicir, menos do que a auditora KPMG, contratada pola Xunta, dicía que necesitaba. Señoría, ¿quen é o que fai negocio coas auditoras?

Señor Losada, si comprendo que vostede ten que dicir unha cousa en Vigo e outra en Santiago, pero ese é o seu problema, non é o noso problema. O problema, señoría, é que o seu líder está intentando facer un discurso máis construtivo que en épocas pasadas. E quero dicirlle que teña a seguridade de que este Goberno actuou con honestidade e defendendo os intereses de Galicia, e non o de ningunha auditora. Porque se non, se a auditora contratada polas caixas di que se necesita menos FROB que a auditora contratada pola Xunta de Galicia, ¿realmente cal é a auditora culpable? ¿Ou será que o FROB o 21 de decembro deu por bos os datos que presentaba a auditora contratada pola caixa e trasladou 1.162 millóns de euros?

Señoría, pero, ¿por que nos queremos enganar? Aquí hai que estar coa caixa ou contra a caixa, aquí hai que estar coa posibilidade de que Galicia teña unha caixa ou desbotando esa posibilidade. Se vostede quere traballar nisto eu tamén, e sabe perfectamente que nos podemos atopar co BNG, con independencia das diferenzas entre os tres partidos. Pero a min gustárame que axudara ao país. E a min gustárame, señoría, que dixeramos claramente que Novacaixagalicia foi enganada; enganada cando se lle pediu que baixara o *core capital* no mes de novembro dicindo que Basilea III só esixiría o 7% no ano 2019, e resulta que tres semanas posteriormente se lle esixe un 10%.

Señoría, creo que merece a pena iniciar esa posibilidade de aproximación e de acordo. Non teño ningún interese máis que Galicia manteña unha entidade que teña como obxectivo fundamental os sectores estratéxicos da economía galega. Non teño interese nin cun partido nin con outro, nin sequera co meu; só teño interese con Galicia, e vostede sábeo perfectamente, sábeo perfectamente. (*Aplausos.*)

Señoría, imos seguir traballando porque cremos que é necesario reducir o déficit público, e gustárame que vostede diga se está de acordo ou non con ese proxecto. Creo que é moi importante mandar unha mensaxe a España e a toda Europa de que estamos de acordo no control do déficit e na diminución da débeda cando se incrementa o produto interior bruto. Creo que iso é bo para mellorar a nosa solvencia, para diminuír os nosos custos de endebedamento e para traer investimentos á comunidade autónoma galega.

Gustárame saber a súa opinión ao respecto, porque se non, señoría, só queda unha posibilidade: os bonos patrióticos. A posibilidade do tripartito catalán, porque como xa non lle deixan diñeiro a Cataluña acode a bonos patrióticos, é dicir, a emitir débeda a unha porcentaxe superior á que emite Grecia. Por iso que é un tema importante, clave e fundamental, creo que o primeiro partido, que está ademais no goberno, o primeiro partido da oposición, debería ter claro ese asunto.

Señoría, imos seguir traballando, se vostede mo permite, sobre todo dando datos correctos. Mire, o problema do sector lácteo é que durante sete anos que levan gobernando en Madrid aínda non fomos capaces de conseguir os contratos homologados, o problema é que hai *dumping* de prezos, o problema é que están entrando toneladas e toneladas de leite de importación, e o Goberno de España está mirando para outro lado. Sábemo os gandeiros, sábemo as explotacións, sabémolo a Cámara, sabémolo todos en Galicia. Por iso, señoría, cando vostede me fala de Clesa... Señoría, cando houbo un problema no peche dunha planta láctea que foi Leite Pascual, o Goberno estivo aí e agora esa planta está funcionando. E cando hai un problema como Clesa, se somos capaces de saber, primeiro, cal é o dono, segundo, cal é o prezo, e terceiro, se hai un proxecto viable, tamén estaremos aí.

Señoría, non é razoable, dígollo con absoluta cordialidade, non é razoable en ningún caso facer demagogia coas

mariscadoras. Non é razoable facer demagogia con 171 mariscadoras mirando para outro lado cando hai máis de 4.500 mariscadoras en Galicia. Non é razoable tratar a 4.500 dunha forma e a 171 doutra. Se eu comprendo, señoría, que é moi sinxelo coller diñeiro e dárllelo ás persoas. Iso é evidente. Foi o que fixeron, foi o que fixeron, pero non nas mariscadoras, senón tamén nas rías; para non ter problemas coller diñeiro da Xunta e poñerllo á súa disposición. ¿E que facemos coas 4.500 mariscadoras que están traballando todos os días a pé ou en embarcación? ¿Que facemos?, ¿pagámoslles tamén? ¿Vostede proponme iso?

Señoría, estámoslles pagando as cotas da Seguridade Social, 350 euros. Se lle pagamos todo o que lles pagaba o seu Goberno, a renda media desas mariscadoras sería superior á renda das mariscadoras que están traballando. ¿Parécelle a vostede iso correcto? Eu, eu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señoría, señoría, permítame finalizar. Señoría, eu escoitei a mariscadoras que representan aos colectivos pedíndolle á Xunta de Galicia que non fixera esa política, porque era unha política discriminatoria. Entendo, señoría, que debe vostede meditar esa cuestión porque vale a pena meditar ese asunto.

Señoría, remato, simplemente recordándolle que se poden traer moitas anécdotas, pero sobre todo o que hai que traer son respostas. Dicar que non facemos nada contra o paro e a crise e que este discurso non falou do paro e da crise, ¡se non paramos de falar do paro e da crise! Se foron os 130 folios de debate falando do paro e da crise, falando de como podemos manter os servizos públicos en época de crise, falando de como temos que manter o Estado autonómico ante intereses de diminuír as capacidades autonómicas aproveitando que a crise pasa por aí, falando da capacidade económica, da capacidade financeira e da solvencia da Comunidade Autónoma. ¡Se non fixemos outra cousa!

Por iso, señoría, as dez grandes asignaturas que tiña Galicia cando chegamos ao goberno hoxe están planificadas na metade da lexislatura. Estamos coa aprobación do Plan do litoral e as Directrices de ordenación do territorio, primeira asignatura; no Plan de mobilidade, o Plan MOVE e o Plan de transporte metropolitano. Señoría, comprométome a examíname co mesmo rigor que entendemos que debe de examinarse o Goberno de España co Pacto do Obradoiro que co Plan MOVE, o mesmo. Direille estrada por estrada, presu-

posto por presuposto, data de inicio, data de licitación, data de adxudicación e data de finalización. Sométome a ese contraste, señoría. Nunca escoitará pedíndolles aos demais responsabilidades que non estou disposto a asumir. (*Aplausos.*)

Señoría, imos seguir traballando, porque durante estes dous primeiros anos aprobamos un Plan lácteo e presentamos o Plan reitor da acuicultura con emprazamentos concretos en noventa días; presentamos o Plan Ágora para o comercio, o Plan de acción de turismo e o Plan téxtil co acordo dos axentes; presentamos un Plan de vivenda e un Plan de aluguer; no Plan de sanidade presentamos a Estratexia de sanidade ata o ano 2014 e os hospitais e centros de saúde que queremos facer; presentamos a Axenda social do Goberno para os servizos sociais; e presentamos, señoría, un Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020, e agrádame escoitar que vostede está de acordo coa Estratexia da Unión Europea 2020, porque ese é o Plan estratéxico da Xunta de Galicia 2014-2020, igual. Señoría, eu mesmo tiveron ocasión de entregarlle ese plan ao comisario europeo de Asuntos Rexionais. Como hai testigos, podo dicir que non felicitou ao Goberno da Xunta, senón que felicitou a Galicia por ser unha das poucas de máis de dúascentas rexións europeas que presentou na Unión Europea un plan estratéxico de acordo coas directivas da Unión Estratexia 2020. (*Aplausos.*)

Señoría, finalizo simplemente para agradecerlle que vostede recorde algúns slogans. Vostede recorda o slogan de “Chegou o momento”. Efectivamente era o 1 de marzo do ano 2009, era o momento. Vostede incluso agora aínda que acabou o Xacobeo, nunca llo escoitei, pero por fin acabou o Xacobeo e escoiteille por primeira vez o slogan do Xacobeo: “Agora é cando, Galicia é onde”. O único problema é que vostede o pronunciou tres meses despois de que acabara o Xacobeo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Do resto, señoría, non lle escoitei moito máis, moito máis. É certo, señoría, é certo que hai outros slogans que non dixo. Acórdase de “Motivos para crer”, era un gran slogan. E había outro todavía máis interesante: “Polo pleno emprego”. Ese slogan tampouco llo escoitei dicir.

En todo caso, señoría, o que digo aquí, dígoo tamén en Madrid. E en Madrid digo que non estou de acordo coa política de financiamento dos medicamentos. E pódolle asegurar que non conseguín moitos amigos con esta política, pero si conseguín ter a conciencia tranquila.

Señoría, tamén podo dicir en Madrid que claro que hai que capitalizarse; que, por suposto, o que temos que facer é acabar coas caixas e facer bancos; que, por suposto, señoría, os tempos mandan; que o Partido Socialista Obreiro Español, que é máis obreiro e socialista que nunca, agora resulta que as obras sociais das caixas non as considera oportunas e ten que construír bancos. Si, señoría. Seguro que na prensa económica quedaría moito mellor se digo que, por suposto, estou de acordo coas políticas do Partido Socialista Obreiro Español porque son progresistas. ¿Pero vostede cre que eu lle faría un bo servizo a Galicia simplemente mirando para outro lado cando hai determinadas caixas –e direillo– que teñen un trato distinto que a caixa galega? Xa o tiveron na primeira fase da concentración financeira e vólveno intentar ter agora.

E por iso, señoría, creo que se vostede, o Bloque Nacionalista Galego, que non dubido do seu interese aínda que discrepo no seu instrumento, que se todos estamos de acordo podemos, por suposto, conquistar o que xa conseguimos. De momento, mantémonos no mapa financeiro español. Gustaríame ter a súa axuda para manernos definitivamente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Primeiro, señor Ruíz Rivas, a verdade, pois despedilo, ¿non? Vostede é un portavoz moi simpático, demostrouno hoxe, e seguro que á fronte da oposición de Ribeira vai facer un grandísimo labor. (*Risos.*) Non teño ningunha dúbida de que encabezando a oposición no Concello de Ribeira vai facer un gran labor como o demostrou esta tarde.

Señor Feijóo, xa por zanzar o tema, hoxe mesmo o Bloque Nacionalista Galego acaba de remitir unha carta á Generalitat e a Convergència i Unió deixando clara cal é a nosa posición. E mire, nós non temos nada contra Convergència i

Unió, eles son cataláns, nós somos galegos, cada un defende o seu país. Os que pactaron con Convergència i Unió e pactaron unha lexislatura, do 1996 ao 2000, foron vostedes; nós non, foron vostedes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, daquela falaba catalán Aznar en privado, si, daquela Aznar falaba catalán en privado. O pacto tivérono vostedes, non nós. Pero nós sempre defendemos sempre os intereses de Galiza, vostede non pode dicir o mesmo.

E estamos nun debate do estado da Autonomía, do estado da Nación, de política xeral, como queira, e eu son o portavoz dun grupo da oposición, quero dicir que eu teño que fiscalizar o labor do Goberno; estamos, señor Feijóo, revisando o labor do seu Goberno cando xa leva dous anos á fronte del. Vostede supoño que co *jet lag*, con tanta viaxe, igual se esquece. É que vostede é o presidente do Goberno de Galiza, ¿sabe? Vostede non é un axente comercial do Partido Popular, vostede non é un tertuliano en Intereconomía. Non, non, vostede é o presidente do Goberno de Galiza, ten que comezar a exercer, leva xa dous anos, comece a exercer.

E se falamos de propostas, a única proposta que eu lle escoitei –e volveu reiterala vostede agora– é que os recortes que está aplicando agora en tempo de crise quere perpetuálos por lei. É dicir, recorta agora porque hai crise e quere establecer unha lei para seguir facendo recortes cando as cousas vaian ben. Esa foi a súa proposta. ¿Quere a resposta do Bloque Nacionalista Galego? ¡Non! A resposta do Bloque Nacionalista Galego é non e voullo explicar.

Hoxe comezamos o pleno, creo que foi o único momento de consenso, de unanimidade, –¡faltaría máis!– cun minuto de silencio lembrando ás vítimas da catástrofe no Xapón. No Xapón, señoría, están afrontando unha tripla catástrofe: primeiro, un terremoto; despois, un tsunami; agora, unha grave situación provocada por esa enerxía nuclear que o seu partido defende. Pero á parte da catástrofe en termos humanos, tamén é unha catástrofe en termos económicos. Xa hai avaliacións que falan de que a catástrofe supón un 8%, os danos provocados un 8% do PIB xaponés. Diante desa situación o Banco Central do Xapón acaba de pór en circulación 131.000 millóns de euros, é dicir, 18 billóns de yens. A ninguén lle pasaría pola cabeza que nunha situación de emerxencia o Banco Central Xaponés, o Goberno xaponés dixera: non, agora temos que recortar o gasto público, que tire o consumo privado, que resolva a

sociedade por si soa o seu problema. Pero, ¿iso é o que están facendo vostedes! (*Aplausos.*)

Salvando as distancias, afortunadamente en Galiza non temos a actividade sísmica do Xapón, pero temos unha catástrofe maior que se chama Núñez Feijóo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Temos unha catástrofe maior que se chama Núñez Feijóo. Mire, salvando as distancias, tamén estamos nunha situación crítica no noso país, nunha situación crítica. Se para vostede non é unha situación crítica que haxa 300.000 demandantes de emprego no noso país, ¿que é para vostede unha situación crítica? Se para vostede non é unha situación crítica que haxa 275.000 persoas nas listas de espera sanitarias, máis xente e máis tempo de demora que hai un ano, dígame se iso non é unha situación crítica; xa digo, salvando as distancias, e afortunadamente non estamos na situación do Xapón.

Pero nesta situación, señoría, na que o consumo privado se retrae, na que o investimento privado non actúa, na que as exportacións seguen nunha tónica de atonía, non dan reaxido; se nesta situación a súa proposta é: pois entón que se retraia tamén o consumo do sector público, que se retraia tamén o investimento público, ¿cal é a consecuencia de todo isto, señor Feijóo? Non fai falta ser catedrático en economía, a consecuencia é recesión, a consecuencia é máis crise, máis recesión, por máis tempo. Non o digo eu, cadro macroeconómico dos orzamentos da Comunidade autónoma de Galiza para o ano 2011, aportación das administracións públicas ao PIB galego, ¿sabe cal é? -1%. Iso é o que vai aportar vostede, o seu Goberno, no ano 2011, ao crecemento económico de Galiza. Pois esa é a súa política.

Eu díxenlle: déficit. Claro que nos preocupa o déficit, claro. A nós preocúpanos o déficit social, señor Feijóo, a nós preocúpanos que neste país teñamos o investimento medio por alumno universitario máis baixo de todo o Estado; iso preocúpanos e queremos resolver ese problema. A nós preocúpanos que neste país, en dous anos, vostedes rebaixaran un 20% de investimento en I+D+i; preocúpanos e queremos resolver ese problema. A nós preocúpanos, señor Feijóo, que haxa 600.000 galegos e galegas por baixo do limiar da pobreza. E non xogue coas cifras, cando falamos do limiar da pobreza estamos falando dun indicador relativo que é ao 60% da mediana da renda media de Galicia. O rendemento medio en Galicia nestes dous últimos anos desde que voste-

de goberna baixou; por tanto, hai menos persoas. Pode dicir, vostede, en termos relativos, o índice de pobreza baixou. Pero hai máis persoas, señor Feijóo, hai máis persoas, en termos absolutos, pobres, que as que había hai dous anos; e iso é o que vostede tamén ten que saber, e terá que darlles unha resposta. Dixo hoxe pola mañá: detrás dos datos hai persoas, hai problemas. Pois atenda as persoas e non as cifras, iso é o que lle estamos dicindo. Díxenllo pola mañá, díxenllo antes e repítollo agora: señor Feijóo, primeiro as persoas e logo a economía; primeiro as necesidades da xente e despois o dogma do déficit cero. (*Aplausos.*)

Pero claro, vostede, señor Feijóo, desde que goberna, incrementou a débeda en Galiza en 2.275 millóns de euros, a oficial; a encuberta, coa privatización de infraestruturas, hospitais e centros de saúde, son 1.500 millóns de euros máis. É dicir, case 4.000 millóns de euros en dous anos de goberno, esa é a súa débeda. (*Murmurios.*) Escoite, aquí non é a TVG, aquí podemos falar todos. (*Aplausos.*)

Mire, o que lle quero dicir é que vai vostede a 4.000 euros cada dous anos de goberno. ¿Que lle vai legar ao Goberno seguinte?, ¿Oito mil euros de débeda? Pero eu o que lle quero dicir é que o problema non é o que se gaste, senón en que se gasta e como se gasta; é dicir, unha familia pode endebedarse para comprar unha vivenda. ¡Home!, sería máis criticable que se endebedase para ir ao bingo ¿verdade? Pois vostede endebedou en 4.000 millóns de euros a economía galega degradando servizos públicos, degradando benestar dos galegos e, por certo, nos seus orzamentos, incrementando o gasto corrente e recortando o gasto social. Eses son os seus orzamentos, señor Feijóo, eses son os seus orzamentos. (*Aplausos.*)

E mire, conviría que non nos fixeramos trampas ao solitario. Vostede dixo pola mañá: é que o Goberno bipartito incrementou en 14.000 os empregados públicos. Sabe que é falso, non. ¿Sabe que é isto, señor Feijóo? ¿sabe que é isto? Non, non dea así coa cabeza, como os canciños dos coches. (*Risos.*) ¿Sabe que é isto? Isto é Xunta de Galiza, unha resposta do Goberno a unha iniciativa do BNG. ¿E que é o que facemos? Estamos na oposición e preguntamos. Nesta iniciativa, nesta resposta, vostedes o que din é: funcionarios, ano 2005, 44.984; ano 2009, 46.477; a diferenza son 1.493 funcionarios máis. Escoite, escoite. Non, non, isto está aquí. Laborais: ano 2005, 10.097; ano 2009, 10.955; diferenza,

858. ¿Sabe onde está o maior desfasamento? Voulle explicar cal é. Persoal estatutario no Sergas: ano 2005, 25.428; ano 2009, 30.389; unha diferenza de case 5.000, 4.800. Pero, ¿sabe de onde vén esta diferenza, señor Feijóo? Vén de integrar o persoal das fundacións que vostede quebrou, as fundacións que creou vostede, (*Aplausos.*) que houbo que metelos no Sergas; aí está a diferenza. ¿Quen xestiona ben, señor Feijóo? ¿E quen fai un uso eficiente do diñeiro dos galegos? Desde logo, vostedes non. E xa lle podemos dicir a Baltar e a Louzán –temos aquí un emisario privilexiado– que vostede se desentende do que fan nas deputacións provinciais; vostede desenténdese.

E mire, deputacións provinciais, ¿quere unha proposta? Elimine as deputacións. Mañá vai poder votar unha proposta do BNG nese sentido, ¿que van votar? Suprimindo as deputacións provinciais, señoría, aforrariamos cada ano en Galiza 400 millóns de euros en eliminar un posto de traballo. Meta o seu persoal nos concellos, meta o seu persoal na Xunta; aforrariamos 400 millóns de euros, que eses si se poden investir na sanidade, en educación, en servizos sociais, onde queiran. ¿Que estamos no Goberno das deputacións provinciais? Home, mentras existan... Vostedes votaron en contra do título oitavo da Constitución e están presidindo esta Comunidade Autónoma (*Aplausos.*) Pois, ¿que quere que lle diga?, ¿que quere que lle diga, señor Feijóo?

E mire, rexeneración da vida política. Dixo vostede hoxe pola mañá: os principais responsábeis de que os cidadáns perciban os políticos como un problema somos os políticos. Algúns políticos, señor Feijóo; hai esperanza, non todos somos iguais. Non, claro que non, por suposto que non. Pero nós xa coñecemos esta táctica do Partido Popular. Cando foi do *Prestige*, ¿lembran vostedes? A culpa é dos políticos. Non, a culpa era de Fraga na Xunta e de Aznar no Goberno español, (*Aplausos.*) non dos políticos, era dos gobernos do Partido Popular. E agora que o Partido Popular está enlameado na corrupción, chégalle até as orellas, señor Feijóo, case non dan respirado, entón, o problema é de todos os políticos. Non, non, o problema da Gürtel é seu, o problema da manipulación informativa é seu, o problema dos chanchullos nas oposición á Xunta é seu, non é de todos os políticos. Os erros son seus e vostede terá que depurar responsabilidades e traer solucións a este Parlamento. E cando nos ofrece acordos, cando xa non ten credibilidade ningunha, a lóxica é a mesma: como non ten ideas, como é un goberno esgotado,

como non ten proxectos, acordos. Non, vostede traía os proxectos ao Parlamento e falaremos sobre eles. É que neste Parlamento fomos tan xenerosos, señoría, que aprobamos por unanimidade un acordo contra o transfuguismo, o mesmo día en que vostedes estaban facendo unha moción de censura con tráfugas no concello de Folgoso do Caurel (*Aplausos.*) ¿Que acordos quere, señor Feijóo? ¿Que acordos quere? É que non está á altura.

E mire, pagos aos provedores. Vostede xa recoñeceu que, de 30 días, nada. Voulle dar outro dato: hospital de Valdeorras, material cirúrxico, exercicio pechado para pagar os provedores en xullo do ano 2010; levan oito meses sen pagar –marchou a señora Farjas, non me estraña–. O que lle están dicindo é que a ver se nun ou dous meses podemos resolver as cousas.

E mire, concurso eólico. Home, a verdade é que vostede perde moitas ocasións para calar. Di: É que agora se publica no BOE. Non, vostedes o que fixeron foi unha rolda de prensa, ¿lembra?, o conselleiro Guerra, o señor Tahoces. ¿Que día foi, señor Guerra? ¿O 19 de novembro, verdade? Un venres, si, foi o 19 de novembro, están os notarios da historia –como dicía vostede aquí– para atestigualo. ¿Sabe cal é a data –aquí está– da proposta de resolución da comisión avaliadora? 22 de novembro. A verdade é que vostede si que debe ter dotes de pitoniso; é dicir, ¿había información privilexiada, señoría? 22 de novembro, a proposta de adxudicación, e vostedes fan a rolda de prensa anunciando o resultado o día 19, ¡magnífico! Pero voulle dicir outra cousa: ¿como é que vostedes valoran un proxecto industrial –comercialización de bombas de calor– que contempla de custo salarial por traballador ao ano 3.571 euros; é dicir, un salario mensual –sen pagas extras, iso non– de 297,5 euros ao mes? E vostedes valoraron este proxecto industrial. ¿Son estes os postos de traballo que vai crear, señor Feijóo?, ¿son estes os postos de traballo que vai crear o seu plan eólico? (*Aplausos.*) Porque, de verdade, se son estes, eses son os que non fan falta neste país.

E mire, imos fartos –vostede non ten a palabra, señor Guerra, cale a boca–...

A señora PRESIDENTA: Señor Aymerich, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Imos fartos, señoría, imos fartos neste Parlamento, de escoitar as súas prédicas sobre a

familia, as súas homilias sobre a familia. ¿Sabe cal é a realidade? Acollemento familiar, 146.000 euros no ano 2011; para acoller os nenos, 146.000 euros. A súa política é metelos en institucións, está claro. Axuda a familias con fillos a cargo, reduciron de 5 millóns a 2.700.000 euros, esa é a súa política de axuda á familia. ¿Que di vostede que incrementaron a risga? A risga está conxelada desde o ano 2009. ¿E di vostede que incrementaron as axudas de emerxencia social? Conxeladas desde o ano 2009. ¿Sabe que fixeron coas axudas dos afectados pola sida, coas axudas ás casas de acollida que organizacións non gobernamentais xestionan? Había 60.000 euros –era moitísimo tamén, están en contra da cultura da subvención– no ano 2011; este ano, cero. O que lles está dicindo é: teñen que buscar por outro lado.

Remato, señoría. Falou vostede das caixas. Mire, esta é unha fotocopia dun libro publicado no ano 2009 asinado, entre outros, por Luís de Guindos, Vicente Martínez Pujalte, Jordi Sevilla... Bueno, non hai ninguén do Bloque. Na conclusión 16, dise (*Risos.*) –si, non, sabemos escribir, pero non–...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Bueno, supoño que me contará o tempo. Grazas.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: A conclusión 16 di o seguinte: “A crise financeira puxo definitivamente sobre a mesa” –leo en galego– “un proceso que viña facéndose necesario, como é a reestruturación das caixas de aforros. O modelo non debe ser unha caixa única por comunidade autónoma, a modo de instituto de crédito rexional vinculado ao Goberno autonómico”. Xa no ano 2009 esta era a súa posición, a posición do seu partido en Madrid. Está resultando todo moi coherente.

Nós seguimos onde estabamos, queremos unha caixa galega, unha caixa solvente. Para nós, os requisitos de solvencia e galeguidade son inescusábeis; pero dígolle máis –e xa remato, señora presidenta– os requisitos de solvencia e galeguidade son inescusábeis para a caixa e son inescusábeis para o presidente do país. E lamento ter que dicirlle, señor Feijóo, que vostede non cumpre ningún destes requisitos, nin solvencia nin galeguidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor presidente, abre vostede un novo modelo de debate do estado da Autonomía, abre un modelo no que por primeira vez temos un goberno de oposición. É unha figura difícil de explicar pero, se ben durante a súa intervención da mañá pasou a maior parte da súa intervención botándolle culpas a Madrid, na súa réplica da tarde pasouna botándolle culpas ao Goberno anterior do bipartito. É dicir, aquí todo o mundo ten culpa menos o que goberna Galicia. E é curioso, señor presidente, a facilidade que ten vostede para ir trastocando os datos que temos e ir falando de intanxibles. Vostede é o especialista en intanxibles.

Vostede, cando fala do sector eólico, fala de transparente. Mire, por agora imos deixalo en invisible. É un sector, un plan, que, por agora, aínda está todo pendente de ver como sae. Cando fala de 14.000 empregos... Imos falar dos 14.000 empregos, do Plan eólico. No debate do ano que vén a ver onde están; e xa me contará vostede se atopará a quen botarlle a culpa, señor presidente. Vostede fala da Lei de augas, e ten razón dicindo que non se vai poñer en vigor, de momento, ata que pasen as eleccións municipais; (*Aplausos.*) cando pasen as eleccións municipais votedes o que si van aplicar é un canon que vai multiplicar nun 140% o que significa o custo da auga, a pesar de ter a curiosa situación dun conselleiro que subiu a esta Cámara e prometeu solemnemente que nunca aplicaría a lei que acababa de aprobar. Cando non se quere poñer en marcha unha lei, o que se fai é que se cambia a lei ou se retira a lei. Se quere ter credibilidade, no próximo Pleno teno moi fácil, anule vostede a Lei de augas e diga de verdade que consensuemos entre todos unha nova lei de augas. O resto é prestidixitación, é enganar a xente e crer que lle di unha cousa por outra.

Mire, señor presidente, está vostede empeñado en que lle diga que imos facer coa Lei de disciplina presupostaria.

¡Home! o normal, o primeiro, sería lela. Pero voulle facer un acordo máis xeneroso: se vostede se compromete a anular a licitación público-privada nos sistemas básicos de educación, sanidade e dependencia, podemos chegar a un acordo. *(Aplausos.)* Podemos chegar a un acordo que reduza claramente ese modelo e que vaíamos cara adiante.

Señor presidente, vostede cando fala de dependencia, cando fala de sanidade, sempre está facendo o xogo de a ver onde están os datos. Moi fácil, en dependencia incrementamos, en xaneiro e en febreiro, vinte veces menos os atendidos que en toda España. E imos na metade de atendidos en dependencia en Galicia que na media de España. E despois manexa vostede como queira ese tema.

Mire, escoitamos unha réplica con atención. Dixemos: non hai propostas que saquen adiante este país na primeira intervención, tenas que haber na segunda. Non, na segunda só cambiamos buscando a quen colgarlle o morto, a quen colgarlle as responsabilidades. E vostede incluso me parece que empeza a ter unha certa coherencia. Porque voulle recordar que, no debate do estado da Autonomía do ano pasado, se incumpriron o 80% das resolucións acadadas neste Parlamento, soamente o 80%; por certo, unha delas que se chamaba un acordo de todos os partidos para un plan de reactivación económica e promoción do emprego. Total, nada; total, un tema sen importancia que foron incapaces de abordar.

Vostede, cando fala do servizo a Galicia e cando pregunta onde estaban os socialistas nisto das caixas, mire, nós no mesmo sitio. Vostede, ao mellor, tería que explicar aquí –vostede ou a conselleira de Facenda– que foi daquela carta que lle ían mandar ao señor Gayoso para mandalo para a casa cun informe xurídico. E acabaron poñendo o señor Gayoso presidente de Novacaixagalicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a coherencia que manteñen vostedes neste tema.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: E xa que vostedes queren falar de caixas, vostede levou un traballo ímprobo, enredando o modelo, e voulle dicir como acabaron. Empezou hai un ano cunha caixa que era a quinta de España e a outra era a novena de España, e no último *ranking* do Banco de España sae que Novacaixagalicia está de última, no posto corenta;

eses sonlle os datos, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Para esa viaxe escusaba levar tanto traballo, para chegar a colocar a Novacaixagalicia de última, onde o tipo de necesidades é de 4,8 puntos sobre 10, practicamente un 96%. Non sei de que se sente vostede tan orgulloso.

En todo caso, mire, nós estamos para traballar con vostedes, pero hai unha cousa que terá que empezar a entender, señor presidente, hai as mesmas regras para todos. ¿E como é posible que coas mesmas regras o resto das caixas españolas, polo menos as máis importantes, non tiveron nin teñen ningún problema especial para resolver a súa situación? E, curiosamente, coas mesmas regras para todos, nós imos de últimos e con tremendas dificultades. Seguro que o tema é moi complexo, señor Feijóo, pero pare de nadar río arriba. Ao mellor, se nadamos río abaixo, andamos un pouco máis. ¿E que é nadar río abaixo? Nadar de acordo co sistema financeiro nacional, nadar de acordo con todos os sistemas que están traballando neste país. *(Aplausos.)*

Mire, a vostede non lle gustaba nada; “Oia, ¿como que non falamos de emprego?”. Ten algo de razón, vostede falou moito do emprego, pero para botarlle as culpas do desemprego a todo o mundo. Do que non é vostede capaz de falar é de como sacamos adiante este país e poñemos en marcha políticas activas de emprego. Mire, vostede confunde o autogoberno co confrontamento, vostede entende que autogoberno é empeñarse en tomar decisións unilaterais sen ter en conta o marco xeral no que se toman esas decisións; vostede ten que recordar que o autogoberno de Galicia é a ferramenta máis útil para afrontar os problemas e a situación económica de Galicia. Pero permítame que llo recorde, para que quede constancia nesta sala: vostede é o responsable único de que nos últimos seis anos Galicia non reformase o seu Estatuto de autonomía; *(Aplausos.)* catro anos, cando era oposición, e dous anos, cando é Goberno. Ademais –aínda lle queda un turno de intervención–, diga que día, a que hora, o Parlamento galego comeza a reforma do Estatuto, entre todos; marque un día. Xa enganou dúas ou tres veces, e vostede hoxe ten unha oportunidade de ouro para dicilo.

Nós, desde o Grupo Socialista, queremos poñer en marcha medidas, queremos propoñerlle acordos. Nós non temos hora e media para degrañar a primeira intervención, pero ímosllo dicir agora: medidas para reducir a taxa de desemprego, para dinamizar o sector industrial, para avanzar na

investigación e apoiar os sectores estratéxicos, para modernizar as infraestruturas e aproveitar as que está poñendo en marcha o Estado, para que fagamos entre todos un efecto multiplicador sobre a economía de Galicia. Vostede o que está facendo é, en vez dunha economía produtiva e dinámica, levar a Galicia outra vez a unha dependencia económica e a unha dependencia de subvencións; vostede segue escapando da política galega. E nós queremos hoxe, aquí, propoñerlles a vostedes que neste momento fagamos puntos de encontro e acordos. ¿E sobre que queremos propoñerlle puntos de encontro e acordos? Sobre o problema que teñen os homes e mulleres deste país, que é atopar emprego, que é sacar adiante un modelo, e onde temos que marcar o rumbo. Se vostede di que lle vale, a nós tamén.

Propoñémoslle grandes acordos en emprego. ¿E que acordo lle propoñemos? O primeiro, deixe de dicir que non ten competencias, o primeiro iso. Segundo, poñamos en marcha un plan urxente de reactivación económica e de emprego con medidas efectivas para o fomento do emprego; reorientemos as políticas activas de emprego que ten a comunidade e poñámolas en marcha; reorientemos a contratación de xente moza, incentivémola; fomentemos a contratación de mulleres con incentivos económicos. ¿E en que lle propoñemos outro acordo, señor presidente? No que recomenda Europa: un acordo polo coñecemento, investindo en I+D. ¿Fundamentalmente en que? Nun plan de consolidación de emprego nas unidades de I+D+i do sistema universitario de Galicia; en incrementar a dotación de fondos para investigación e innovación, en participar sen ningún tipo de pudor na estratexia estatal de innovación e nun acordo co Ministerio de Ciencia. ¿E en que máis lle propoñemos un acordo? En algo no que teríamos que estar todos unidos sobre o futuro da nosa enerxía, que o marcan tamén as propias direccións, aprobando, por primeira vez en Galicia, unha estratexia de aforro enerxético que xere oportunidades e produza aforro de enerxía; en aprobar un plan específico para potenciar os programas de I+D+i na aplicación de enerxías renovables e de eficiencia enerxética. Por aí é por onde van os tiros. E, seguramente, deberían de comprometerse, señor Feijóo –vostede e o conselleiro–, a traer ao Parlamento o seguimento do cumprimento dos plans de industrialización derivados do concurso dos parques eólicos.

Falemos da terceira gran liña que se marca nas directrices europeas de educación, e facémoslle unha proposta,

asuma publicamente o compromiso de devolver o dereito á gratuidade universal dos libros de texto neste país. (*Aplausos.*) Gastan máis e non temos dereito á gratuidade, ten que entrar niso. Pero, sobre todo, para saír desta crise é clave impulsar, no seo do Consello Galego de Formación Profesional, o segundo Plan galego de formación profesional, absolutamente necesario para levar adiante un novo modelo de país. Comprometámonos, pero de verdade, sen facer trampas no cálculo, a facer achegas autonómicas ata o 2015 para alcanzar nas universidades o 1% do PIB da nosa economía; pero non manipulando nin variando os modelos de cómputo, senón co sistema homologado que temos en toda España. Apoíemos os proxectos de excelencia das universidades galegas, incrementemos as becas e bolsas de estudo para a investigación, recuperemos o consenso encol da lingua galega no ensino non universitario e poñámonos de acordo nese tema. (*Aplausos.*)

E, por último, señor presidente, traballemos no quinto pilar fundamental, que é a loita contra a exclusión social. Fagamos diso un elemento de xustiza social e un propio xacemento de emprego; establezamos un sistema de protección social para os traballadores e traballadoras de Galicia que se atopen en situación de desemprego e que xa esgotaron as prestacións; garantamos os servizos públicos esenciais e os servizos sociais que van ser universais, públicos e gratuítos. Por favor, señor presidente, non perda esta terceira oportunidade, ao longo do día de hoxe, de dicir nesta tribuna que non vai haber copago de servizos, nin sanitarios nin sociais; poñamos en marcha plans de becas para desempregados e creemos un programa de bolsas que garantan que ningún fillo de proxenitores desempregados poida deixar os seus estudos. (*Aplausos.*)

En definitiva, señoría, vostedes falan de sacar adiante momentos difíciles. Neste momento está en marcha a reforma da política agraria común e a política pesqueira común; creemos grupos de traballo para ir a Bruxelas, no momento en que se está debatendo isto, e presentaremos aportacións autonómicas, en vez de laiarnos cando xa todo pasase. Agora é o momento de unir este país, agora é o momento de que todos nos xuntemos e de que saquemos solucións.

Presidente, señorías, é tempo de aportar solucións. Pero, señora conselleira, para as solucións non hai atallos, os atallos rematan, como no caso do sistema financeiro, na máis

completa incerteza; ou, como no caso do Catálogo galego de medicamentos, no Tribunal Constitucional. Aí é onde acaban os atallos. *(Aplausos.)*

E, señor presidente, vostede ten que saber que esa moratoria da que vostede falaba se fai cun acordo unánime no Consello Territorial entre todos os conselleiros de Sanidade. Por iso que non xoguemos máis a manipular. E vostede dicía que como médico; como médico o que lle pido é que deixen de confundir a sociedade, vostede e a conselleira. Xenéricos, si; catálogo que discrimina a Galicia, non. *(Aplausos.)* Esa élle a clave. ¿Como se pode explicar, conselleira, que a comunidade autónoma con maior consumo de xenéricos é a comunidade andaluza, que non fixo ningunha modificación do catálogo? ¿A quen queren vostedes enganar? Déixese de confabulacións de Farmaindustria contra nada. Hai un modelo, que é o dereito constitucional de todos. E vostede empeñouse, permanentemente, en transitar polos atallos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... na Lei de caixas, coándose. E ¿quen o para? Non o para o Partido Socialista, párao o Consello do Estado e o Tribunal Constitucional. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: E no catálogo, ¿quen os para a vostedes, conselleira? Páraos o Consello de Estado e o Tribunal Constitucional.

En definitiva, señorías, ¿queren traballar pola sanidade? Traballen e estaremos todos xuntos. ¿Queren poñer en marcha a iniciativa lexislativa, proposta polo Partido Socialista, para incentivar o consumo de xenéricos? Xuntos conseguiremos elevar o consumo de xenéricos. ¿Queren enganar a este país? Vostedes sós. *(Aplausos.)* Aí vano enganar vostedes sós...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato, señoría.

Señor presidente, dende o Partido Socialista de Galicia, en todos os ámbitos que teña que asumir vostede como res-

ponsabilidade, conte coa colaboración do Partido Socialista de Galicia... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... Si, si, pero non para enganar...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Vázquez.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Moitas gracias, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Si, si. Pero non para enganar a cidadanía, non para botar balóns fóra, non para agacharse, non para esconderse, non para escapar; para dar a cara e resolver os problemas de Galicia. Aí estamos cando vostede queira.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor Aymerich, como dicía o outro, gracias por facerme esta pregunta, porque vostede sabe que falar, para min, de Ribeira é un pracer. Pero hai unha diferenza, eu respecto os meus cidadáns e vou estar alí onde eles queiran. Agora, hoxe, voume moito máis tranquilo porque, co olfato que vostede ten, seguramente, ¿verdade?, todo o que eu dixen, todo o que vostede dixo, seguramente non se vai cumprir. De todas formas, xa lle digo que eu vou respectar o que queiran, pero vostede, de acertar, dificilmente o está facendo.

A min paréceme unha frivolidade que vostedes comparen, nin máis nin menos, nestes momentos, a situación de Galicia coa de Xapón, co sufrimento que está pasando, precisamente, aquela xente. E que vostede aínda diga que detrás dos datos hai persoas, home, pois, se hai persoas, podía vos-

tede ter un pouquiño máis de corazón e de alma e non nomear, precisamente, e comparar as situacións coas do sufrimento que están a padecer aquelas xentes.

Falaba vostede de macroeconomía e falaba, nin máis nin menos, de que o sector público descendera peso na economía ao 0,1. ¿A vostede que lle suxire ter 12.000 millóns de euros para gastar e que este Goberno teña 10.000? ¿Que lle suxire a vostede ter 2.000 millóns de euros menos? Pois, mire, é como o que vai á compra con 1.200 euros, como ían vostedes, e agora vai con 1.000. Pois ben, con 1.000 estamos comprando e traendo moito máis para os galegos do que vostede traía con 1.200. E, ademais, si se endebedaban, ¿pero sabe a diferenza? Vostede endebedouse para ir ao bingo. Aquí todo o que está facendo a Xunta de Galicia é, precisamente, blindando o gasto social, o gasto social que vostede puxeron en perigo. *(Aplausos.)*

E fala vostede dos beneficios de suprimir as deputacións. Home, en Lugo ían ter un bastante grande: tres coches oficiais menos; porque do Bloque o que o presidente non dixo de todo é que alí hai tres, dous son vicepresidentes con coche oficial e un é portavoz, que tamén o ten; polo tanto, están todos motorizados, e hai un aforro importante se logramos suprimir, cando menos, que o Bloque estea na Deputación de Lugo.

Falando de *holdings*; se quere, eu fállolle de Carrumeiro. A verdade é que vostedes o fixeron famoso. É un nome que, de verdade, tanta publicidade como lle fixeron vostedes a esa empresa, a ese *holding* nacionalista, dificilmente llo imos poder facer nós.

E cando falan... ¿Acórdanse do seu contrato cos cidadáns, o que firmaron cos seus amigos socialistas? ¿Acórdanse de que ían democratizar as caixas? ¿Por que non o fixeron en catro anos? ¿Por que precisamente aquí, que se apoiou a renovación das caixas, os seus amigos socialistas, que ían democratizar as caixas, o recorreron no Tribunal Constitucional? ¿E sabe que, ademais, señor Vázquez —entérese un pouco, que ler tampouco é malo para a xente—, *(Murmurios.)* o Tribunal Constitucional levantou, nin máis nin menos, esa suspensión da renovación, que aquí os únicos que a puxeron en perigo, precisamente levándoa ao Tribunal Constitucional, foron vostedes? É que, por favor, parece mentira que con tal alto cargo haxa tan pouca información.

E falaba vostede de intanxibles. Eu creo que quizais vostede, con iso de intanxibles ao que se refire é a saír pola tanxente; que iso é o que fan vostedes cada vez que o señor Rodríguez Zapatero e o seu Goberno prexudican a este país, a Galicia. Entón, vostedesde intanxibles, ¡bah! *(Aplausos.)*

A un xefe da oposición que tres meses despois de estar aprobado o Plan de financiamento universitario nos pide que cheguemos a un plan de financiamento universitario, explicarlle agora que a Lei de augas está en vigor, pois igual tamén vai ser difícil; pero está en vigor, señor Vázquez. E mire, os únicos que se teñen que preocupar son os que non fagan un bo uso do consumo. E vostede, como é responsable, supoño que ha de ter un consumo moderado e, polo tanto, non se ten que preocupar. Pero o que faga mal uso do recurso público, entón si se preocupará. Se se me pon colorado é que igual non o está facendo, vostede saberá, *(Murmurios.)* pero o que o faga non ten por que preocuparse. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, non me diga iso porque o señor Vázquez fala de incumprimento de lei. ¡Home, tamén que sexa precisamente o señor Vázquez, a verdade é que a este portavoz...! *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. *(Aplausos.)*

O señor RUÍZ RIVAS: ¿E non se enterou...?

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS:... ¿Non se enterou vostede das propostas deste grupo e do señor presidente? Mañá terá ocasión de lelas e de telas na man. Máis de trinta propostas. O que estamos botando en falta son as súas. Eu xa dixen que o que fixeron agora... Bueno, agora fixeron como cando un empeza a ler o libro: “*principios generales, más investigación, más no sé que*”. Claro, iso, mire, déixense de dicir esas cousas porque despois, cando gobernan, baixan investigación, baixan fondos. Agora, principios xerais queda moi ben, pero o libro tamén hai que pasar polas páxinas unha vez que un xa deixa o que é o contido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, ¿se acuerda de aquilo de: Con la fusión nos sentimos cómodos? Díxoo el. *(Risos.)* E hoxe mire que propaganda lles fixo vostede a todos aqueles que queiran investir nas caixas, ou que as caixas están buscando fondos, e vai

vostede e menuda propaganda lle fixo hoxe ao sistema financeiro galego. ¡Norboa, home!, segue vostede boicoteando a posibilidade de que Galicia estea presente nun sistema financeiro no que, por dereito, lle corresponde; e iso é o que fixo vostede aquí. *(Aplausos.)*

E mire, ¿quen falou de copago?, ¿falou o señor Feijóo?, ¿falou o Grupo Parlamentario Popular? ¿Ou faláron os podadores oficiais? ¿Falou o señor Castell no Consello de Política Fiscal e Financeira? Foi o señor Castell o que dixo: Pues reducimos un poquito de quirófano por aquí, un poquito de asistencia por allá, ou se non copago. ¡Por favor! Aquí hai que ter un pouco de seriedade, que estamos diante dos galegos, e os galegos saben quen dixo iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E iso... Si, fue un progresista, hombre, fue un progresista. Lo que pasa es que el concepto progresista como solo pueden ustedes mantenerlo, pues eso, fue un progresista o que leva tempo recortando os dereitos sociais neste país. Por iso, ha de ser un progresista o que, dentro de pouco, ha de ser un expresidente do Goberno de España.

E mire, vostede, como médico, saberá distinguir medicamento e marca. A Xunta garante os medicamentos, garante os principios activos para curar, e vostede sabe distinguilo. Agora, se vostede o que me está dicindo aquí é que é o comercial das grandes multinacionais farmacéuticas, entón, norboa, porque lle fixo un gran traballo. Pero este Goberno non traballa para as multinacionais, traballa por facer sostible o sistema público de saúde. *(Aplausos.)*

6Eu creo que é hora de rematar, e creo que abondo se demostrou que este non é un goberno inactivo, senón que é un goberno que actúa; e actúa nunha situación complicada, e actúa collendo un país no que decrecía o seu PIB o 3,4%, e colle un país que creou 54.000 parados máis no seu último ano de goberno. Pois ben, nestes momentos, será pouco ou moito, pero a nosa comunidade deixou atrás a recesión, está crescendo un 0,1. E o paro, nestes momentos, destrúese emprego cinco veces máis do que vostedes, tan progresistas e con tan boas ideas, facían fai moi pouquiño.

E por iso este Goberno *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é fiable, porque este Goberno só gasta o que ten; e este é un goberno austero, é un goberno que prioriza e, ademais, é un goberno que lles vén dicir a todos os cida-

dáns que nós non queremos ser como a cigarra socialista, que queremos ser formigas. E, incluso cando vaia ben, temos que dedicar, nin máis nin menos, o aforro a reducir a débeda. E estámolles dicindo que non podemos seguir vivindo por encima das nosas posibilidades. E estámolles dicindo á xente que nos escoita que nunca xogamos na *Champions League*, que Pasarón era Pasarón e que nunca foi Wembley; e que agora estamos na realidade, na realidade das cousas, esa na que vostedes quixeron dicirlles aos galegos que era Wembley e o que conseguiron foi que ao final tiveramos que pagar o estadio, e ese estadio válenos 2.650 millóns de euros que temos que devolver. Vostedes son os que teñen que dar contas de onde meteron eses cartos, de onde meteron tantos e tantos miles de millóns que este Goberno non ten, que vostedes tiveron; cando, se miramos, nin máis nin menos, o gasto social deste Goberno, cando miramos, nin máis nin menos, que abrimos 1.700 novas prazas de escolas infantís, 2.000 de prazas de maiores, 550 prazas públicas de discapacitados, 70 quilómetros de vías de alta capacidade ou máis de 200 en construción, ¿que estiveron facendo vostedes, á parte de discutir, durante catro anos?, ¿que estiveron facendo? Porque os galegos foron o suficientemente observadores como para dicir: con catro basta; e con catro anos bastou, e están na oposición, que é onde lles correspondía, por ter enganado este país durante catro anos facendo e querendo vivir como novos ricos cando viñan malos tempos. Vostedes non o souberon ver e agora seguímolo pagando todos. *(Aplausos.)*

Por iso este Goberno si ten xestión. E, nesa xestión, este Goberno é garantía da prestación dos servizos públicos. E mentres o seu Goberno –o progresista– esquece os desfavorecidos, nega os recursos para atendelos, conxela as súas pensións, atrasa a idade da mesma, suprime axudas aos parados e suprime o cheque bebé, este Goberno fai todo o contrario: aumenta o Plan concertado, ten destinado máis de 73 millóns neste último bienio e 40 millóns para este ano 2011.

Pois ben, á parte diso, ¿sabe o que facemos? Dedicámonos aos que temos que dedicarnos. E os gastos son os produtivos, e os gastos están, precisamente –e as nosas accións–, dirixidos para impulsar a nosa economía. E iso tradúcese en medidas concretas para os nosos sectores produtivos, nun territorio ordenado, cunha débeda que tiñamos con este país na ordenación do seu territorio, coas Directrices e co POL, xa superada; cun Igape que ten feito moitísimo máis

do que vostedes tiñan feito neses catro anos, aumentando as súas axudas nun 50%, os avais nun 60% e máis de 400 millóns dedicados a circulante, e que as axudas medias sexan de 60.000 euros e non dun millón e pico como con vostedes; porque a vostedes, que son os adais da defensa da pequena e mediana empresa, despois cando chega o momento, esas cifras contradínos.

E, por último, somos quen, con PPI, con pago aprazado, co que sexa, de que este país non quede, precisamente, parado nas súas inversións. E temos un Plan MOVE, e temos en movemento o dobrar neste país o número de camas para poder atender a nosa xente.

Polo tanto, aquí temos un goberno serio e responsable, un goberno que é consciente das dificultades. E no resto, ¿que temos? Una oposición de aí, aí.

Nada máis. Moitas gracias a todo o mundo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra, para pechar o debate, o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, para pechar este debate do estado da Autonomía permítanme, en nome do Grupo Popular, que agradeza o traballo durante tantos anos no Parlamento galego ao voceiro do Partido Popular, que, voluntariamente, decide someterse ás urnas en Ribeira. Quero agradecer moi especialmente a Manolo Ruíz a súa aposta por Galicia, e estou convencido de que Ribeira, unha parte máis de Galicia, formará parte do seu compromiso coa globalización da comunidade autónoma, con esa idea de que Ribeira é Galicia e Galicia, Ribeira. *(Aplausos.)*

Señoría, como vostedes saben, nós despedimos os portavoces como corresponde, *(Risos.)* agradecéndolle o seu traballo e despois dunha decisión voluntaria de abandonar os labores da Cámara; e por iso llo agradecemos como corresponde ao voceiro do Partido Popular. Moitísimas gracias. *(Aplausos.)*

Señor Aymerich, ¿non terá crítica que facer?, ¿non terá mellor comparación que frivolar coas decenas de mortos

de Xapón? ¿Non ten ningunha outra comparación para referirse ao presidente da Xunta que frivolar coa maior catástrofe que recordamos no século XXI? ¿Non hai ningunha outra posibilidade? Comprendo, señoría, que non atopa notoriedade pola vía da proposta, e probablemente lle interese a notoriedade pola vía da estridencia. Ese é o seu problema, señoría. Eu sempre o respecto e o respectarei como voceiro do Bloque Nacionalista Galego, estea onde estea.

Señoría, da desafección política, que é un feito contrastado, vostede rise. Creo que hoxe vostede non fixo un gran servizo para devolverlles o respecto ás institucións. En todo caso, señoría, alá vostede. Nós nunca utilizaremos o insulto contra ninguén, e moito menos contra un goberno democrático e o seu presidente, elixido por esta Cámara. *(Aplausos.)*

Señoría, hai unha diferenza entre as saídas do presidente da Xunta actual e as dos membros do Goberno anterior. As saídas do presidente da Xunta actual, cando vai para facer actos do partido, págaas o partido, nunca a Xunta de Galicia. Como vostede sabe, iso non ocorría, e, como vostede sabe, hai cargos que mesturan as inauguracións das obras da súa competencia cos mítines do seu partido. Hai cargos, señorías, que utilizan os avións e os coches oficiais... *(Murmurios.) (Interrupcións.)* Hai cargos, señorías, que utilizan os coches oficiais para ir aos mítines... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... o presidente da Xunta non o fai, señoría...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Perdoe, presidente. *(Murmurios.) (Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. Señor Losada, usted es el portavoz. Por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vexo que algúns cargos...

A señora PRESIDENTA: Perdoe, presidente. Perdoe presidente. Perdoe, espere un momento.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Gracias, señora presidenta.

Señorías, se o presidente da Xunta utiliza o seu coche para ir aos mítines terá que dar explicacións. Gustárame que en todos os gobernos se asumise ese mesmo compromiso.

Quero volver deixar claras as débedas de Galicia, porque é fundamental señoría. Porque eu creo que vostede, igual ca min, temos que respectar os intereses do país e, sobre todo, o valor da verdade.

Os datos do Servizo Galego de Saúde no pago medio de facturas durante o ano 2010 foron de 71,35 días –doulle os decimais–, pero o 89,7% do total do Sergas págase en 54,8 días. Si, señorías, si. Claro que si. E por suposto que revisarei os datos que vostede me remite do Hospital comarcal do Barco de Valdeorras, por suposto. Pero, se iso é así, ¿por que vostede insiste en desprezar unha gran oportunidade que temos para acreditar que a Administración autonómica galega é solvente? Pero, ¿non se dá conta de que iso é malo para Galicia? Se os datos son correctos, ¿por que vostede intenta ser, efectivamente, o axente comercial de Fenin? Comprendo que a súa señoría non sabe o que é Fenin, son os datos que vostede deu. Supoño que terán tempo de explicarllo, pero son os datos que vostede trouxo a esta tribuna. Por suposto non son a totalidade dos gastos sanitarios, senón a totalidade dunha federación que prové determinados servizos ao Servizo Galego de Saúde, pero non a totalidade dos gastos do Servizo Galego de Saúde. Non confundamos a parte co todo, porque estamos facendo un mal servizo ao interese da sanidade pública.

Señoría, de momento o Servizo Galego de Saúde é solvente, paga as facturas. Despois de Navarra e o País Vasco, Galicia está moito mellor ca o resto das comunidades autónomas, e pagando por debaixo dos 45 días, que é o compromiso de Europa no ano 2013. Polo tanto, estamos facendo un gran esforzo, e pódolle asegurar que nos custa moito, e creo que iso vostede debería de aceptalo, porque é fundamental. Seguiremos falando, sen dúbida, da débeda.

Mire, permítame, comprendo que vostedes non levaban esta parte no Goberno, pero probablemente, se vostedes soubesen isto, ao mellor o gasto na lexislatura anterior fose doutra forma. Miren, no ano 2006 a Xunta de Galicia, o

bipartito, recibiu 391 millóns de euros adicionais polo que fixemos no ano 2005 cando fixemos o presuposto. No ano 2007, 566, no ano 2008, 585. ¿Sabe cantos fondos adicionais recibiu Galicia? Recibiu 1.500 millóns de euros, que gastaron, e ademais gastaron 1.600 millóns de euros máis. A pregunta é, ¿que fixeron vostedes con isto? Vólvoa reiterar, non nolo dixeron aínda. ¿Por que non fixeron o hospital de Lugo? ¿Por que non fixeron o hospital de Vigo? ¿Por que non acabaron o equipamento do hospital de Lugo? ¿Por que non deixaron máis que 5 millóns de euros na depuradora de Vigo? ¿Por que non melloraron as rías do país? ¿Por que non fixeron o desdoblamento das autovías que tiñamos comprometidas? ¿Por que, señoría, non puxeron a banda larga en Galicia para poder competir? ¿Por que, señoría, non acabaron as autovías con 1.500 millóns de euros recibidos a máis, e 1.600 millóns de euros gastados a máis? Esa é a pregunta que aínda non está contestada, señoría, e creo que merece a pena facer unha reflexión ao respecto.

Mire, señoría, xa lle falei da débeda. Vostede sabe, igual ca min, que a débeda consolidada da Xunta de Galicia e o sector público empresarial está no 11%, España está no 11,8%, e cando estaba gobernando o bipartito estaba no 11,2%, gastando 1.500 millóns de euros dos fondos adicionais, deixando a deber 2.600 millóns e cunha porcentaxe de débeda en termos homoxéneos co resto das comunidades autónomas por riba da que temos hoxe. ¿E vostede di que estamos gastando? Señoría, ¿en que quedamos? Temos que poñernos de acordo polo menos nos datos, e despois cada un que plantexe o que considere oportuno.

Mire, señoría, sobre a TVG, é que vostedes teñen 11 sentencias da Xunta Electoral polo tratamento incorrecto da TVG durante a campaña electoral do ano 2009; 11 sentencias da Xunta Electoral por utilizar a TVG en contra da equidade e do equilibrio entre os partidos políticos durante a campaña electoral do ano 2009. ¿Que me vén vostede aquí falar? Señorías, vostedes teñen unha propia historia na TVG que eu non quero lembrar, pero que está no *Diario de Sesións*.

No libro *Universidade en cifras, 2010*, Galicia está na sexta posición no gasto por universitario. Supoño que este libro Universidade 2010 estará ben feito. É o último dato que temos neste momento.

Sobre a sanidade, ¿por que volvemos outra vez intentar confundir? Namentres sexa presidente do Goberno da Xunta non se van privatizar os servizos sanitarios. (*Aplausos.*) Miren, señorías, a sanidade pública galega é cen por cen pública; os hospitais públicos galegos son cen por cen públicos, os centros de saúde son cen por cen públicos. Señorías, a única diferenza é que, cando vostedes gobernaban, falaban moito e construían maquetas, e agora nós falamos menos e construímos hospitais; esa é a gran diferenza entre un Goberno e outro Goberno, señoría (*Aplausos.*), a gran diferenza.

Señorías, claro que imos, señor Aymerich, debater sobre o incremento do capítulo I da Xunta de Galicia, claro que si, e se temos algunha cifra incorrecta, rectificaremos. Pero xa lle anticipo, as súas son absolutamente incorrectas, as súas son absolutamente... (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Señoría, vostede pregunte, e, en función de como pregunta, respóndeselle. (*Murmurios.*) Pero se vostede me quere dicir o número de nóminas –que é como se pregunta, señoría–, non me pregunte vostede o número de médicos nin o número de profesores, non, non, o número de nóminas que pagaba a Xunta de Galicia no ano 2005 e no ano 2009, sorprenderalle, sorprenderalle. (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Si, señor, si...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, en Seaga, por exemplo, dado que hai algún deputado que ten moito coñecemento na sala, 1.181 nóminas máis en Seaga, só Seaga. No Consorcio do Benestar, 1.125 nóminas máis. Só esas dúas, para que despois sigamos falando das decenas nas que se incrementou a nómina en catro anos. ¿Sabe cantos funcionarios públicos e empregados públicos foron transferidos polo Estado a Galicia durante catro anos? 380. Todo que pase de 380 é evidente que é incremento de persoal, e imos ver onde: na Administración xeral, nos docentes, nos sanitarios, na xustiza... Si, si, en todos, centenaes, miles, máis de 10.000. E imos dar os datos para que quede claro sobre como se incrementa o gasto público simplemente deixando a deber.

Señoría, o problema seu eu comprendoo: é que vostede apoiou esas políticas durante os cinco anos de cohabitación. Si, señoría. Vostedes apoiaron todas as medidas de expan-

sión de gasto e de descontrol, e agora a vostedes non lles queda máis remedio que mirar para outro lado, e iso é moi difícil. É moi difícil, despois do que fixeron, agora virar e dicir outra cousa.

¿Pero non se dá conta de que vostedes lle fan manifestacións ao partido co que gobernan? ¿Pero non se dá conta de que esta fin de semana percorreron as rúas de Compostela cunha gran pancarta en contra do Partido co que goberna en Compostela? (*Aplausos.*) ¿Pero non se dá conta de que os galegos son moito máis intelixentes que todo isto, señoría?

Mire, señoría, vostedes apoiáronlle ao Goberno a devolución dos 400 euros que agora se suprimen. Vostedes aprobáronlle ao Goberno o Plan E, 15.000 millóns de euros, que se deixou a deber na súa totalidade. Vostedes apoiaron ao Goberno para incrementar os traballadores públicos e simultaneamente reducir cinco puntos a masa salarial de todos os traballadores públicos. Por iso, señoría, comprendo que vostedes queiran borrar prematuramente a súa traxectoria, pero iso ten un tempo, e, sobre todo, ten un plantexamento de honestidade e de coherencia. Se vostedes están en contra das políticas do Partido Socialista Obreiro Español, non gobernen co Partido Socialista Obreiro Español en máis de cen concellos. (*Aplausos.*) Non o fagan, señorías. Non hai outra posibilidade, non o fagan.

Mire, señoría, saberán o que fan, pero creo que a coherencia política, incluídos os erros, é moi importante, e creo, lamentablemente, que vostede ten un problema de coherencia na súa exposición, moi a pesar seu. Pero o que non podemos é obviar que todo o que critican, cohabitan e cogobernan con el.

Señorías, claro que me preocupa, claro que me preocupa, señorías, ter un plantexamento sobre cada unha das cousas. Claro que me preocupa escoitar algunhas cousas, porque parece que en Galicia non hai memoria, e é importante que a haxa.

Mire, señor Vázquez, aquí hai ecos moi recentes dende fai uns minutos, ecos en contra do concurso eólico da Xunta de Galicia. Na sala de consellos tamén hai ecos, señorías. Hai ecos do seu boicot ao concurso eólico do mesmo Goberno do que formaba parte. Si, señoría, si, por iso é funda-

mental a coherencia. Non se pode dicir unha cousa e a contraria, porque temos memoria (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Galicia é un país intelixente e os galegos temos memoria, pódollo asegurar. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, as verdades da Lei de augas. Incentivo ao consumo responsable, vostede estará de acordo, foi o Consello de Medio Ambiente. O novo canon de auga dependerá do número de residentes na vivenda. Terá unha tarifa para familias numerosas, unha tarifa social, que beneficiará o 30% da poboación, e quedan liberados. Dígoos porque coñezo panfletos que creo que non respectan o pobo. Si, si, coñezo panfletos onde non se di que quedan liberados os usos agrícolas, os usos gandeiros e os usos forestais. E hai panfletos que din que lles imos cobrar pola auga, os pozos e as traídas veciñais, e eu lamento que intentemos enganar o pobo, porque non o merece. (*Aplausos.*) (*A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non o merece, señoría, non o merece. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio. Non ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, vostedes, a pesar de saber a urxencia desta lei, deixárona agochada nun caixón durante catro anos, pero atopamos o borrador. (*Interrupcións.*) Si, señoría, si, catro taxas; non unha, catro taxas, señoría. (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, señor Vázquez, podo mandarlle o borrador... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... que vostede deixou na consellaría. Supoño... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O bo do traspaso de poderes é que ás veces quedan papeis. (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, a taxa de abdución, a taxa de depuración, a taxa de tratamento e o xuro ecolóxico sobre a auga, catro taxas. Pero aínda non conformes con isto, permítanme que lles recorde a emenda número 142 que presentaron ao proxecto de lei que agora di vostede que hai que derrogar. A emenda 142 do Partido Socialista Obreiro Español propón... (*A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego –perdón presidente–, chámoo á orde por primeira vez.

Siga, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Digo que a emenda número 142 do Partido Socialista, desta última lei, propón multas de ata 30.000 euros –tome nota– por falta de contadores e mesmo pola falta de legalización dos pozos. (*Interrupcións.*) (*A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Comprendo o nerviosismo da portavoz de Medio Ambiente. Compróbe este dato, señoría. (*Aplausos.*)

Señoría, en materia de administración hidráulica estamos facendo unha obra cada tres días. Nos investimentos en infraestruturas hidráulicas... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Perdoe, presidente. Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... levamos investido 104 millóns de euros no ano 2009, 98 millóns de euros no ano 2010. Vostede sabe igual ca min que para a depuradora de Vigo, a depuradora máis grande, que estamos a punto de ser multados pola Unión Europea por non ter a ría de Vigo como corresponde, vostede deixou 5 millóns de euros. Sabe que nós tivemos que poñer 104

millóns de euros. *(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, chámola á orde por segunda vez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, como o que digo está no *Boletín Oficial do Estado*, non ten ningún problema. Está licitada a depuradora de Vigo, ¡por fin!, e só depende a adxudicación de que o Ministerio de Medio Rural, Medio Ambiente e Medio Mariño a adxudique. A Xunta, por fin, cumpriu coa ría de Vigo e con Vigo, señoría. *(Aplausos.)*

Señoría, di vostede que está en contra das fórmulas de financiamento público-privado, e engade: salvo para as infraestruturas. É dicir, hai que salvar –como é natural– a última decisión. Os 6.000 millóns de euros do AVE vostede está a favor, pero licitar un hospital por 350, en contra. *(Interrupcións.)* Un edificio non é unha infraestrutura. Mire, señoría, un edificio non é unha infraestrutura, ¿desde cando, señoría? Imos facer o hospital e Vigo en plena crise económica, señoría. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, vostede faime unha serie de preguntas e eu intentarei respondelas con todo rigor. Fálame vostede, señoría, de se estaríamos de acordo en establecer unha ponencia para a política agraria común e a pesca. Intentámolo, señoría, pero non foi posible, por iso a pactamos por unanimidade co Consello Galego de Pesca, e está en Bruxelas. Pero, se vostede quere o documento pactado por unanimidade co Consello Galego de Pesca, reiterámosllo; e se vostede quere ampliar algo... Non, se o intentamos, señoría, pero dígolle que non foi posible. ¿Pero non se dá conta de que non lle pasan os datos correctamente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, señoría, vólvollo reiterar, intentámolo, non foi posible e pactamos por unanimidade co sector.

Mire, señoría, hai unha cousa que quero deixar clara: o copago. Señoría, vostedes na Lei estatal de dependencia consolidan o copago –señor Vázquez, isto é moi importante, seguro que lle interesa–. Na Lei de dependencia estatal, esa que non financian, vostedes confirman o copago dos servizos, ¡ah!, por obriga. *(Murmurios.)* No consorcio que se fixo aquí no Goberno bipartito, en lóxica correspondencia tamén establecían o copago para as prestacións sociais. Polo tanto,

señoría, o copago xa existe, os activos pagamos o 40% dos fármacos. Pero, ¿sabe unha cousa?, dende que recorreron o catálogo, os activos en Galicia pagamos máis, porque nos fan pagar os medicamentos máis caros; o primeiro copago é o seu, señor Vázquez. *(Aplausos.)* Si, señor, si, é o seu. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, estamos facendo todo o posible, incluso enemistándonos con algúns intereses empresariais lexítimos, pero estamos intentando manter a viabilidade do sistema sanitario público a través dun catálogo de medicamentos de marca ou xenéricos de menor prezo. Esa é a mellor fórmula para evitar que alguén veña e diga outra cousa. O que si lle podo asegurar, señoría, é que vostede acaba de dicir na tribuna unha cousa moi seria: xenéricos si, estamos de acordo. ¿E por que vostede deixou os xenéricos no Goberno do bipartito no 9%? Nós nunca, non. O Goberno do bipartito o 9,2% exactamente, neste momento están no 30%. ¿Estamos de acordo ou non estamos de acordo?

Señoría, ¿sabe que hai dous catálogos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como aquí hai médicos que coñecen o Servizo de Saúde e o Sistema Nacional de Saúde non me deixarán mentir se digo que nas miñas responsabilidades anteriores por primeira vez obrigamos a fabricar, e sobre todo a comercializar, xenéricos en España. Si, señor, si, non había xenéricos no ano 1996. Puxemos xenéricos, aprobámoslos na Axencia Española do Medicamento, aprobamos os prezos de referencia e agora os ministros progresistas pactan coa industria unha vacatio de tres anos para seguir facendo beneficios. *(Aplausos.)* Si, si, si. *(Aplausos.)*

Señoría, imos falar, porque creo, señor Vázquez, que se vostede realmente quere... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... cumprir os compromisos dos xenéricos podemos atoparnos, e sería moi bo saír deste debate con ese compromiso. Mire, hai dous tipos de catálogo: o legal, o que aprobamos por lei, con luz e taquígrafos, a resposta do pobo galego ante un problema, a resposta responsable, que foi a pactada cos nacionalistas; e outro catálogo, o clandestino. O catálogo clandestino, vostede que se refire a Andalucía, ¿sabe vostede que hai un catálogo en Andalucía, informático, que lles

impide aos médicos receitar os medicamentos que non sexan xenéricos ou prezos de referencia? ¿Sábeo, señor Vázquez? Por iso Andalucía ten tanta porcentaxe de xenéricos, porque ten un catálogo, efectivamente, similar ao noso, o que ocorre é que o noso aprobámolo por lei, e en Andalucía o Partido Socialista aprobao a través dun sistema similar –supoño– aos ERE da Consellería de Traballo. *(Interrupcións.)* *(Aplausos.)* Supoño. Si, señoría, si. *(Aplausos.)*

Señoría, preguntame vostede se imos repoiar a gratuidade dos libros de texto para os que non a necesitan: non. Comprendo que en época electoral podería dicir aquilo de: veremos. Non, señoría, non o imos facer porque non o considero razoable nin o considero neste momento ético. Que neste momento en Galicia se lle dean libros de texto gratis, con independencia da renda, a todos os galegos, non me parece ético. *(Aplausos.)* E por iso, señoría, temos diñeiro –iso si– para pagarlles a máis de 55.500 familias os libros de texto con distinta graduación na subvención; e iso supón o 64%, non o cen por cento. Non o imos facer, señoría, síntoo. Pero, mire, se a lexislatura aguanta un ano máis, estea preparado polas cousas que vai facer o Partido Socialista Obreiro Español, estea preparado; espere a que tomen posesión os presidentes autonómicos do Partido Socialista, as cousas que van facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Supoño, señor Vázquez, que a algún haberá que gañar. *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por suposto, señoría, supoño. Eu creo que é bo para a democracia. Por iso nas comunidades onde levan trinta e pico anos gobernando sería bo un cambio, señoría. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero vostedes non teñen problema, señoría, porque... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... non necesitan ganar, como é sabido, o único que necesitan é que o que gane non governe. A vostedes, con perder, xa lles vale para ganar.

Señoría, imos finalizar, se lles parece, simplemente con algunha reflexión. *(Interrupcións.)* Non, non, é moi importante, señoría. *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Por favor, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É moi importante para mandar unha mensaxe ao sistema financeiro galego. Si, si, é moi importante.

Mire, Novacaixagalicia fixo un saneamento do 122% da perda esperada; Cataluña Caixa, cos datos publicados, só o 64%. Iso é moi importante. A pregunta é que a nós nos baixaron catro puntos do *core capital*, porque a nós nos plantexaron un 122% da perda esperada. Si, señoría, si, pois se queremos parar, creo que non vale a pena estar falando de broma do tema das caixas e dicir que despois da fusión quedamos de últimos. ¿De últimos en que ranking? ¿No inventado no mes de xaneiro ou no mes de decembro, onde pasamos os test de estrés e outras caixas non pasaron os tes de estrés? *(Aplausos.)* ¿Cal é o ranking, señoría? *(Aplausos.)* Señoría, teño aquí o ranking –cando queira, doullo– por saneamento das caixas en España; cando queira, teno á súa disposición.

Mire, señoría, imos finalizar. Pódolle asegurar que intentamos, sen ningunha dúbida, estar á altura das circunstancias. E pódolle asegurar tamén que con vostede é posible ir máis rápido, e con vostede, señor Aymerich, tamén, pero é evidente que vostedes teñen unha teima que empeza por r: recortar e recorrer. Recortar as políticas sociais e despois dicir que a Xunta tamén o fai, e recorrer as decisións desta Cámara, que son responsables e que se adoptan xustamente para non ter que recortar.

Señoría, eu comprendo que cada un ten unha forma de entender a vida, eu voulle explicar a miña. A nosa postura en relación co Goberno central... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... pode sintetizarse nunha frase: Galicia non ten amigos nin inimigos permanentes, ten intereses permanentes. Iso é –creo– o que deberíamos de compartir. Se estamos de acordo, facémolo, e, se non estamos de acordo, que cada un defenda os intereses galegos como considere oportuno. Nós ímolo seguir facendo.

E xa lle digo, señor Vázquez, que vostede é o líder do Partido Socialista Obreiro Español, non o delegado do

Goberno. O delegado do Goberno parece ser que xa está a punto de tomar posesión. Polo tanto, creo que sería bo que actúe como líder do Partido Socialista Obreiro Español. O delegado do Goberno é outra cousa.

Remato, señorías, simplemente recordándolles que os compromisos que adoptamos esta mañá se refiren claramente a unha serie de eidos. Dixen que intentaríamos aprobar unha serie de leis. No que levamos de lexislatura, levamos aprobados 23 proxectos de lei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ao final da lexislatura confirmamos e intentamos traer a este Parlamento 35 proxectos de lei. Trinta e cinco proxectos de lei que falan da modernización da Administración pública: a Lei de finanzas, a Lei da función pública e a Lei da Xunta e da súa Presidencia. Proxectos de lei que falan do desenvolvemento do noso territorio e da nosa economía: a Lei de mobilidade de terras, a Lei de montes, a Lei de acuicultura, a Lei do turismo, a Lei de estradas, a Lei do solo e a Lei de vivenda. Tamén no ámbito da cultura: a Lei do deporte, a Lei das bibliotecas, a Lei do patrimonio cultural. E espero poder chegar a un acordo na ponencia parlamentaria para a reforma da Lei da Compañía da Radio-Televisión Galega. E tamén intentaremos traer a esta Cámara, antes de finalizar esta lexislatura, a Lei de convivencia e participación, a Lei de universidades, a Lei de garantía de prestacións sanitarias, a Lei de apoio ás familias, a Lei do voluntariado e a Lei da xuventude. *(Aplausos.)*

Señorías, gobernar esixe traballar con realismo e con inconformismo. Pódolles asegurar que intento facelo con realismo e con inconformismo. Por suposto que a min, ao meu Goberno, e a vostedes seguro que tamén, gustaríanos ter feito moito máis neste tempo. Na situación máis difícil que tomou posesión un goberno en Galicia en trinta anos de autonomía, hoxe comparecemos para explicar o noso balance. Na loita están os galegos, e cos galegos sen dúbida ten que estar este Parlamento, e o Goberno estará.

Vostedes téñenme criticado por algo do que teñen razón. Téñenme criticado porque son previsible, por iso plantexamos un plan estratéxico para a economía ata o ano 2014, horizonte 2020. Son previsible e non imos dar nunca sorpresas con gastos que despois lles temos que deixar aos gobernos seguintes. Somos previsibles e temos os mesmos criterios desde o principio: a planificación, o rigor, a austeridade, dicir a verdade e xestionar a realidade.

Sen dúbida queda moito por facer. Propúxenlle cinco cuestións nas que podemos seguir traballando: a disciplina orzamentaria. Señor Vázquez, creo que vostede debería de apoiar esa lei, porque probablemente o Goberno e o partido do que depende terá que adoptar medidas xa pactadas na Unión Europea. No futuro financeiro creo realmente que non debemos negarnos nós mesmos a posibilidade que ten Galicia para seguir contando cunha entidade primeiro solvente e despois galega, por esta orde. No territorio debemos de seguir completando as desigualdades e a desorde no ámbito da organización territorial. No financiamento autonómico creo que ben vale a pena traballar na comisión bilateral para acreditar ante o Goberno de España que teñen mal feitas as contas e que Galicia é acreedora de 805 millóns de euros, sen modificar nada o acordo de financiamento acordado para as comunidades autónomas. *(Aplausos.)* E na estratexia económica seguiremos apoiando un a un cada un dos sectores produtivos, seguiremos na mesa do diálogo social e intentaremos abrírnos a novos mercados a través da internacionalización das nosas empresas.

Son retos de país que necesitan un gran acordo de país. Eu sigo poñendo as cinco cuestións á súa disposición. Todos os que estamos aquí pasaremos, estou convencido. Trallemos, porque a permanencia do país con oportunidades é o único obxectivo que temos os 75 membros da Cámara. Ninguén nos vai pedir proezas nin milagres, o que nos esixen é o compromiso, o servizo ao país, por iso vos proponho a todos, señoras e señores deputados, facelo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(O señor Aymerich Cano pide a palabra.)

Si, señor Aymerich.

(O señor Aymerich Cano pronuncia palabras que non se perciben.)

Déanlle voz ao escano do señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Non é para reabrir ningún debate. Simplemente para informar que nada máis lonxe da vontade deste portavoz que comparar situacións que xa

dixen que, afortunadamente, non son equiparábeis. En todo caso, xa lle comuniquéi á presidenta antes da súa intervención, en canto rematei, por se son mal interpretadas, que retire esas referencias do *Diario de Sesións*.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Antes de levantar a sesión quero informar as súas señorías de que os grupos parlamentarios poden presentar pro-

postas de resolución ata as dez trinta horas de mañá mércores, día 16, no Rexistro Xeral da Cámara. Posteriormente a Mesa, ás doce horas, procederá á cualificación e distribución aos grupos de todas as propostas admitidas.

Suspéndese a sesión ata mañá ás dezoito horas.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás nove e seis minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Álvarez Chao, Emma	(PP)
4.- Arias Veira, Pedro	(PP)
5.- Aymerich Cano, Carlos	(BNG)
6.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
7.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
8.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
9.- Barcón Sánchez, Mar	(PSdeG-PSOE)
10.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
11.- Blanco Alvarez, Fernando Xabier	(BNG)
12.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
13.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
14.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PSdeG-PSOE)
15.- Caride Estévez, María José	(PSdeG-PSOE)
16.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	(PSdeG-PSOE)
18.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo	(PP)
19.- Díaz Lugilde, Yolanda	(PP)
20.- Díaz Pardo, Angeles	(PP)
21.- Escribano Rodríguez, Javier	(PP)
22.- Fernández Fernández, Rosendo	(PP)
23.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PSdeG-PSOE)
24.- Fervenza Costas, José	(PP)
25.- Fraga Santos, Silvia	(PSdeG-PSOE)
26.- Francisco Rivera, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
27.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
28.- Gallego Lomba, Manuel	(PSdeG-PSOE)
29.- García López, José Antonio	(PP)
30.- García Pacín, Isabel	(PP)
31.- Goldar Güimil, Jesús	(PP)
32.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
33.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Campos, José Carlos	(PP)
36.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
37.- López Vidal, Pablo Xavier	(PSdeG-PSOE)
38.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
39.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
40.- Meijón Couselo, Guillermo	(PSdeG-PSOE)
41.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
42.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
43.- Novoa López, Enrique	(PP)
44.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
45.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
48.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
49.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
50.- Prado del Río, Paula	(PP)
51.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
52.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
53.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
54.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
55.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
56.- Rodríguez González, Román	(PP)
57.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
58.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
59.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Seoane Romero, María	(PP)
64.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
65.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Táboas Veleiro, Teresa	(BNG)
69.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
70.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
71.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	(PP)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
74.- Verdes Gil, Sonia	(PSdeG-PSOE)
75.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25